13.20 14.10					
13:20 14:10	Músic/Bio 3º ESO Patricia/ José Luis				
14:10 15:00	Inglés 2º ESO 1 Sonia				
15.00 16.00	Inglés 6ºEP Helena				

1.5-HORARIOS GRUPOS ESO

1º ESO					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 10:20	Titoría 1º Elena 1º ESO	E.F. Javier Ximnasio	X e H Víctor 1º ESO	Tecnoloxía e Dixitalización Eliseo Tecno	Bioloxía José Luis 1º ESO
10:20 11:10	Inglés Sonia 1º ESO	Castelá Carlota 1º ESO Desd. Castelá 1º Elena Desdobre 1	Castelá Carlota 1º ESO Desd. Castelá 1º Elena Desdobre 1	Castelá Carlota 1º ESO Desd. Castelá 1º Elena Desdobre 1	Inglés Sonia 1º ESO
11:10 12:00	Galego Elena 1º ESO	Matemáticas Brais 1º ESO Desd. Matemáticas 1º Bárbara Desdobre 2	Matemáticas Brais 1º ESO Desd. Matemáticas 1º Bárbara Desdobre 2	Matemáticas Brais 1º ESO Desd. Matemáticas 1º Bárbara Desdobre 2	Portugués Dores 1º ESO Exentos Portugués 1º Elena Desdobre 2
12:00 12:30	recreo	recreo	recreo	recreo	recreo
12:30 13:20	Plástica Eliseo Plástica	X e H Víctor 1º ESO	Plástica Eliseo Plástica	Bioloxía José Luis 1º ESO	X e H Víctor 1º ESO
13:20 14:10	Matemáticas Brais 1º ESO Desd. Matemáticas 1º Bárbara Desdobre 2	Relixión Marisé 1º ESO Proxecto Competencial Sandra INFO 2	Speaking 1º Sonia 1º ESO	Galego Elena 1º ESO	Tecnoloxía e Dixitalización Eliseo Tecno
14:10 15:00	Portugués Dores 1º ESO Exentos Portugués 1º Elena Desdobre 2	Tecnoloxía e Dixitalización Eliseo Tecno	E.F. Javier Ximnasio	Inglés Sonia 1º ESO	Galego Elena 1º ESO
16:30 17:20	E.F. Javier Ximnasio				
17:20 18:10	Bioloxía José Luis 1º ESO				

2º ESO					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 10:20	Fe Q Bárbara <i>Laboratorio</i>	Matemáticas Braís Desd. Matemáticas 2º José Luis <i>Desdobre 2</i>	Castelá Carlota Desd. Elena <i>Desdobre 1</i>	E.F. Javier <i>Ximnasio</i>	Portugués Dores Exentos Portugués 2º Javier <i>Desdobre 2</i>
10:20 11:10	Galego Elena <i>2º ESO</i>	Portugués Dores Exentos Portugués 2º Javier <i>Desdobre 2</i>	Matemáticas Braís Desd. Matemáticas 2º José Luis <i>Desdobre 2</i>	Inglés 1 Sonia X.H 2 Víctor <i>Info 2</i>	Matemáticas Braís Desd. Matemáticas 2º José Luis <i>Desdobre 2</i>
11:10 12:00	Música Patricia <i>Aula de música</i>	Tecnoloxía e Dixitalización Eliseo <i>Tecno</i>	Inglés 2 Sonia X. H 1 Víctor <i>Info 2</i>	Tecnoloxía e Dixitalización Eliseo <i>Tecno</i>	Inglés 2 Sonia X. H 1 Víctor <i>Info 2</i>
12:00 12:30	recreo	recreo	recreo	recreo	recreo
12:30 13:20	Castelá Carlota Desd. Castelá 2º Elena <i>Desdobre 1</i>	Relixión Marisé Proxecto Competencial José Luis <i>Desdobre 1</i>	E.F. Javier <i>Ximnasio</i>	Música Patricia <i>Aula de música</i>	Galego Elena <i>2º ESO</i>
13:20 14:10	Inglés 1 Sonia X.H 2 Víctor <i>Info 2</i>	Inglés 1 Sonia X.H 2 Víctor <i>Info 2</i>	Fe Q Bárbara <i>Laboratorio</i>	Fe Q Bárbara <i>Laboratorio</i>	Castelá Carlota Desd. Castelá 2º Elena <i>Desdobre 1</i>
14:10 15:00	Inglés 2 Sonia X. H 1 Víctor <i>Info 2</i>	Música Patricia <i>Aula de música</i>	Tecnoloxía e Dixitalización Eliseo <i>Tecno</i>	Galego Elena <i>2º ESO</i>	Titoría 2º Víctor <i>2º ESO</i>
16:30 17:20	Matemáticas Braís Desd. Matemáticas 2º José Luis <i>Desdobre 2</i>				
17:20 18:10	E.F. Javier <i>Ximnasio</i>				

3º ESO					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 10:20	Inglés Sonia 3º ESO	X. H 1 Sandra INFO 2 Castelá 2 Carlota 3º ESO	Matemáticas Brais 3º ESO	Cultura Financiera Víctor 3º ESO Portugués Dores Info 1	X. H 1 Sandra INFO 2 Castelá 2 Carlota 3º ESO
10:20 11:10	Plástica Eliseo Plástica	Matemáticas Brais 3º ESO	Cultura Financiera Víctor 3º ESO Portugués Dores Info 1	Bioloxía 3º D.1 José Luis 3º ESO Música 3º D.2 Patricia Aula de música	Galego Dores 3º ESO
11:10 12:00	Castelá 1 Carlota 3º ESO X.H 2 Sandra Info 2	Relixión Marisé 3º ESO Proxecto Competencial Javier Desdobre 1	Valores Javier 3º ESO	Castelá 1 Carlota 3º ESO X.H 2 Sandra Info 2	Bioloxía 3º D.2 José Luis 3º ESO Música 3º D.1 Patricia Aula de música
12:00 12:30	recreo	recreo	recreo	recreo	recreo
12:30 13:20	E.F. Javier Ximnasio	Inglés Sonia 3º ESO	Castelá 1 Carlota 3º ESO X.H 2 Sandra Info 2	F e Q Bárbara Laboratorio	E.F. Javier Ximnasio
13:20 14:10	Bioloxía 3º D.1 José Luis 3º ESO Música 3º D.2 Patricia Aula de música	Galego Dores 3º ESO	Bioloxía 3º D.2 José Luis 3º ESO Música 3º D.1 Patricia Aula de música	Inglés Sonia 3º ESO	Matemáticas Brais 3º ESO
14:10 15:00	Titoría 3º Javier 3º ESO	F e Q Bárbara Laboratorio	X. H 1 Sandra INFO 2 Castelá 2 Carlota 3º ESO	Galego Dores 3º ESO	Plástica Eliseo Plástica
16:30 17:20	Cultura Financiera Victor 3º ESO Portugués Dores Info 1				
17:20 18:10	Matemáticas Brais 3º ESO				

4º ESO					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 10:20	X e H Sandra <i>Info 2</i>	Tecnoloxía Eliseo <i>Tecno</i>	Galego Dores <i>4ºESO</i>	Matemáticas B Brais <i>4ºESO</i> Matemáticas A Bárbara <i>Desdobre 1</i>	Inglés Sonia <i>4ºESO</i>
10:20 11:10	Música Patricia <i>Aula de música</i>	Bioloxía José Luis <i>4ºESO</i> Economía e Emprendemento Victor <i>Info 1</i>	Inglés Sonia <i>4ºESO</i>	E.F. Javier <i>Ximnasio</i>	Dixitalización Eliseo <i>Info 1</i> F e Q Bárbara <i>Laboratorio</i>
11:10 12:00	Dixitalización Eliseo <i>Info 1</i> F e Q Bárbara <i>Laboratorio</i>	Castelá Carlota <i>4ºESO</i>	Tecnoloxía Eliseo <i>Tecno</i>	Bioloxía José Luis <i>4ºESO</i> Economía e Emprendemento Victor <i>Info 1</i>	Matemáticas B Brais <i>4ºESO</i> Matemáticas A Bárbara <i>Desdobre 1</i>
12:00 12:30	recreo	recreo	recreo	recreo	recreo
12:30 13:20	Bioloxía José Luis <i>4ºESO</i> Economía e Emprendemento Victor <i>Info 1</i>	Dixitalización Eliseo <i>Info 1</i> F e Q Bárbara <i>Laboratorio</i>	Matemáticas B Brais <i>4ºESO</i> Matemáticas A Bárbara <i>Desdobre 1</i>	Inglés Sonia <i>4ºESO</i>	Tecnoloxía Eliseo <i>Tecno</i>
13:20 14:10	Castelá Carlota <i>4ºESO</i>	Música Patricia <i>Aula de música</i>	X e H Sandra <i>Info 2</i>	Galego Dores <i>4ºESO</i>	E.F. Javier <i>Ximnasio</i>
14:10 15:00	Matemáticas B Brais <i>4ºESO</i> Matemáticas A Bárbara <i>Desdobre 1</i>	Relixión Marisé <i>4ºESO</i> Proxecto Competencial Victor <i>Info 1</i>	Música Patricia <i>Aula de música</i>	X e H Sandra <i>Info 2</i>	Castelá Carlota <i>4ºESO</i>
16:30 17:20	Titoría 4º Carlota <i>4ºESO</i>				
17:20 18:10	Galego Dores <i>4ºESO</i>				

1.6 GARDAS

GARDA DE AULA					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 10:20	Patricia	Víctor	Sonia	Carlota	Bárbara
10:20 11:10	Bárbara	Sandra	Noemí	Brais	Javier Víctor
11:10 12:00	Sonia	Sandra Elena	Elena Dores	Sonia Javier	Carlota
	recreo	recreo	recreo	recreo	recreo
12:30 13:20	Bárbara	Patricia	José Luis	Dores	Carlota
13:20 14:10	Javier	Bárbara	Javier Carlota	José Luis	Víctor
14:10 15:00	José Luis	Noemí	José Luis	Raquel	Javier
	mediodía	mediodía	mediodía	mediodía	mediodía
16:30 17:20	Sandra				
17:20 18:10	Víctor				



CURSO 2023-24

GARDA TRANSPORTE (9:15-9:30)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Bárbara	Carlota	Brais	Víctor	Javier
Patricia	José Luis	Noemí	Raquel	Sonia

GARDA RECREO E BIBLIOTECA (12:00-12:30)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Elena	José Luis	Carlota	Bárbara	Brais
Noemí	Sonia	Javier	Raquel	Víctor
(B) Sandra	(B) Dores	(B) Dores	(B) Patricia	(B) Elena

Luns 18:10-18:25 Sandra (Garda transporte)

1.7.- PAS.**FUNCIÓNS DO PERSOAL LABORAL DE COCIÑA DO SERVIZO DE
COMEDOR ESCOLAR**

Para as funcións do persoal laboral de cociña seguirase o establecido no artigo 2.5 da Instrución 1/2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 30 de maio, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2016-2017.

En dito artigo, relativo ao persoal laboral de cociña do servizo de comedor escolar exponse:

Este persoal desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto/132/2013 en relación ao artigo 9.1 da Orde do 21 de febreiro de 2007. Primordialmente encargaranse da comprobación das materias primas requiridas e a elaboración dos menús, o servizo de atención ás mesas dos usuarios e a limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar.

A continuación exponse tanto o artigo 9 do Decreto/132/2013, coma o artigo 9.1 da Orde do 21 de febreiro de 2007, no que se establecen as funcións do persoal laboral de cociña do servizo de comedor escolar.

DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Artigo 9. Persoas con responsabilidades na organización do comedor escolar, persoal de cociña e persoas que colaboran na atención aos alumnos comensais nos comedores xestionados pola consellería competente en materia de educación

1. Os labores dos directores e encargados de comedor, así como das persoas que colaboran na atención aos alumnos comensais, e a fixación do número destes últimos determinaranse na normativa de desenvolvemento deste decreto.

O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros, que asuma responsabilidades na organización dos comedores escolares e na atención ao alumnado usuario do comedor, terá dereito a unha compensación económica, que será aboada en función dos días da súa asistencia efectiva ao comedor.

2. O persoal laboral de cociña nos comedores escolares xestionados directamente pola consellería con competencias en materia de educación estará integrado por oficiais de 2ª de cociña e axudantes de cociña. As súas funcións e o seu número, en función da categoría do comedor, determinaranse na normativa de desenvolvemento deste decreto.

Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 9º.-Persoal laboral do servizo de comedor escolar.

1.- Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordes coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:

- Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
- Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- Informar o encargado do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo.
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais.
- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

**HORARIOS DO PERSOAL LABORAL DE COCIÑA DO SERVIZO DE
COMEDOR ESCOLAR**

Adrián Orge Vecino, M^a Dolores García Rey, Trinidad Botana Mosquera (Persoal comedor)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	09:00	09:00	09:00	09:00	09:00
Saída pola tarde	16:30	16:30	16:30	16:30	16:30

**HORARIOS DO PERSOAL LABORAL NON DOCENTE (COIDADORA,
CONSERXE E ADMINISTRATIVO)**

Quindimil Núñez, José Manuel (Conserxe)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	08:30	08:30	08:30	08:30	08:30
Saída pola mañá	14:30	14:30	14:30	14:30	14:30
Entrada pola tarde	15:00	15:00	15:00	15:00	15:00
Saída pola tarde	16:30	16:30	16:30	16:30	16:30

Priegue Requena, Iván (Administrativo)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	09:00	09:00	09:00	09:00	09:00
Saída pola tarde	16:30	16:30	16:30	16:30	16:30

Capítulo III

Documento nº5. Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares

Neste documento preséntase a programación de actividades complementarias e extraescolares para o curso académico 2023/2024 para o CPI de Xanceda.

Son actividades **complementarias** aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

As actividades **extraescolares** son as que, organizadas polo Centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc, e figurando na PXA, se realizan fóra do horario lectivo.

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores legais sempre que se desenvolvan fóra da localidade.

As actividades que se recollen nesta programación son soamente propostas e a súa realización dependerá da organización do centro, da dispoñibilidade de tempo e da decisión dos distintos departamentos e titorías de facelas ou non.

Hai saídas que neste momento é difícil prever polo que as que non estean neste documento deberán seguir o procedemento que figura no NOF.

O coordinador de actividades complementarias e extraescolares será Josefa Amadora Blanco Álvarez, titora de 6º curso de Primaria

Como actividade extraescolar de centro, ao finalizar o curso, o alumnado de 4º ESO, realizará unha saída cultural dun máximo dunha semana. A previsión da actividade é realizala ou no período que comprende as dúas últimas semanas de curso, ou na semana anterior ou posterior á Semana Santa, coincidindo co remate do segundo trimestre, ou incluso no mes de maio, dependendo do custo da viaxe, con previa autorización das

familias. O destino está por determinar, dependerá do presuposto da viaxe e das actividades didácticas que se poidan realizar na excursión, así como do profesorado acompañante.

O alumnado de 6º de Primaria, ao igual que o curso pasado, se é posible, tamén terá unha viaxe de fin de etapa, con destino aínda por determinar e con duración entre 3 e 4 días.

PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Neste documento recóllese as contribucións que cada titor/a e profesor/a especialista das tres etapas que conforman o CPI de Xanceda (Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria), teñen programado para este curso 2023/24.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente.”

Por outra banda, a *ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, fai mención no seu Artigo 8 das conmemoracións que se deben celebrar como mínimo ademais das vinculadas cos períodos vacacionais: Magosto/Samaín/Halloween, Nadal, Entroido e fin de curso, que son actividades de carácter xeral e serán levadas a cabo coa implicación de todo o claustro. Ademais buscarase a implicación das familias nas tarefas que se estimen oportunas.

Cómpre dicir que todas estas actividades poderán ser realizarse en coordinación cos outros equipos do centro escolar.

O coordinador das actividades complementarias e extraescolares encargarse da tramitación das mesmas, unha vez recibida a solicitude do profesorado en canto á saída proposta.

Sería desexable levar a cabo unha avaliación das actividades que se desempeñen nos diferentes niveis ao longo do ano escolar. Dita autoavaliación cumprimentarase nunha ficha de avaliación das actividades, co fin de detectar e corrixir deficiencias e afondar nos logros para os vindeiros anos escolares.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2023-2024- INFANTIL E PRIMARIA

4º-5º INFANTIL

- Os cursos de 4º e 5º de Infantil participarán en todas as actividades e celebracións programadas e reflectidas na PXA así como no resto das conmemoracións sinaladas no calendario escolar, adaptando ao noso alumnado as propostas dos equipos didácticos do centro.
- Propoñemos tres saídas didácticas, unha por trimestre, aínda sen determinar, así como a posibilidade de facer algunha máis que poida xurdir. Á hora de concretar estas saídas, teremos en conta a axenda cultural para facer as que consideremos máis axeitadas e de maior interese pedagóxico para o noso alumnado.
- Tamén faremos algunha pequena saída para coñecer a contorna máis próxima (contamos xa cunha autorización xeral asinada polas familias)

En todo caso, informaremos previamente ás familias e contaremos coa súa autorización por escrito.

Ademáis, pensamos organizar algunha sesión de talleres ou obradoiros abertos ás familias con todo o alumnado do ciclo, para favorecer o traballo cooperativo e a relación familia-escola.

6º INFANTIL

CONTRIBUCIÓN ÁS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias e extraescolares son fundamentais para o desenvolvemento persoal de cada neno e nena.

A súa finalidade é a de colaborar coa educación completa dos alumnos a través de actividades que lle axudarán a desenvolver habilidades, socializar, ser máis creativos, aprender a traballar en equipo e medrar como persoas para lograr o éxito en todos os ámbitos da súa vida, desenvolvemento conceptos e adquirindo valores.

Deste modo, ao longo de todo o curso participaremos en todas aquelas actividades que se programen dende o centro (saídas, visitas, talleres coas familias...) así como todas e cada unha das conmemoracións fixadas no calendario escolar para este curso académico (Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Paz, Día Internacional da Muller, Día de Rosalía...).

Así mesmo, deixaremos aberto o calendario para incorporar aquelas outras actividades de interese que se poidan producir ao longo do curso.

1º PRIMARIA

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: as saídas didácticas plantexadas son no 1º e 2º trimestre as saídas ao auditorio propostas pola profesora de música que tamén nos serven para as áreas lingüísticas, nas que iremos ver musicais.

No 2º trimestre está plantexada unha saída ao acuario, relacionada coas áreas de ciencias naturais e ciencias sociais.

Finalmente no 3º trimestre está ideada unha excursión de fin de curso a unha granxa de apicultura, inicialmente en Arzúa pero exploramos varias posibilidades.

Tamén haberá diferentes saídas pola contorna nas que non se precisará autorización xa que se conta co papel de inicio de curso firmado polos titores legais.

2º PRIMARIA

Previsión de actividades complementarias e extraescolares

Durante o curso escolar faranse un mínimo de tres saídas, unha por trimestre deixando cabida a aquelas outras saídas que polo seu contido didáctico-pedagóxico poidan ser de interese.

3º PRIMARIA

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES- 3º EP

Ao longo do curso participaremos en todas aquelas actividades que poidan xurdir e que teñan interese educativo.

O grupo de 3º de EP participará nas actividades propostas polos distintos equipos e que sexan adecuadas ao nivel do grupo (equipo de biblioteca, EDNL...)

Procuraremos realizar unha saída por trimestre.

4º PRIMARIA

CONTRIBUCIÓN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante este curso participaremos nas celebracións de festas no Centro: Magosto, Entroido, Festa fin de curso etc, e as programadas polo equipo de actividades complementarias e extraescolares en colaboración co equipo da biblioteca e co de dinamización da Lingua Galega que consideremos oportunas ou axeitadas. Realizarase, cando menos, unha saída por trimestre.

Puntualmente, dende a aula tamén se organizaran saídas pola contorna próxima ao centro para investigar sobre a súa fauna e flora, os seus servizos, instalacións, casa da cultura... Así mesmo, fomentárase a participación das familias como expertos nas temáticas de investigación abordadas na aula.

5º PRIMARIA

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso participarase en todas aquelas actividades e saídas que poidan xurdir, teñan interese educativo e se consideren seguras para o alumnado, así como en aquelas que se organicen no Centro (Día da paz, Samaín, Entroido,...) programadas polo equipo de Actividades complementarias e extraescolares, en coordinación co equipo de biblioteca e o Equipo de dinamización lingüística , e as propostas polo Concello Cando menos realizarase unha saída por trimestre

6º PRIMARIA

CONTRIBUCIÓN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante este curso participaremos nas celebracións de festas no Centro: Magosto, Entroido, Festa fin de curso etc, e as programadas polo equipo de actividades complementarias e extraescolares en colaboración co equipo da biblioteca e co de dinamización da Lingua Galega que consideremos oportunas ou axeitadas. Realizarase, cando menos, unha saída por trimestre.

Puntualmente, dende a aula tamén se organizaran saídas pola contorna próxima ao centro para investigar sobre a súa fauna e flora, os seus servizos, instalacións, casa da cultura... Así mesmo, fomentárase a participación das familias como expertos nas temáticas de investigación abordadas na aula.

RELIXIÓN EP

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

En principio, aínda que se fixeron propostas, non hai nada definido pero as actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia de Relixión Católica poderían ser:

- Participación en talleres organizados polo Concello ou outros organismos,

relacionados con aspectos literarios e culturais.

- Visita bibliotecas, medios de comunicación, empresas nos que se desenvolvan labores relacionados cos contidos da área.
- Visita a museos, etc.

INGLÉS PRIMARIA

Actividades complementarias e extraescolares.

A programación é aberta e flexible para adaptarse ao contexto (alumnado, situación xeográfica do centro...) e ás distintas actividades complementarias e extraescolares promovidas, propostas e/ou organizadas dende a escola. Por ese motivo, inclúese na planificación festividades como Halloween (celebrada conxuntamente co Samáin), Chritmas, Carnival, Easter, etc. Ademais, as datas de obrigada conmemoración teranse en conta xunto coas excursións, visitas e festivais que se poidan presentar ao longo deste curso 2023-2024.

EDUCACIÓN FÍSICA INFANTIL E PRIMARIA

Como mestre de Educación Física teño unha implicación directa na organización de determinadas actividades e conmemoracións:

A programación queda aberta á posible realización de calquera actividade ou saída con carácter lúdico-deportivo que vaia xurdindo ao longo do curso.

Valoraremos o longo do curso as diversas opcións que vaian xurdindo para incluílas como por exemplo visitas de deportistas galegos o colexio, ver un entrenamiento ou partido do Obradoiro

MÚSICA PRIMARIA

Actividades complementarias e extraescolares.

Desenvolveranse actividades complementarias en función das necesidades do alumnado e dos contidos traballados. Poderanse realizar saídas a concertos didácticos como poden ser os propostos polo Auditorio de Galicia, Compostela Cultura, Real Filharmonía de Galicia en Santiago de Compostela ou Orquesta Sinfónica e Palacio da Ópera na Coruña.

Asistiremos tamén a outros concertos ou programaremos outras actividades en colaboración con músicos e/ou agrupacións alleas ao centro, en relación aos contidos traballados. Destacar tamén outras actividades formativas que poidan ser propostas dende as titorías , como saídas á contorna, excursión de fin de curso, visitas didácticas e culturais etc.

Realizaranse actividades complementarias en días en que a xornada escolar será reducida polo gallo das conmemoracións seguintes : Outubro (Magosto), Decembro (Nadal) , , Febreiro (Entroido), Maio (Letras Galegas) ou Xuño (Fin de Curso).

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS ESO

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. -

No momento da entrega da programación están aínda sen precisar. Non obstante, prevese facer actividades extraescolares cos diferentes niveis, co obxectivo de apoiar os criterios de avaliación, os contidos e as competencias.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

En relación coas actividades complementarias e extraescolares:

- O departamento formou parte da solicitude dun plan proxecta chamado “Mestres Gandeiros” e faremos parte de toda a análise numérica dos datos que se traballen nese proxecto se finalmente se lle concede a participación ao centro no citado proxecto.
- Con motivo da celebración da Semana da Ciencia en Galicia e para conmemorar no propio centro o día das matemáticas temos intención de organizar algunha actividade, como por exemplo, un concurso de fotografía matemática.
- Á marxe destas, deixamos aberta a posibilidade de participar nalgunha actividade ou visita a algún centro ou museo que poda resultar interesante dende o punto de vista matemático e dos cales o departamento teña noticia ó longo do curso a través dos medios ou por chegar información ó noso centro referente a elas.
- Así mesmo, se se nos require, prestaremos a nosa colaboración naquelas actividades desenvolvidas por outros departamentos didácticos, ou mesmo polo propio centro como posibles saídas o entorno.

- **.DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA**
- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

- **1er TRIMESTRE**

ACTIVIDADE	RUTA DE SENDERISMO POLA CONTORNA
FECHA	1º TRIMESTRE
GRUPOS	1º e 2º ESO / 3º e 4º ESO
B. CONTIDOS	Condición física e actividades no medio natural

- **2º TRIMESTRE**

ACTIVIDADE	VISITA A UN XIMNASIO DA ZONA
FECHA	2º TRIMESTRE
GRUPOS	4º ESO
B. CONTIDOS	Condición Física

ACTIVIDADE	SEMANA BRANCA
FECHA	2º TRIMESTRE
GRUPOS	1º,2º,3º,4º ESO
B. CONTIDOS	Actividades no medio natural

ACTIVIDADE	PATINAXE EN PISTA DE XEO
FECHA	2º TRIMESTRE.
GRUPOS	1º,2º,3º,4º ESO
B. CONTIDOS	Xogos e Deportes

- **3er TRIMESTRE**

ACTIVIDADE	ORIENTACIÓN NA CONTORNA
FECHA	3º TRIMESTRE

GRUPOS	1º,2º, 3º,4º ESO
B. CONTIDOS	Actividades no medio natural

ACTIVIDADE	DESCENSO DE RIO (RAFFTING)
FECHA	3º TRIMESTRE
GRUPOS	3º/ 4º ESO
B. CONTIDOS	Actividades no medio natural

ACTIVIDADE	MULTIAVENTURA
FECHA	3º TRIMESTRE
GRUPOS	1º/2º ESO
B. CONTIDOS	Actividades no medio natural

ACTIVIDADE	INICIACIÓN A VELA (CLUB NAUTICO DE CORUÑA)
FECHA	3º TRIMESTRE
GRUPOS	3º/4º ESO
B. CONTIDOS	Actividades no medio natural

ACTIVIDADE	ASISTIR COMO ESPECTADOR A UN PARTIDO DE FÚTBOL DO DEPORTIVO DA CORUÑA.
FECHA	2º ou 3º TRIMESTRE
GRUPOS	1º,2º,3º,4º, ESO Sortearanse as entradas concedidas entre os alumnos/as que quieran acudir como espectadores.

PROXECTO COMPETENCIAL

As actividades extraescolares previstas para esta materia estarán acordadas coas saídas que realicen os da materia de relixión. Debido a que son poucos alumnos/as

realizáremolas de acordo con outros departamentos ou tutorías. Se preven tres saídas correspondentes aos tres trimestres. Como son alumnos de diferentes cursos (1º, 2º, 3º e 4º) se promoverá o compañerismo, a solidariedade, a convivencia, o traballo grupal e o diálogo.

Polo tanto as saídas serán en contornas naturais ou en contornas culturais e lúdicas

EDUCACIÓN EN VALORES

As actividades extraescolares previstas para esta materia estarán acordeas coas saídas que realicen os da materia de relixión. Debido a que son poucos alumnos/as realizáremolas de acordo con outros departamentos ou tutorías. Se preven tres saídas correspondentes aos tres trimestres. Como son alumnos de diferentes cursos (1º, 2º, 3º e 4º) se promoverá o compañerismo, a solidariedade, a convivencia, o traballo grupal e o diálogo.

Polo tanto as saídas serán en contornas naturais ou en contornas culturais e lúdicas.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Desde o departamento de Lingua Galega e Literatura considérase a necesidade de realizar actividades que complementen o desenvolvemento e a formación íntegra do alumnado na súa dimensión humana e de cohesión social dentro do grupo. Para iso, estímase a participación do alumnado naquelas que se desenvolvan dentro ou fóra do centro escolar. Esas actividades son aquelas de coñecemento e reflexión sobre as realidades culturais propias e do contorno, como recollas de cultura tradicional, costumes, observación ou realización de traballos sobre a memoria histórica, así como aquelas que promovan o coñecemento doutras realidades que non sexan da contorna: museos, visitas guiadas, exposicións, obras de teatro, cinema, cursos de animación á lectura, fomento da sensibilidade artística, de defensa da natureza e medio ambiente, de respecto á integración, etc.

Algunhas das actividades extraescolares que se prevé realizar no presente curso son:

- Asistencia a representacións teatrais. As datas de realización destas saídas estarán determinadas pola programación ofertada polas organizacións. Para a escolla das representacións e a selección dos grupos de alumnado asistente terase en conta as características da obra representada, as idades para as que estea proposta e a relación co currículo da materia de cada curso.
- Participación en certames literarios convocados por diferentes entidades.
- Encontros con autoras/es de obras coñecidas polo alumnado.
- Obradoiros de escrita en diferentes xéneros.

- Actividades relacionadas co xornal dixital editado no centro: entrevistas, crónicas, traballos de investigación, crítica literaria ou de actividades culturais...
- Para o alumnado de Segunda Lingua Estranxeira Portugués, promoverase a asistencia a actividades culturais relacionadas co ámbito da lusofonía, como teatro, contacontos ou concertos. Se fose posible, contéplase a realización dunha viaxe ao norte de Portugal, para que entren en contacto directo coa lingua e a realidade do país veciño.
- Participación nas actividades propostas polo EDNL e a biblioteca do centro.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- **Actividades complementarias e extraescolares**

Durante o curso 2023/2024 poderanse levar a cabo actividades relacionadas coa asistencia a obras teatrais e que, a xuízo do departamento, resulten apropiadas.

As actividades que sexa posible desenvolver iranse planificando ao longo do curso e reflectiranse nas correspondentes actas de reunión do departamento. Así mesmo, promoverase a participación do alumnado nas actividades organizadas pola Biblioteca Escolar.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Actividades complementarias e extraescolares

- Se é posible, o alumnado asistirá a algunha representación teatral ou outras actividades culturais que traten sobre a cultura e da sociedade dos países de lingua inglesa.
- Promoverase calquera experiencia e actividade que procure o intercambio cultural en calquera aspecto con outros países, así como calquera actividade que se promova dende a Sección Bilingüe. Coa axuda do asistente de linguas, realizaranse diversas actividades para incentivar o uso da lingua estranxeira, como Yoga in English.
- Intentarase que os nosos grupos de ESO participen de novo no concurso europeo entre países non falantes de inglés The Big Challenge, baseado no coñecemento desta lingua e aspectos socioculturais.
- Todas as posibles actividades extraescolares faranse tratando de afectar o menos posible o ritmo normal das clases.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Actividades complementarias e extraescolares previstas polo Departamento de Física e Química

Hai un gran número de lugares interesantes que se poden visitar cos alumnos e alumnas para que se fagan unha idea da actividade científica e tecnolóxica do seu entorno. Estas visitas están pensadas tanto a industrias emblemáticas que tradicionalmente foron o soporte económico da zona como aquelas de nova incorporación. Así mesmo, son interesantes as visitas a museos con exposicións permanentes sobre áreas relacionadas coa temática da Ciencia e da Tecnoloxía. Por esta última razón, haberá visitas que se organizarán en coordinación e colaboración co Departamento de Tecnoloxía e o Departamento de Bioloxía.

Actividades complementarias programadas para 2º, 3º e 4º da ESO:

- Está prevista unha visita para 2º, 3º e 4º da ESO, falta confirmar a data, á **Casa das ciencias da Coruña e ó museo MUNCYT da coruña**.
- Está prevista unha visita a **fábrica de bioetanol de Teixeira**, falta confirmar a data, para os alumnos de 2º, 3º e 4º da ESO.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Proporase a realización das seguintes actividades:

- Taller sobre saúde mental, levada a cabo por un/ha especialista en Psiquiatría.
- Visita ós museos científicos da cidade da Coruña (Casa das Ciencias, Domus, Acuario, Museo de Ciencia e Tecnoloxía, ...).
- Visita ós Campus Universitarios do Sistema Galego de Universidades (Santiago, A Coruña e Vigo).
- Visita ós diversos Institutos de Investigación dos Complexos Hospitalarios de Galicia (como por exemplo o IDIS, de Santiago de Compostela).
- Realización dun tramo do Camiño de Santiago, para estudar a súa contorna medioambiental.
- Participación no programa Incrústate, do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña, en colaboración co Departamento de Física e Química.
- Participación no proxecto Climántica.

- Asistencia a charlas e coloquios de natureza científica nas facultades e campus do Sistema Universitario Galego (Santiago, A Coruña e Vigo)

- Visita á Estación Fitopatolóxica do Areiro, en Pontevedra.

- Excursión ó Parque Natural e Nacional de Doñana (Huelva).

- Excursión a algunhas das illas que conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas (Pontevedra e A Coruña).

- Visita a algunha fábrica do sector agroalimentario do país, como por exemplo a empresa “A Casa Grande de Xanceda”.

- Visita a algunha depuradora (EDAR) dos concellos da contorna do CPI, como a EDAR de Ordes.

- Excursión ó Parque Nacional de Picos de Europa e á costa asturiana (Asturias).

- Excursión a algún dos parques nacionais do estado español.

- Excursión e visita á Aula da Natureza do Courel, en Folgoso do Courel (Lugo).

- Excursión ó xacemento de Atapuerca e ó Museo da Evolución Humana (Burgos).

- Visita a algunha piscifactoría da contorna do centro ou de calquera outro punto da xeografía do país.

- Visita ós arredores naturais do centro e do concello, para coñecer máis a fondo a contorna medioambiental inmediata do alumnado.

Tratarase tamén de potenciar a participación do alumnado en todos aqueles proxectos científicos e de divulgación científica que as diversas entidades científicas do país (Consellaría, Ministerios, Hospitais, Centros de Investigación, etc.) propoñan ó longo do ano escolar.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O departamento de música ten previsto realizar as seguintes actividades

complementaria e extra escolares:

- Celebración do día de Santa Cecilia (patrona da música) para todos/as os/as alumnos/as

do centro. Concerto de diferentes estilos musicais e diferentes instrumentos.

O concerto será o día 22 de novembro.

- Sesións de percusión para o alumnado de 3º e 4º ESO.

- Celebración do día internacional da música coa actuación do alumnado de ESO.
- Saídas de interese musical como visitas a luthiers, exposicións, cine....
- Concerto de final de curso como despedida do alumnado de 4º. Para todo o alumnado do centro.

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2023-24

- Roteiro polas Fragas do Eume e visita ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Actividade para todo o alumnado de ESO.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS ESO

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA TECNOLOXÍA

1º ESO

Visita á carpintería Ramón García ou outra similar en canto a proceso produtivo (actividade proposta pendente de confirmar).

2º ESO e 4º ESO

Visita á fábrica de tellas “Verea” ou outra similar en canto a proceso produtivo (actividade proposta pendente de confirmar).

Estas visitas poden facerse tamén en conxunto con outros departamentos (exemplo, FQ)

DIXITALIZACIÓN 4º ESO

Para o presente curso prevese realizar visitas a algunha fábrica ou talleres do entorno que realicen actividades produtivas relacionadas cos contidos da materia. Así mesmo, organizarase toda aquela visita ou participaremos en actividades que, comunicadas dende a Vicedirección do centro, sexan consideradas de especial interese polo departamento. Todas estas actividades e, en especial se requiren de desprazamentos en medios de transporte, serán reflexadas na correspondente acta do departamento. Dende

o departamento tamén participaremos en todas as actividades culturais programadas polo centro ou por outros departamentos que sexan susceptibles de completarse con contido tecnolóxico. Valorarase a posibilidade de participar nalgún concurso relacionado coas novas tecnoloxías con outro alumnado da súa mesma idade.

Estas visitas poden realizarse en conxunto con outros departamentos (exemplo, FQ) e incluso levar varios cursos xuntos debido ao pouco alumnado de ESO existente no centro.

EPV

1º ESO e 3º ESO

Durante este curso non están previstas actividades fora do centro en horario lectivo ou fóra deste, aínda que o Departamento debe subliñar que se poderán levar a cabo calquera outras que de modo imprevisto poidan xurdir e que a xuízo do Departamento de Debuxo sexan un complemento educativo para o/a alumno/a.

ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA. PROGRAMACIÓN DO SERVIZO DE BIBLIOTECA.

A biblioteca está integrada nun centro de ensino situado nun contorno rural, polo que constitúe, xunto coa biblioteca municipal, un punto importante de acceso do alumnado á información e a cultura. Considérase fundamental, xa que logo, ofrecer todas as facilidades para que o alumnado incorpore aos seus hábitos o uso da biblioteca como lugar de procura de información e de lecer.

O equipo da biblioteca está formado polas seguintes docentes:

- M^a Dolores Díaz Rifón (coordinadora)
- Patricia Fernández García
- M^a Dolores Negreira Gerpe
- María Sanjurjo Moar
- Elena Vázquez Pérez

O horario de permanencia na biblioteca da coordinadora é o seguinte:

- Luns: de 12.30 a 14.10
- Martes: de 9.30 a 11.10 e de 12.30 a 13.20

- Xoves: de 10.20 a 11.10

O equipo de biblioteca tamén atende o alumnado nos recreos 11:10 a 11:40 (E. Primaria) e 12:00 a 12:30 (ESO). Durante estas gardas fanse os préstamos e devolucións, así como recomendacións de lecturas e películas. Ademais, celébrase unha reunión semanal do equipo de biblioteca os martes de 9.30 a 10.20.

OBXECTIVOS.

Á hora de levar a cabo estes obxectivos procurárase dar resposta ás necesidades do alumnado das diferentes etapas: Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

- Mantemento da Rede de Voluntariado da Biblioteca, con alumnado de ESO.
- Continuidade do programa de formación de usuarios, tanto para alumnado como profesorado.
- Fomento da formación das persoas integrantes do equipo de biblioteca.
- Coñecemento e utilización de recursos en rede en relación coas bibliotecas escolares: GaliciaLe, Elbe2.
- Colaboración co profesorado de E. Infantil e Primaria e todos os departamentos de ESO para a renovación e actualización de fondos.
- Colaboración coa biblioteca do Concello e coa Concellería de Cultura.
- Implicación das familias nalgunhas actividades propostas pola biblioteca.
- Colaboración e coordinación co Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística e tamén co departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Promoción de actividades enmarcadas no Plan Lector do centro.
- Promoción de actividades enmarcadas no Plan de Atención á Diversidade do centro.
- Utilización das actividades da biblioteca como ferramenta na alfabetización informacional do alumnado.
- Fomento da lectura nos períodos vacacionais e de lecer.
- Promoción da lectura en soporte dixital.
- Expurgo de elementos da colección.

CONTIDOS E ACTIVIDADES.

- Continuidade da rede de voluntariado, como instrumento para a implicación do alumnado no traballo da biblioteca.
- Formación de usuarios e usuarias por parte do alumnado voluntario.
- Utilización da canle de youtube existente no centro, con acceso a través da web do colexio, baixo a responsabilidade do alumnado voluntario, coordinado polo equipo de profesoras encargadas da biblioteca.
- Promoción da lectura en soporte dixital, co préstamo ao alumnado de libros electrónicos e difusión das plataformas de lectura GaliciaLe e Elbe2.
- Difusión das novas adquisicións de fondos, así como da variedade de títulos e obras esenciais a través do moble de novidades e de exposicións temporais, situado na entrada da biblioteca , ademais do blog da biblioteca.
- Selección e exposición de lecturas relacionadas con conmemoracións en datas sinaladas e outras que se propoñan ao longo do curso.
- Actualización permanente dos materiais contidos na Estante de Igualdade e na Estante das Emocións, coa colaboración do Departamento de Orientación.
- Información ao profesorado, especialmente titoras e titores, sobre as actividades planificadas, a través do correo electrónico.
- Recollida de suxestións feitas polo alumnado e o profesorado, tanto para a adquisición de fondos como para a realización de actividades.
- Participación do profesorado no taboleiro de suxestións situado na biblioteca, onde se rexistran as recomendacións lectoras destinadas ao alumnado e se expón a obra recomendada.
- Participación do alumnado do centro en encontros con autores e autoras, co obxectivo de fomentar a lectura entre o estudantado, xa que, ademais de facer a lectura, participarán activamente a través de preguntas relacionadas cos libros e coa vida dos escritores ou escritoras.
- Exposición dos fondos relacionado coa personalidade homenaxeada no Día das Letras Galegas.
- Participación activa do alumnado do centro nas actividades propostas, así como en concursos de relatos ou contos.
- Continuación do programa Mochilas Viaxeiras en E. Infantil e Primaria.
- Actuacións de contacontos para o alumnado máis novo e lectura de contos ao alumnado de E. Infantil e Primaria por parte do alumnado de ESO.

- Continuación do proxecto Hora de ler no período de lecer posterior ao almorzo, nas denominadas “Sobremesas de lectura”.
- Continuidade das actividades levadas a cabo para a celebración do Día da Poesía, coa homenaxe que se fai en cada curso a unha poeta galega e a “Correspondencia Poética”, consistente no envío de poemas entre os membros da comunidade escolar.

METODOLOXÍA.

Nas reunións do equipo de biblioteca propóranse actividades, avaliarase o traballo levado a cabo e analizaranse posibles propostas de mellora do mesmo.

Dentro do equipo de biblioteca será fundamental que todas as integrantes participen de forma activa. Para a realización dos numerosos labores que require unha biblioteca é moi importante que cada membro teña claras as súas funcións, polo cal será de gran axuda dende un inicio facer un reparto das tarefas. Así mesmo, é preciso formar no uso do programa de xestión os novos membros, así como, por parte da coordinadora, trasladarlle ao equipo toda a información remitida pola asesoría de bibliotecas escolares.

Será fundamental fomentar a participación da comunidade educativa nas distintas actividades, cunha biblioteca aberta a calquera suxestión dos seus integrantes, de maneira que todos e todas teñan alí o seu espazo e participen nel de forma activa; en definitiva, preténdese dispor dunha biblioteca dinámica que se adapte á realidade e ás necesidades do centro.

Ao longo do curso irase avaliando o funcionamento e o nivel de consecución dos obxectivos propostos e, de ser preciso, poderanse engadir ou modificar aqueles que o precisen.

HORARIO DA BIBLIOTECA

Estará aberta en horario de recreo para todo o alumnado, baixo a supervisión do profesorado que estea de garda nese período, para realizar os préstamos e devolucións pertinentes, así como para asesorar o alumnado sobre as diversas lecturas.

O alumnado voluntario de ESO tamén prestará apoio nos recreos nos labores da biblioteca, para o que se organizará unha distribución horaria trimestral que será publicada na biblioteca e nas aulas de todos os cursos de Secundaria.

Durante o horario lectivo, o alumnado poderá asistir á biblioteca, sempre acompañado dunha profesora ou profesor.

Documento 6. Programa de formación do profesorado.

PFPP- catro liñas de traballo

1ª.- Competencia dixital-centrada nos dous obxectivos propostos no Plan Dixital elaborado ao longo do curso pasado:

- Continuar coa formación en E-dixgal
- A elaboración de rúbricas para a avaliación do alumnado

2ª.- Competencia comunicativa-PFPP Erasmus- internalización do centro, cos seguintes obxectivos:

- 1.Aumentar a competencia da lingua estranxeira
- 2.Observar outros centros da Comunidade Europea con metodoloxías innovadoras

3ª -Polos Creativos- Grupo de traballo ou seminario arredor da formación e organización en Polos Creativos

4ª.-Formación en TEA- Seminario de formación para a atención ao alumnado TEA

A liña de competencia dixital será un seminario de 40 horas de formación, con doce horas de docencia a desenvolver entre xaneiro e maio do 2024. A docencia será presencial, así como parte das actividades a desenvolver

O coordinador será o profesor de Tecnoloxía e Plástica, José Eliseo Bello Vázquez

A docencia será impartida por un docente externo, en horario aínda sen determinar

No seminario participará profesorado de infantil, primaria e secundaria

Na segunda liña, será un grupo de traballo centrado na elaboración do proxecto

Erasmus, cunha duración de 40 horas, coa participación de profesorado de Primaria e

Secundaria, coordinado pola profesora de Música de ESO, Patricia Fernández García

A terceira liña de Polos Creativos, grupo de traballo de profesorado de Primaria e ESO,

será coordinada pola profesora de Xeografía e Historia, Sandra Irene Irsheid Barros.

A cuarta liña, seminario de formación en TEA, estará coordinado pola orientadora do

centro, Noemí Cortés Seoane, coa participación de profesorado de Primaria e

Secundaria.

Xustificación deste plan de formación:

- A necesidade de formación en Edixgal para o profesorado, xa que todos os cursos de ESO e 5º e 6º de Primaria están desde o curso pasado en Edixgal, continuar coa formación de cursos pasados e ampliala coas ferramentas de autor
- Necesidade de aumentar a competencia da lingua estranxeira e o coñecemento de metodoloxías innovadoras doutros centros da Comunidade Europea

- Necesidade de formación en Polos Creativos
- Necesidade de formación do profesorado para a atención a alumnado TEA
- Os **obxectivos** son os seguintes:
- Mellorar a capacitación de profesorado e alumnado en Edixgal e competencia dixital
- Formar ao profesorado nas ferramentas de autor na aula Edixgal
- Aumentar a competencia lingüística
- Coñecer metodoloxías innovadoras
- Coñecer o funcionamento e aplicación ao ensino nos distintos niveis dos materiais dos polos creativos
- Mellorar a atención educativa ao alumnado TEA

PLAN DIXITAL DO CENTRO

Continuarase co Plan Dixital do Centro, seguindo as pautas que marque a normativa. Ao igual que o curso pasado a coordinación correrá a cargo do profesor de Tecnoloxía e coordinador das TIC no centro. Levaranse a cabo as accións previstas de formación para acadar os obxectivos propostos ao final do curso pasado, e continuarase coa elaboración que nos marquen desde a Consellería

CAPÍTULO IV

ORZAMENTO 2024		
INGRESOS PREVISTOS		
a) Total dotacións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade		
	Gastos de funcionamento (<i>segundo o orzamento do 2023</i>). Ingresos previstos 40%, 30%, 30% (marzo, maio, outubro)	40.372,00 €
	Dotacións Bibliotecas Escolares (PLAMBE)	1.500,00 €
	Plan de Mellora da Calidade: Contratos-Programa: Inclúe (Convive-t, Emociona-t e Iguala-t)	3.000,00 €
	Plan de Mellora da Calidade: Contratos-Programa: Innova (Eduinnova, eduexcelencia e edusaúde)	2.000,00 €
	Fondolibros	3520,00 €
	Comedores Escolares	75.000,00 €
b) Procedentes doutros organismos públicos		
	EDNL	370,00 €
	FOGGA	3.000,00 €
REMANENTE	Conta de Gastos de Funcionamento (01/01/2023):	61.950,34 €
	Conta de Comedor (01/01/2023):	28.034,37 €
	TOTAL remanente	89.984,71 €
TOTAL DISPONIBLE:		218.746,71 €
	Para gastos de funcionamento e outros:	115.712,34 €
	Para comedor:	103.034,37 €
TOTAL GASTOS PREVISTOS:		
1.	Arrendamentos.	0,00 €
2.	Reparacións, mantemento e conservación.	38.000,00 €
3.	Material de oficina.	5.000,00 €
4.	Subministracións.	25.000,00 €
5.	Comunicacións.	2.000,00 €
6.	Transporte.	11.240, 00 €
7.	Traballos realizados por outras empresas. (protese, afición)	6.000,00 €
8.	Primas de seguro.	0,00 €
9.	Tributos.	0,00 €
10.	Axudas de custo e locomoción.	472,34 €
11.	Gastos diversos.	20.000,00 €
12.	Mobiliario e utensilios inventariables.	4.000,00 €
13.	Outros materiais inventariables.	4.000,00 €
14.	Comedores escolares.	103.034,37 €
TOTAL		218.746,71 €

ANEXO I

PROXECTO EDUCATIVO

O Proxecto Educativo en vigor foi revisado nas CCP do curso 2020/2021, reelaborado e aprobado no Claustro do Profesorado de data 24 de maio de 2021 e ratificado polo Consello Escolar en sesión de 24 de maio de 2021

ANEXO II

DESENVOLVEMENTO CURRICULAR

O Desenvolvemento Curricular, incluído no PE, foi aprobado en Claustro con data 24 de maio de 2021 e ratificado polo Consello Escolar en sesión de 24 de maio de 2021

ANEXO III

D130/2007 D133/2007

1.- PLAN ANUAL DE LECTURA

O Proxecto Lector de Centro foi revisado e reelaborado a principios do curso 2019/2020, e aprobado en Claustro o 5 de novembro de 2019 e en Consello Escolar o 5 de novembro de 2019, engadindo ás súas pautas o Plan Lector Anual que segue.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2023/2024

Despois de avaliar a experiencia do curso pasado, o equipo de biblioteca propón seguir fomentando o hábito lector, motivar o alumnado na procura de información e no uso das diversas fontes e recursos tecnolóxicos e fomentar o interese e uso da biblioteca escolar dende actividades dinámicas, activas e incentivadoras.

Algunhas das propostas para a promoción da lectura no presente curso son as seguintes:

- Continuidade da rede de voluntariado, como instrumento para a implicación do alumnado no traballo da biblioteca.

- Formación de usuarios e usuarias por parte do alumnado voluntario.
- Utilización da canle de youtube existente no centro, con acceso na web do colexio, baixo a responsabilidade do alumnado voluntario, coordinado polo equipo de profesoras encargadas da biblioteca.
- Promoción da lectura en soporte dixital, co préstamo ao alumnado de libros electrónicos e difusión das plataformas de lectura GaliciaLe e Elbe2.
- Difusión das novas adquisicións de fondos, así como da variedade de títulos e obras esenciais a través do moble de novidades e de exposicións temporais, situado na entrada da biblioteca , ademais do blog da biblioteca.
- Selección e exposición de lecturas relacionadas con conmemoracións en datas sinaladas e outras que se propoñan ao longo do curso.
- Actualización permanente dos materiais contidos na Estante de Igualdade.
- Información ao profesorado, especialmente titoras e titores, sobre as actividades planificadas, a través do correo electrónico.
- Recollida de suxestións feitas polo alumnado e o profesorado, tanto para a adquisición de fondos como para a realización de actividades.
- Participación do alumnado do centro en encontros con autores e autoras, co obxectivo de fomentar a lectura entre o estudantado, xa que, ademais de ler o libro, participarán activamente a través de preguntas relacionadas cos libros e coa vida dos escritores ou escritoras.
- Exposición dos fondos relacionado coa personalidade homenaxeada no Día das Letras Galegas.
- Participación activa do alumnado do centro nas actividades propostas, así como en concursos de relatos ou contos.
- Continuación do programa Mochilas Viaxeiras
- Actuacións de contacontos para o alumnado máis novo.
- Continuación do proxecto Hora de ler no período de lecer posterior ao almorzo, nas “Sobremesas de lectura”.

1.1- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR INFANTIL E PRIMARIA

4º-5º INFANTIL PROXECTO LECTOR

Desde o noso grupo mixto, contribuiremos ao desenvolvemento do proxecto lector con actividades adaptadas ao nivel evolutivo do alumnado.

O recurso principal serán os contos. A partir deles propoñemos actividades que esperten nos nenos e nenas o gusto pola lectura, fomenten a imaxinación, contribúan ao desenvolvemento da linguaxe, atendan as necesidades emocionais...

Así, levaremos a cabo propostas como as seguintes:

- “Hora do conto”: momento diario de encontro con contos na aula.
- Sesións de biblioteca: o alumnado de educación infantil desfrutará dunha sesión á semana na biblioteca do centro onde promoveremos actitudes como o gusto polos libros, o respecto dos mesmos, o establecemento consensuado de normas...
- Apadriñamentos lectores: entre alumnado de diferentes idades, de maneira que amplíen as relacións afectivas e poñan en marcha capacidades de comunicación e expresión oral, imaxinación, memoria...
- Contacontos de familias ou entre aulas.
- Préstamo de libros: periodicamente levaremos libros á casa (ben de maneira individual ou ben en formato de “mochila viaxeira”), facilitando así o acceso a este recurso a todo o alumnado.
- Recomendacións lectoras para as familias (valorando e normalizando o libro como agasallo).

6º INFANTIL CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO.

A lectura é unha actividade que potencia a concentración, a imaxinación e a empatía das persoas, e que ademais axuda a comprender situacións vitais complexas e a prever a dexeneración cognitiva. É por todas estas razóns que é tan importante fomentar a lectura en nenos dende unha idade temperá. Por tanto, contribuiremos ao Plan Lector:

- Incentivando nos cativos o interese e o gusto pola lectura, creando un hábito e non unha obriga. Así, adicaremos unha sesión ao día á lectura de contos, noticias, poemas... cos que tratar de conseguir tal fin.
- Demostrando as posibilidades lúdicas e creativas da literatura (inventando historias, fins alternativos, xogando coas palabras...), así como deixar que o nenos escollan que tipo de libros queren escoitar.
- Propiciando momentos significativos cos nenos e nenas arredor da lectura.
- Desenvolvendo a lectura en espazos que inviten a romper coas rutinas (lecturas no patio, na biblioteca do centro, etc.).
- Aproveitando a lectura como un acto social, compartindo impresións sobre o conto, aprendizaxes obtidas despois da súa lectura...
- E dando exemplo, lendo. Se o neno nos ve ler dende pequeno, será máis sinxelo que el tamén lea nun futuro.

1º PRIMARIA

PROXECTO LECTOR: Considero a lectura como un elemento fundamental para o ensino, xa que a práctica diaria da mesma contribúe nunha mellora directa no alumnado, tanto no rendemento académico como no benestar persoal, ademais a práctica diaria de lectura fomenta o desenvolvemento das competencias clave, tal e como se establece no currículo da educación primaria.

No día a día aproveitaremos as áreas lingüísticas aproveitando a gran carga horaria que teñen para práctica de lectura, proporcionándolle un tempo e un espazo seguro e tranquilo no que poden experimentar coa biblioteca de aula e co seu funcionamento, así como facer unha toma de contacto cos libros e que o alumnado faga as súas primeiras lecturas, non soamente será importante o papel do alumnado, xa que considero que dende a posición do mestre e fundamental que saiba guiar esta práctica, combinando momentos de lectura libre individual ou en grupo como que o mestre/a conte ou lea un conto, desenvolvendo así o gusto e o interese pola lectura.

2º PRIMARIA

Contribución ao proxecto lector

Durante o curso traballaremos a lectura e o fomento dela. Dedicaremos unha sesión ou dúas diarias. Será o propio alumnado quen faga as lecturas, de forma individual e colectiva acorde ao ritmo de aprendizaxe de cada un deles e delas. Diariamente

colleremos libros da biblioteca de aula para traballar con eles tanto na aula como na casa a lectura e as investigacións oportunas para os proxectos que se nos plantexen e visitaremos a biblioteca como lugar de lectura, de traballo e búsqueda de libros.

3º PRIMARIA

PLAN LECTOR- 3º EP -CURSO 2023/24

A lectura é unha parte fundamental do currículo de EP. A comprensión lectora é un pilar moi importante sobre a que se apoia a comprensión dos distintos contidos para así acadar os obxectivos pertinentes.

O alumnado de 3º de EP dispón de abundante e variado material de lectura na biblioteca do Centro e na de aula.

Realizaremos as seguintes actividades de lectura durante o curso:

- Lectura individual durante 20 minutos dúas veces por semana.
- Actividades de lectura con actividades de comprensión lectora.(todas as fins de semana levarán una ficha de lingua ou lengua)
- A biblioteca pon a disposición do alumnado unhas” mochilas viaxeiras” con contidos variados adaptados ao seu nivel para estimular a lectura.

4º PRIMARIA

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

OBXECTIVOS:

- Transmitir aos alumnos/as que a lectura supón, momentos de tranquilidade e divertimento.
- Coñecer distintos xéneros literarios: cómic, conto, poesía, etc.
- Ampliar vocabulario.
- Coñecer, por medio da lectura, outras culturas e maneiras de vivir.
- Ampliar os coñecementos das distintas áreas.
- Fomentar a arte e a escritura creativa a partir da lectura.
- Impulsar a educación emocional a través dos contos.

METODOLOXÍA

A lectura traballarase na aula de cuarto a través de diversas vías:

- Biblioteca de aula: créase unha biblioteca de aula dinámica, cun recuncho específico para ler. Os títulos iranse variando mensualmente. Levaremos o alumnado á biblioteca para que eles mesmos elixan os títulos que queren traer á aula. A biblioteca contará con dúas seccións: literatura e libros informativos.

- Diarios de lectura: cada alumno/a deberá ir creando un diario de lectura ao longo do curso escolar. Para isto deberán escoller contos na biblioteca de aula ou na do centro, e sobre cada un deles plasmar algo no seu diario: facer un debuxo, anotar o autor/a e a editorial e facer unha pequena sinopse.
- Realizaranse traballos de investigación nos proxectos. Os nenos e nenas deberán ler información en diferentes fontes para responder problemas contextualizados.
- Por último, as unidades de diferentes áreas introdúcense con lecturas e coas súas conseguintes preguntas de comprensión.
- Talleres contacontos: en determinados momentos, a propia mestra lerá un conto aos nenos e nenas como momento de relaxación logo dunha xornada de traballo.

5º PRIMARIA

A lectura estará presente en todas as áreas da Educación Primaria. Por iso, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só desde a área de Lingua, senón a través das actividades específicas de todas as áreas. As sesións de lectura non deben orientarse, pois, como unha continuación da clase de Lingua, senón tamén como a posta en práctica das súas ensinanzas e han de servir para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno.

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de traballar na aula, e deberán desenvolverse estratexias que lle faciliten ao alumno a súa consecución.

Os obxectivos de que se pretende lograr son os seguintes:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- d) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

Para tentar acadar estes obxectivos levaranse a cabo as accións seguintes:

- Escoller textos adecuados aos intereses dos alumnos.

- Facer lecturas colectivas que exerciten a velocidade e a entoación.
 - Crear unha biblioteca de aula con libros que traten temas relacionados cos nosos proxectos de traballo.
 - Visitar a biblioteca do centro.
 - Participar nas actividades de animación á lectura propostas polo equipo de biblioteca.
- Adicarase o tempo da hora de ler a que o alumno lea na aula lecturas escollidas por el xeralmente, pero tamén lecturas guiadas encamiñadas a ler obras de autores que poden vir ao centro nas actividades organizadas pola biblioteca. Tamén se aproveitará o mes de maio para a lectura de obras do autor homenaxeado nas Letras Galegas, axeitadas ao nivel do alumnado. Cara o mes de xuño a lectura tomará un camiño máis teatral, dado que participaremos na “semana do teatro” organizada todos os anos no centro, e onde o alumnado representará unha obra, aínda por escoller, adaptada á súa idade.

6º PRIMARIA

A lectura é , sen dúbida, unha destreza básica que se aprende e que os alumnos deben dominar para comprender e interpretar adecuadamente o mundo que os rodea; pero, ademais, conta cun importante compoñente adictivo que se fomenta ofrecendo una variedade de libros atractivos para o alumnado, que fagan que a lectura sexa en sí gratificante.

Os alumnos de sexto curso de Educación Primaria atópanse no momento de afianzar a competencia comunicativa como ferramenta para todos os demais aprendizaxes e para a interacción en múltiples contextos sociais.

A través da lingua adquiren os distintos coñecementos, elaboran os seus pensamentos e relaciónanse co entorno. Polo tanto a destreza en lectura e en escritura son fundamentais. Neste momento consolídase a súa capacidade para distinguir entre distintos tipos de textos, pero tamén para desenvolver o gusto pola lectura, así como a capacidade de valorar críticamente os libros leídos.

Os alumnos de 6º dispoñen de abundante e variado material de lectura na biblioteca do Centro e, de maneira máis reducida, na biblioteca de aula.

As actividades que se realizan para o desenvolvemento do Plan Lector, son as seguintes:

- Lectura individual en silencio durante vinte minutos todos os días. Os alumnos han de ler, como mínimo, dous libros ao trimestre, aínda que a maioría supera con creces este número.

- Os alumnos escollen los libros que desexan leer. Cando rematan redactan un pequeno traballo sobre el e trasladan a súa opinión sobre o libro aos seus compañeiros. Si lles gustou, dan as razón polas que o recomendan ao resto dos seus compañeiros. Esto anima aos menos motivados a dirixirse a unha lectura concreta.
- Realízanse actividades de comprensión e expresión lectora en todas as clases de lingua.
- A biblioteca pon á disposición dos alumnos unhas “maletas viaxeiras” con contidos variados e adaptados ao seu nivel para estimular a lectura. Así mesmo, relacionadas coas distintas celebracións do ano, propón actividades creativas relacionadas coa lectura.

RELIXIÓN PRIMARIA

Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita.

Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura, e para desenvolver a expresión oral e escrita.

Lectura:

- Lectura do libro de texto.
- Historias da Biblia.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas,...).
- Textos en apoio dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

Expresión:

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en apoio papel e en pantalla.

INGLÉS PRIMARIA

Plan lector.

As actividades de comprensión lectora que se propoñerán nas sesións de lingua inglesa contribuirán á adquisición de habilidades que lle permitan ao alumnado:

- Comprender o sentido xeral e información específica de textos breves e sinxelos, adaptados á súa idade e aos seus intereses.
- Producir textos sinxelos e estruturados para expresar mensaxes breves.

Por outra banda, farase uso de revistas, bandas deseñadas e contos apropiados a súa idade para fomentar hábitos de lectura e o uso da biblioteca do centro.

EDUCACIÓN FÍSICA PRIMARIA

Dende a nosa área contribuiremos ao fomento da lectura a través de **actividades** como as que se mencionan a continuación:

- ♦ *De primeiro a cuarto de primaria pedirémoslle os nenos/as que fagan a lectura da explicación dalgún xogo que xa coñezan para facilitar a súa lectura e comprensión fronte os seus compañeiros e o finalizar a unidade seleccionaremos o xogo que máis lles gustou para que os teñan presentes no disfrute do seu tempo libre e podían anotalo na súa libreta.*
- ♦ *En 5º e 6º curso, nas UD de deportes, os alumnos/as terán que facer unha lectura sobre un deportista (un home e unha muller) importante nese deporte e explicar aquelas regras básicas que coñezan o resto de compañeiros/as mediante a actividade de “presentadores”.*

MÚSICA PRIMARIA

Accións previstas de acordo ao plan lector.

A materia de música contribuirá á adquisición dos obxectivos propostos polo Plan Lector con actividades de interese musical para o alumnado, que conterán lecturas diversas e exercicios de comprensión lectora sobre algún tema relacionado coa música: artigos, documentos gráficos con información sobre compositores, instrumentos, agrupacións musicais, etc.

Fomentarase a lectura tamén a través dos distintos contos musicais cos que se traballe na aula, ou a través dos textos das cancións programadas. A lectura será activa, xa que implica a participación do alumnado non só do profesor/-a, convertíndose nunha parte fundamental para o desenvolvemento da clase de música.

Así mesmo, terase en conta unha data moi importante: O Día das Letras Galegas, deseñando actividades relacionadas en todos os cursos (estas actividades contribuirán ao mesmo tempo ao Proxecto Lingüístico).

ESO

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

En relación co plan lector:

- Presentar na clase novas que aparezan nos xornais ao longo do curso e que teñan que ver coas matemáticas, para lelas e logo comentalas entre todos. Estas novas pode levalas o profesor ou calquera alumno que as vexa nun medio informativo, fomentando así a lectura e a reflexión crítica de noticias con contido matemático que aparezan na prensa.
- Falarase na aula sobre acontecementos e persoas relacionados coas matemáticas e as TIC, para o cal terán que buscar e seleccionar información na Internet ou en bibliografía recomendada, fomentando así a capacidade e comprensión lectoras do alumnado.
- O alumnado poderá ler os libros recollidos dentro da seguinte listaxe:
 - “Los desposeídos” de Ursula K. Le Guin.
 - “Mujeres matemáticas: Las grandes desconocidas” de Amelia Verdejo Rodríguez.
 - “Matemáticas del cuerpo humano” de Luis Carlos Cachafeiro Chamosa

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

Colaboraremos neste plan por medio do fomento de lecturas do noso campo, como libros relacionados coa materia de EF, relacionados co deporte, como os de récords deportivos, ou prensa deportiva. Neste senso cada pequeno grupo de alumnos/as terán que leer e expoñer semanalmente o resto da clase, unha noticia deportiva lida na prensa.

PROXECTO COMPETENCIAL

Para o desenvolvemento do proxecto elixido polo alumnado utilizaremos as lecturas que poidamos atopar en Internet e en libros diversos da biblioteca relacionado coa temática elixida “**As redes sociais**” así coma unha escolma de textos nos que os alumnos estean interesados. Nesta materia será fundamental ler e escribir, e máis que nada á hora de crear blogs ou páxinas comunitarias onde se fará visible a nosa tarefa diaria.

VALORES ÉTICOS

Utilizaremos os apuntes facilitados polo profesor, estes colgaránse na aula virtual e tamén as lecturas que poidamos atopar en Internet e en libros diversos da biblioteca, así coma unha escolma de textos nos que os alumnos estean interesados. Nesta materia será fundamental ler e escribir, e máis que nada á hora de crear blogs ou páxinas comunitarias onde se fará visible a nosa tarefa diaria.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

O alumnado deberá realizar a lectura dunha obra literaria por trimestre, determinados polo departamento. Propóñense maioritariamente obras de literatura xuvenil actual con temáticas variadas que teñen en conta os intereses do alumnado e/ou que presentan algún valor educativo (educación en valores: tolerancia, non discriminación, igualdade entre homes e mulleres, multiculturalidade...) que serven para traballar contidos transversais. Tamén se incluírá algunha obra correspondente aos períodos literarios que forman parte do currículo. Ademais, proporanse outras lecturas para faceren voluntariamente.

Acórdase dedicar parte dunha sesión semanal en 1º e 2º da ESO á lectura e comentario dunha obra literaria na aula, ao que seguirá a realización de diferentes tipos de tarefas sobre o texto en cuestión, que permitirán comprobar a comprensión por parte do alumnado.

Enviaráselles ás familias, a través do alumnado unha relación de obras de diferentes xéneros, co obxectivo de que desde os propios fogares se fomente a lectura escollendo, por exemplo, algún deses libros como agasallo para os rapaces e rapazas.

Fomentarase o uso dos fondos contidos na biblioteca e a participación nas actividades de animación á lectura propostas desde ese espazo, así como o emprego das plataformas dixitais de lectura Elbe2 e Galiciale

Tentaremos achegar o alumnado á personalidade homenaxeada no Día das Letras Galegas, tanto dentro da aula como noutras actividades complementarias, para que coñezan e valoren a personaxe e a súa obra.

O alumnado de Segunda Lingua Estrangeira Portuguêz levará a cabo lecturas de textos literarios nas aulas, co fin de se achegaren á literatura de Portugal e o conxunto da lusofonía.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Contribución da materia de Xeografía e Historia ao Plan Lector

Proporáanse lectura de artigos, de obras e de fontes historiográficas relacionadas coas materias deste Departamento que cubran diferentes idades históricas. Con algúns grupos, realizaranse traballos de investigación recorrendo a libros de historia aptos para o seu nivel. Colaborarase coas actividades da biblioteca do centro sempre que sexa posible.

Ademais no día a día da clase teranse en conta elementos que forman parte deste Plan Lector como poden ser:

- Fomento da capacidade expresiva do alumnado, tanto escrita como oral.
- Elaboración de redaccións, traballos sobre temas relacionados coa materia.
- Lecturas de textos diversos traballando a lectura comprensiva.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- **Contribución ao plan lector**

1. Dende o obxectivo de promocionar a lectura no noso centro, o traballo cos textos será continuo na aula, levando a cabo propostas que seguen, en certa medida, o modelo estratéxico de lectura interactiva proposto por Isabel Solé, que propón a realización de actividades de prelectura, que son motivadoras e serven para a activación de coñecementos previos; actividades de comprensión durante a propia lectura e actividades posteriores á mesma, de reflexión e relación co mundo actual e a propia experiencia vital.
2. Asemade, o alumnado deberá realizar a lectura individual dun libro por trimestre, tamén determinados polo departamento, do que serán avaliados a través de probas ou traballos escritos. Neste curso propóñense obras de literatura xuvenil con temáticas variadas que teñen en conta os intereses do alumnado e/ou que presentan algún valor educativo (educación en valores: tolerancia, non discriminación, igualdade entre homes e mulleres, multiculturalidade...) que serven para traballar contados transversais.

As lecturas propostas para a lectura individual do alumnado son as seguintes:

CURSO	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
1º ESO	Eloy Moreno, <i>Invisible</i>	Lindo, Elvira, <i>Manolito gafotas.</i>	Nando López, <i>En las redes del miedo.</i>
2º ESO	Gallego, Laura, <i>La hija de la noche.</i>	Kerr, Judith, <i>Cuando Hitler robó el conejo rosa.</i>	Jay Asher, <i>Por trece razones.</i>
3º ESO	Mallorquí César, <i>La catedral.</i>	Blue Jeans, <i>El campamento.</i>	Rocío Rueda, <i>La escuela de Atenas</i>
4º ESO	Colombani, Laetitia, <i>La trenza.</i>	Manuel Rodríguez, <i>El bloc de las edades.</i>	Noah Gordon, <i>El médico.</i>

3. Por outra banda, enviaráselles ás familias, a través do alumnado, unha relación de obras de diferentes xéneros e temáticas, co obxectivo de que dende os propios fogares se fomente a lectura escollendo, por exemplo, algunha desas obras como agasallo.
4. Fomentarase o uso dos fondos contidos na biblioteca e a participación nas actividades de animación á lectura propostas dende ese espazo.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

♦ Plan de integración do Plan Lector

▪ a **Obxectivo xeral**

O principal obxectivo do Proxecto lector é o fomento da lectura. É este o obxectivo que consideramos máis ambicioso e máis difícil de poñer en marcha, xa que moitos alumnado soamente len por obriga, e en moitos casos o hábito lector é nulo. Aínda con esas dificultades é vital afrontar o reto de promover o intenso pracer da lectura e intentar que collan o hábito da lectura nestas idades nas que están a forxar as súas personalidade. A filosofía do Proxecto Lector defende que a lectura é unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo.

❖ **Obxectivos específicos para o alumnado**

Este plan nace cos seguintes obxectivos:

- Fomentar o hábito lector dende a área de lingua estranxeira en todos os niveis, tanto en textos individuais como en libros.
- Desenvolver a comprensión lectora do modo máis harmónico e eficaz posible.
- Adquirir ou mellorar estratexias para ler con fluidez e entoación axeitadas.
- ◆ - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.
- ◆ - Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.
- ◆ - Empregar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- ◆ - Ter lido e resumido (de forma oral ou por escrito), ao termo de cada curso, polo menos un libro, así como diferentes tipos de textos de extensión variable, tanto por indicación do profesorado como por iniciativa propia.
- ◆ - Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como medio de gozo, información e enriquecemento persoal.
- - ◆ **c) Principios metodolóxicos**
 - ◆ - Utilizar libros adaptados, contos curtos ou letras de cancións como o instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.
 - ◆ - Propoñer traballos ou proxectos de investigación sobre os libros lidos durante o curso.
 - ◆ - Facer uso a Biblioteca cando sexa posible como centro de recursos e apoio á aprendizaxe.
 - ◆ - Buscar e aplicar estratexias para mellorar tanto a mecánica lectora como a comprensión.
 - ◆ - Consensuar algúns aspectos metodolóxicos de maneira que non se produza unha ruptura no proceso de aprendizaxe da lecto-escritura.
 - ◆ - Crear unha pequena biblioteca na aula, con diverso material de lectura: libros de nivel, revistas, dicionarios, etc.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Accións previstas de acordo co Proxecto Lector

En xeral, como Xefa do Departamento de Física e Química fomentarei a lectura comprensiva e a correcta expresión oral e escrita, en todos os cursos da etapa, tanto a

través das lecturas do libro de texto (enunciados de leis e teorías, cuestións e problemas) coma mediante actividades, individuais ou en grupo, en función das características do grupo de alumnos e alumnas e da dispoñibilidade temporal.

Outras actividades que fomenten a lectura e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral e escrita son as seguintes:

- Procura de datos bibliográficos sobre algún tema de interese científico ou sobre personaxes que destacaron polas súas achegas á ciencia.
- Lecturas de artigos de prensa relacionados con distintos avances científicos e as súas repercusións na calidade de vida dos cidadáns.
- Lectura dalgún libro de divulgación científica que poida incentivar o interese do alumnado pola ciencia e a súa metodoloxía.
- Elaboración, por escrito, dun informe sobre as lecturas voluntarias realizadas, no que debe figurar o correspondente apartado de conclusións, que poderá ser comunicado de xeito oral tanto ao profesor coma ao resto do alumnado do grupo.

Na materia de Física e Química dos distintos niveis, a dedicación ás actividades de lecto-escritura non está sistematizada, senón que forman parte da súa actividade diaria durante o curso.

Os libros voluntarios propostos estarán relacionados coa ciencia.

“O libro dos océanos. Que ameaza o mar?” , Esther Gonstalla

“La vuelta al mundo de un forro polar rojo”, Wolfgang Korn

“¡Que se le van las vitaminas!”, Deborah García Bello

“A que altura está o ceo?”, Jorge Mira

“Científicas”, Jorge Bolívar

“Historia del Tiempo”, Stephen W. Hawing

“Biografía de la Física”, George Gamow.

“Breve Historia de la Química”

“El Universo”

“Cien Preguntas Básicas sobre la Ciencia”

e outros textos cuxo autor sexa tamén Isaac Asimov.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA

Dende o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía propóñense os seguintes títulos e lecturas recomendadas para a potenciación do Plan Lector no CPI de Xanceda:

1º ESO:

- ✦ Mi familia y otros animales. Alianza editorial, 2008

Relatos recomendados:

- Na 2ª parte: Capítulo 9 (“El mundo en un muro”) e Capítulo 10 (“Un festival de luciérnagas”). Ler os dous títulos.
- Na 3ª parte: Capítulo 13 (“La villa blanca”), Capítulo 14 (“Las flores parlantes”) e Capítulo 15 (“Los bosques de ciclamen”). Ler os tres títulos.
- ✦ Bichos e demás parientes. Gerald Durrel. Alianza editorial, 1997.

Relatos recomendados:

- Capítulo 2 (“La ensenada de los olivos”) e Capítulo 3 (“Las selvas de arrayán”). Ler ambos títulos.
- ✦ O home que plantaba árbores. Jean Giono. Editorial Galaxia, 2009.
- ✦ Ameaza na Antártida. Ramón Caride Ogando. Ed. Xerais de Galicia, 1997
- ✦ Ciencia alucinante: los más increíbles descubrimientos científicos. Simon Torok, Paul Holper. Ed. Oniro S.A.
- ✦ Viaje al centro de la Tierra. Julio Verne
- ✦ Veinte mil leguas de viaje submarino. Julio Verne.
- ✦ Peligro Vegetal. Ramón Caride. Ed. Anaya

3º ESO:

- Ojos de Pantera: para entender la genética humana. Silvia Aimerich. Ed. Octaedro, 1998.
- El ayudante de Darwin. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Algar, 2009.
- El viaje de la evolución. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Anaya, 2007.
- Hello Dolly!. Fransec Murgados. Ed. Octaedro, 2006.
- Ciencia alucinante. Isaac Asimov
- Yo, Robot. Isaac Asimov.

4º ESO:

- Ojos de Pantera: para entender la genética humana. Silvia Aymerich. Ed. Octaedro, 1998.
- El ayudante de Darwin. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Algar, 2009.
- El viaje de la evolución. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Anaya, 2007.
- Hello Dolly!. Fransec Murgados. Ed. Octaedro, 2006.
- La historia más bella del mundo. Ed. Anagrama, 2006.
- Os nenos da varíola
- La Tierra herida. Miguel Delibes, Miguel Delibes De Castro.
- La especie elegida. J.L. Arsuaga.
- El collar del Neanderthal. J.L. Arsuaga.
- La física en la vida cotidiana. Rojo, A.: colección Alandar. Editorial Edelvives.
- El clan del oso cavernario. Auel, Jean Marie.
- Viaje alucinante. Isaac Asimov. Ed de bolsillo.
- El pulgar del Panda. Stephen Jay Gould.
- La magia de la realidad. Richard Dawkins.
- Crick, Watson y el ADN. Paul Strathern.
- ADN. James D. Watson.
- ADN. El secreto de la vida. James D. Watson.
- La doble hélice. James D. Watson.

Ademais, na propia programación didáctica trátase de potenciar as competencias lingüística e de aprender a aprender do alumnado, xa que se propón a busca e confección dun *dossier* de prensa con noticias relacionadas coas Ciencias en xeral e coa Bioloxía e a Xeoloxía en particular que terá unha repercusión positiva de ata 0,35 puntos na nota final de cada avaliación no caso de levar adiante dita actividade.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Pódese realizar unha interesante actividade de lectura de libros de temática musical que servirá de complemento e mellora da nota final da asignatura.

1. Ofrécese unha lista comentada con varios que tratan a música, directa ou indirectamente. Podes consultalos previamente e despois elixir un deles: completo, si é unha novela ou cómic, ou algúns capítulos, si son relatos breves ou libros históricos ou técnicos.
2. Tamén se pode elixir un libro na biblioteca do centro, cando soliciten o préstamo (deben procurar non telo máis dunha semana, para que os seus compañeiros poidan tamén dispoñer del. O/A profesor/a de Música para comunicarlle que vas realizar o traballo e así che poida orientar mellor.
3. Ao finalizalo realízasen unha ficha de lectura.

LISTA DE LIBROS RECOMENDADOS

A. NOVELAS (Lectura completa)

1. *Mi amigo Albéniz* – STURNIOLO, Norma.

Historia sobre dous mozos de 15 anos, un deles o gran compositor español Isaac Albéniz, e como a súa amizade determina as súas vidas.

2. *El misterio de la ópera* - STURNIOLO, Norma.

Historia detectivesca na que un grupo de adolescentes penétranse no Teatro da Ópera para resolver un misterio e quedan fascinados por ese mundo.

3. *Los acordes del destino* – GHATA, Yasmine.

Conto oriental sobre un instrumento musical que herdán dous irmáns e a súa influencia na vida de ambos.

4. *El joven Lennon* – SERRA I FABRA, Jordi.

(Este libro atópase no estante de Biografías) Reconstrúe o que puido ser a vida do membro de The Beatles, John Lennon; a procura da súa identidade nos anos do seu adolescencia e mocidade.

5. *Nocturno* – HERRÁIZ, Santiago.

Novela sobre un mozo que atopa a un ancián. Este ensínaralle a aproveitar o don que posúe para expresarse a través dun violín.

6. *Sonata de amor* – ÁLVAREZ, Blanca.

Primeira novela dunha colección na que as catro integrantes dun cuarteto de cordo comparten alegrías e tristezas.

7. *Capricho 24* – ÁLVAREZ, Blanca.

Segunda novela da mesma colección, continuación da anterior.

8. ***La partitura rota*** – ÁLVAREZ, Blanca.

Terceira novela da mesma colección, narra os problemas familiares e persoais de Cloe e o apoio que recibe das súas amigas do cuarteto de cordo.

9. ***El síndrome Mozart*** – MOURE, Gonzalo.

Novela realista sobre a amizade, o amor e a comunicación, co trasfondo dun gran talento musical que nos recorda a un dos grandes compositores da historia da música.

10. ***El contrabajo*** – SÜSKIND, Patrick.

Monólogo que retrata o dobre fondo e paradojas da vida mediante un contrabajo e o seu intérprete encerrados nunha pequena habitación.

11. ***¡The Melocotons al fama! y otras historias sobre le negocio de la música que debes conocer*** – ORTEGA, Paco.

Este libro encerra todo o que hai que saber obre o proceso de grabación, edición, promoción e distribución dun disco, que descobre o lector a través da historia de Nico e The Melocotons.

12. ***La pequeña historia del rock*** – IZQUIERDO, Eduardo , RIO, Jordi del, CRESPO, Alfred. Tocho, uno de los chicos “guays” del colegio, entra un día en la tienda de discos del padre de Roc. Por casualidad Roc le cuenta la historia de Elvis Presley y Tocho descubre lo interesante que es la música que escucha su “viejo”.

13. ***La flauta mágica*** – DESCLOT, Miquel.

Versión da historia da coñecida ópera de Mozart en forma de relato.

14. ***El fantasma de Mozart*** – GREGORI, Inés y GREGORI, Javier.

Uns cantos mozos dun instituto, movidos polo empeño da súa profesora de música embárcanse na aventura de tocar unha partitura de Mozart que lles levará desde facerse cun instrumento musical e aprender a tocalo a voar a Salzburgo á casa en que naceu o compositor.

15. ***El color de la música*** –GREGORI, Javier.

Narra as aventuras de Alicerce, unha nena que odiaba o campo, pero que alí descubriu o fascinante poder da música. Todo nun ambiente de soños e fantasía.

B. HISTORIAS E RELATOS BREVES SOBRE MÚSICA E COMPOSITORES -

(Pódense elixir capítulos soltos).

1. *Verdi o la fuerza del sino y otros relatos sobre músicos* – LEZA, M.Jesús. Trátase dun conxunto de relatos a partir de obras e biografías de compositores.

2. *Historias insólitas de la música* – LINDT, Lawrence.

Estudo de momentos craves da historia da música, indagando na trastienda da biografía dos seus protagonistas.

3. *¿Por qué Beethoven tiró el estofado?* – ISSERLIS, Steven.

Percorrido pola vida de seis compositores fundamentais da historia da música.

4. *Cuentos de música* (BÉCQUER, AZORÍN, BAROJA, CLARÍN y otros).

Selección de contos de autores españois en cuxa vida estivo presente a música como afección e profesión. Inclúense algúns como O Miserere de G.A. Bécquer, As dúas caixas de Clarín e Música de Azorín.

C. **COMÍC** (Lectura completa)

1. *The Beatles*: a súa historia Vida de The Beatles, desde os seus inicios.

2. *Vinicius*: Relato gráfico que nos achega á vida do gran cantautor e guitarrista brasileiro Vinicius de Moraes. Inclúe un CD con cancións.

3. *El Anillo del Nibelungo* (catro volúmenes independientes) :

3a. *El oro del Rin*

3b. *La Valkiria*

3c. *Sigfrido*

3d. *El crepúsculo de los dioses*: Cómic que narran o argumento de catro óperas fundamentais do compositor romántico R. Wagner.

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

PLAN LECTOR CURSO 2023-24

Dende a área de Relixión Católica fomentárase o interese do alumnado pola lectura. Animárase ao alumnado de todos os niveis a que profundicen nos temas que se están traballando na aula por medio da lectura de textos que lles entregará a profesora, e tamén por medio da lectura da Biblia, xornais, revistas, monográficos, Dende o primeiro día de clase e en cada tema, a profesora vai lles a suxerir a posibilidade de que busquen na casa pola súa conta información e noticias (en revistas e xornais) sobre o tema tratado. Así, poden levalo a clase e compartilo cos demais compañeiros/as. Esta é unha forma de animalos a ler na casa, de buscar información concreta (sobre os temas que estamos a traballar), de que as clases non se reduzan a contidos teóricos, de motivalos, e sobre todo de que sexan eles mesmos os verdadeiros protagonistas. Terase

en conta as achegas de cara a nota na avaliación, nos criterios de avaliación hai unha parte reservada a traballos complementarios. Cada vez que un alumno/a leve á clase unha noticia terá que lela en voz alta, logo comentarase e abrirase un pequeno debate no que se intercambiarán as distintas opinións xurdidas. Por experiencia en cursos anteriores, son case sempre os mesmos alumnos/as os que traen as novas de xornais ou revistas. Isto é debido a que nesta idade non están acostumados a ler prensa diariamente, e se o fan, son moi selectivos, por exemplo os rapaces só len a sección de deportes.

En segundo curso de ESO, cando se trate o tema dos Dereitos Humanos buscarán, (en horario de clase), en **xornais** que a profesora lles proporcionará, novas que mostran como moitas veces non se cumpren tales dereitos. Logo por grupos, elaborarán murais con recortes no que sinalarán contra que dereito atentan as novas seleccionadas. Para animar a que lean xornais e revistas na casa e que busquen mais novas, terase en conta de cara a nota da avaliación.

A utilización da **Sagrada Escritura** para buscar e ler pasaxes vai a ser considerable. Pero hai que sinalar que para interpretar un texto bíblico é necesario seguir os seguintes pasos:

- Buscar o texto na Biblia
- Descubrir que buscaba o autor cando escribiu o texto e a quen ía dirixido
- Ler atentamente o texto tendo en conta a intención do autor. Captar a mensaxe e aqueles aspectos que son chocantes na actualidade
- Descubrir o que quere transmitir o texto, a súa mensaxe
- Sacar unha conclusión práctica para a vida diaria de cada un e a dos demais

En cada unidade leremos un texto bíblico que será traballado segundo o esquema anteriormente citado.

No departamento contamos con material para traballar coa Biblia de maneira amena. Trátase de actividades lúdicas nas que aprenden a manexar a Biblia o tempo que potencia a lectura da mesma. Por exemplo, a profesora formula preguntas e sinala a cita bíblica onde aparece a resposta. Eles buscan a cita na Biblia ou na súa edición dixital e responden. Esta actividade realízase en grupo, e o equipo que mais acertos ten é o ganador. Gústalles moito esta actividade pola competición que hai entre os grupos por ver quen é o grupo que máis acertos ten.

Tamén se utilizará **Internet** na aula para buscar información concreta. Outras veces, a

profesora proporcionaralle ao alumnado páxinas web para consultar e contestar por escrito preguntas que lles foron formuladas e que tiñan que ver co que se estaba a estudar nese intre.

En todos os cursos empregarase a aula virtual para introducir os temas que a profesora irá colgando en forma de arquivos . Serán os mesmos alumnos/as de forma voluntaria os que lerán en voz alta, e sobre a lectura, contestarán por escrito ou oralmente ás cuestións. A finalidade é levar a cabo unha lectura comprensiva.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

1º ESO e 2º ESO

Co obxectivo de desenvolver o proxecto lector de centro, o departamento de Tecnoloxía desenvolverá actividades de lectura do libro de texto dixital e exercicios, co obxectivo de fomentar a lectura comprensiva e a asimilación do vocabulario técnico asociado a estas materias.

Ademais, fomentará a lectura, tanto na aula como no seu tempo libre, de artigos de divulgación relacionados con obxectos tecnolóxicos, a súa influencia na calidade de vida e consecuencias medioambientais que se derivan do seu uso.

3º ESO

Co obxectivo de desenvolver o proxecto lector de centro, o departamento de Tecnoloxía propón as seguintes actividades:

- Desenvolverá nas materias da ESO actividades de lectura do libro de texto e exercicios, co obxectivo de fomentar a lectura comprensiva e a asimilación do vocabulario técnico asociado a esta materia.
- Fomentará a lectura, tanto na aula como no seu tempo libre, de artigos de divulgación relacionados con obxectos tecnolóxicos, a súa influencia na calidade de vida e consecuencias medioambientais que se derivan do seu uso.
- Fomentará a lectura, no seu tempo libre, de obras de ciencia ficción relacionadas coa tecnoloxía. Algunhas obras recomendadas nos foros tecnolóxicos e outras internacionalmente coñecidas son:

- *A Illa misteriosa* de Julio Verne
- *La invención de Hugo Cabret* (ed. SM): autómatas. (mestura de novela e cómic)
- *Historia de un forro polar rojo* (ed. Siruela) plásticos, transportes, consumismo,... Un libro perfecto para traballos/lecturas interdisciplinares. Pode e debe lerse nas áreas de Sociais, Química, Tecnoloxía...
- *El nombre del mundo es bosque*, Ursula K Le Guin Temática (Ecoloxía)

4º ESO Tecnoloxía e 4º ESO DIXITALIZACIÓN

Co obxectivo de desenvolver o proxecto lector de centro, o departamento de Tecnoloxía propón as seguintes actividades:

- Desenvolverá nas materias da ESO actividades de lectura do libro de texto e exercicios, co obxectivo de fomentar a lectura comprensiva e a asimilación do vocabulario técnico asociado a esta materia.
- Fomentará a lectura, tanto na aula como no seu tempo libre, de artigos de divulgación relacionados con obxectos tecnolóxicos, a súa influencia na calidade de vida e consecuencias medioambientais que se derivan do seu uso.
- Fomentará a lectura, no seu tempo libre, de obras de ciencia ficción relacionadas coa tecnoloxía. Algunhas obras recomendadas nos foros tecnolóxicos e outras internacionalmente coñecidas son:
 - *La sombra del viento* (Ed. Planeta)
 - *Historia de una escalera* (Ed. Vicensvives)
 - *El Lazarillo de Tormes* (Ed. Edelvives)
 - *El señor del cero* (Ed. Loqueleo)
 - *Fuenteovejuna* (Ed. Edelvives)

EPV

1º ESO

Propónselle ó alumnado a lectura de cómics que hai na biblioteca. Recolleráselle un resumo do contido dos mesmos, téndoo en conta no apartado de traballo diario.

3º ESO

Propónselle ó alumnado a lectura de libros da historia da arte que hai na biblioteca e na aula de plástica. Recolleráselle un resumo sobre a vida de algún autor que el/ela escolla, téndoo en conta no apartado de traballo diario.

2.- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS.

2.1- EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

4º-5º INFANTIL

Ademáis de contarmos cun ordenador na aula, dispoñemos dun panel dixital instalado o curso pasado e incorporado xa ao traballo diario do alumnado.

É unha ferramenta didáctica con moito atractivo para eles, que nos vai permitir facer múltiples actividades referidas ás tres áreas do currículo.

O alumnado de Infantil participará tamén en distintas actividades audiovisuais para iniciarse na recreación de contos e noutras posibilidades das novas linguaxes.

Tamén faremos uso da aplicación *Classdojo* como medio de comunicación coas familias, co obxectivo de ir incorporando este tipo de ferramentas nas relacións familia-escola.

Contamos coas autorizacións asinadas das familias, en cumprimento da normativa vixente recollida na LOPD.

6º INFANTIL

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación pódense aplicar na aula para fomentar a cooperación e a innovación.

- Para empregar as TIC na aula hai que poñer en marcha experiencias de aprendizaxe coas que os nenos e nenas poidan adquirir coñecementos e habilidades tales como: a búsqueda de datos, resolución de problemas, traballos en equipo...
- Ademais, nos serán útiles como método de avaliación dos coñecementos adquiridos empregando diferentes soportes nos cales poder realizar actividades como: crebacabezas, xogos para identificar emocións, actividades sensoriais, cancións, puzles, xogos de parellas...

- Do mesmo xeito, tamén serán un recurso moi motivador para o desenvolvemento da lectoescritura, xa que empregaremos a pantalla dixital para escribir palabras significativas referentes ás rutinas diarias (nome, data, menú...) así como ao vocabulario traballado ao longo de cada Secuencia Didáctica.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º PRIMARIA

PLAN DIXITAL: Dende o primeiro curso da educación primaria, no relativo ao plan dixital contribuiremos iniciando ao alumnado na utilización das novas tecnoloxías a través de materiais como son as tablets e as pantallas de última xeración Abalar, así como diversas ferramentas online e outras aplicacións, así como o libro dixital interactivo.

O uso que lle daremos a estes materiais e moi variado, xa que vai dende o uso das novas pantallas como pizarra tradicional aproveitando as potencialidades que nos ofrece ata utilizala para visualizar contidos, como vídeos, libros dixitais, e incluso facer pequenas probas e concursos así como búsqueda global de información.

Con todo isto pretendemos que o alumno adopte unha visión das TIC como ferramentas ao seu servizo, e que non as visualice como un aspecto exclusivamente para o entretemento, ademais trataremos de forma transversal a utilización responsable das mesmas, fomentando un uso seguro e crítico. Este curso será unha toma de contacto coas novas tecnoloxías e poder sentar as bases para unha futura utilización segura, útil e responsable.

2º PRIMARIA

Traballaremos na aula a familiarización coas Tic desde as tablets que cada alumna e alumno teñen asignadas desde o centro, desde o ordenador de aula e desde a pizarra dixital e visitaremos a aula de informática según avancemos nas investigacións dos proxectos. O alumnado será quen ao acabar o curso de acceder a información de traballo desde a Tablet ou ordenador, buscar o oportuno sobre o tema a traballar, recoller nun blog de traballo a información recollida, e clasificarán e esquematizarán o material que recopilaron.

3º PRIMARIA

TICS 3º EP -CURSO 2023/24

O uso das TICS facilita o traballo de RE e/ou ampliación nas distintas materias así coma traballos de investigación e recopilación de información coherente.

A pantalla dixital permitiranos traballar de forma máis rápida e visual. Así mesmo poderemos utilizar internet de maneira conxunta.

Cada alumno disporá dunha Tablet para usala dentro ou fóra da aula. Na aula utilizarémola de maneira puntual nas tarefas que así o requiran.

4º PRIMARIA

Dende a aula de 4º traballaremos coas TICs por diferentes vías:

- Realización de buscas de información guiadas a través das tabletas de aula.
- Webquests.
- Xogos interactivos de repaso de contidos.
- Manexo de aplicacións como Plantnet, iNaturalist, Timetoast ou outras relacionadas cos temas das diferentes áreas.
- Uso de procesadores de texto para a presentación de traballos en diferentes formatos, creación de táboas para sintetizar os resultados de enquisas...

En definitiva, as TICs serán unha fonte de recursos de información e de ferramentas que axuden a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

5º PRIMARIA

Desde o curso 21/22 os cursos de 5º e 6º de primaria están no proxecto E-dixgal, polo que o proceso de ensino-aprendizaxe é fundamentalmente dixital. Cada alumno-a ten o ordenador correspondente, onde accede aos libros de cada materia, realiza as actividades interactivas de cada tema, e outras actividades propostas polo profesorado colgadas na aula virtual E-dixgal ou na aula virtual do centro. Pódese dicir que as TIC están integradas totalmente no proceso de aprendizaxe do alumnado: uso de libros dixitais, actividades interactivas, acceso a actividades de reforzo propostas noutros enlaces, propostas de traballo e entrega dos mesmo en formato dixital na aula virtual de E-dixgal, etc.

A aula dispón, ademais, dun encerado dixital e dun ordenador para o profesor.

6º PRIMARIA

Ordenadores e materiais dixitais permitirán traballar de forma máis rápida, visual e interactiva, e almacenar e manexar moita información. Tamén nos permitirán comunicarnos a través deles. O uso das TIC facilita o traballo de reforzo e ampliación nas distintas materias, o traballo en grupo, a investigación conxunta, o reparto de responsabilidades e a reunificación coherente da información obtida.

Posto que os rapaces contan cos ordenadores do plan Edixgal e que a aula na que están ten ordenador, proxector e pantalla, así como conexión a Internet, ao repositorio Abalar e ao material dixital das distintas editoriais, moitos traballos e actividades realizaranse utilizando estas ferramentas.

RELIXIÓN PRIMARIA

Para incorporar as TIC na aula propúxose unha serie de recursos integrados cos contidos e as actividades de Relixión Católica para os diferentes cursos, aos cales complementan e amplían.

- Actividades TIC: Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
- Enlaces en Internet: Aproveitamento de recursos educativos en Internet: busca de imaxes, información ou curiosidades, e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.

INGLÉS PRIMARIA

A importancia social das Tecnoloxías da Comunicación e a Información (TICs) e o lugar preferente que ocupan na vida dos nenos e das nenas, fai que sexan unha peza clave na aprendizaxe da lingua inglesa. Así, ademais de materiais funxibles, tamén se empregarán DVDs, CDs e Internet como recursos para favorecer a aprendizaxe.

Ademais, empregaranse materiais compartidos na rede en páxinas web como por exemplo:

<http://www.enchantedlearning.com>

<http://www.britishcouncil.org>

<http://www.youtube.com>

<http://www.bbc.co.uk>

<http://www.learningchocolate.com>

<http://www.twinkl.com>

<http://www.eslkidsworld.com>

<http://www.kidzone.ws>

<https://www.liveworksheets.com/>

EDUCACIÓN FÍSICA PRIMARIA

O uso do ordenador, tablets, cámaras de vídeo, recursos dixitais e diferentes medios de proxección na escola enténdese como un recurso máis a ter en conta e polo tanto debe ser planificado, organizado e avaliado.

Dentro do “**Plan de Integración das TIC**” e en relación á área de Educación Física, queremos contribuír ó coñecemento e utilización crítica e responsable, intentando que o alumnado as relacione co deporte e a actividade física. Para iso propoñemos dende a nosa área a búsqueda de información e o seu tratamento. A utilización das TICs para demostración e análise das execucións do alumnado como por exemplo: Fotografías, gravacións e posterior visualización e reflexión.

MÚSICA PRIMARIA

Dende Música contribuírase á adquisición dos obxectivos propostos polo Plan TIC con actividades de interese musical para o alumnado que conterán exercicios e tarefas sobre algún tema relacionado coa música empregando o ordenador persoal (EDIXGAL) en 5º e 6º curso e a aula de informática nos restantes.

Utilizaremos diferentes recursos en páxinas adicadas á aprendizaxe de música (www.musicaeduca.es, www.aprendomusica.com , “Pequeño Mozart” etc, así coma aplicacións coma os *geniallys* ou *kahoots*.

Traballaremos as audicións e vídeos sobre os instrumentos, agrupacións musicais, compositores/as ou musicogramas en *Youtube* e introduciremos conceptos de edición de audio ou creación de algunha partitura co programa *musicstore* e *cool edit*.

2.2.- INTEGRACIÓN DAS TIC – ESO

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

- Uso do PC portátil e do proxector para a representación de funcións empregando algún programa sinxelo de representación de funcións e comprobar deste xeito se a gráfica da función se corresponde coa forma que os alumnos esperaban. Emprego do ordenador portátil e do proxector na aula para, coa axuda de

programas sinxelos de software libre de xeometría dinámica (como Geogebra) presentar ao alumnado conceptos da xeometría e análise para facilitar a súa visión e comprensión.

- Uso da Aula de informática do centro para a elaboración de traballos estatísticos cunha folla de cálculo, dende a recollida de datos á realización de táboas estatísticas con todos os parámetros estatísticos necesarios, representación dos datos co gráfico axeitado e representación da recta de regresión asociada.
- Recorrer á Internet como fonte de busca de información para a elaboración de traballos que teñan como finalidade o coñecemento do alumno acerca da historia e evolución das Matemáticas así como coñecer aspectos da vida de homes e mulleres importantes pola súa achega ao campo das matemáticas e á ciencia en xeral.
- Empregar programas de propósito xeral (procesador de texto, folla de cálculo, base de datos, paquetes gráficos o programas de comunicacións) como ferramentas de apoio da área curricular.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Contribuiremos a desenvolver este plan fomentando o uso de ordenadores, de internet, e máis contretamente, coa creación dun blog de educación física, no que incluiremos traballos feitos ó longo do curso, como por exemplo, unha recompilación de xogos tradicionais da nosa comunidade. Ademais na exposición de noticias deportivas da prensa, aconsellaráselles a lectura en formato dixital.

PROXECTO COMPETENCIAL

Serán básicos os ordenadores, a aula de Audiovisuais que utilizaremos, así coma o visionado de documentais, fotos ou vídeos da rede. Será habitual o uso de blogs e páxinas onde crearemos a nosa propia información sobre a materia e onde colgaremos o noso traballo.

VALORES ÉTICOS

Serán básicos os ordenadores, a aula de Audiovisuais que utilizaremos, así coma o visionado de películas DVD, documentais, fotos ou vídeos da rede. Será habitual o uso de blogs e páxinas onde crearemos a nosa propia información sobre a materia e onde colgaremos o noso traballo.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERTURA

CONTRIBUCIÓN ÁS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

As TIC constitúen un elemento básico na aprendizaxe, como soporte de contidos e ferramentas para a elaboración de tarefas, e a súa aplicación na aula de lingua e literatura esténdese a todos os ámbitos da materia.

En todas as materias levaranse a cabo actividades de procura de información, de elaboración de textos e traballo con textos dados. No seu desenvolvemento promoverase a alfabetización mediática, informacional e dixital, co fin de que o alumnado atinxa a capacidade de discriminar, avaliar e utilizar adecuadamente a información.

Nas aulas de Lingua Galega e Literatura utilizarase a plataforma Edixgal como soporte principal de contidos ofrecidos ao alumnado e como vehículo na entrega dunha parte considerable das tarefas.

Todas as unidades didácticas propoñen actividades relacionadas coas TIC. O alumnado dispón de ordenadores para o seu uso individual, xa que o centro está adscrito ao programa Edixgal. As aulas están dotadas dun encerado dixital e dun proxector.

En calquera caso, temos presente que non sempre é posible a utilización dos medios dixitais, xa que dependemos da eficacia das conexións á Internet e do estado óptimo dos equipos, non sempre posibles, tanto no centro como nos fogares do alumnado.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Contribución da materia Xeografía e Historia ao plan TIC

Neste ámbito o alumnado utilizará as novas tecnoloxías de acordo cos recursos do centro: utilizaranse os ordenadores dos que dispón o alumnado para o acceso a páxinas web relacionadas cos contidos das materias, e a exposición de presentacións dixitais na aula. Igualmente o alumnado recibirá recomendacións de páxinas de internet para afondar en distintos coñecementos. Por outra banda, unha parte da nota dos traballos que se desenvolvan ao longo do curso terán en conta a confección dos mesmos usando certos programas de utilidade para esta materia (google Earth/Maps, Writer, genially, etc).

Tódolos cursos usarán o Edixgal e/ou Aula Virtual.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- **Contribución ás Tecnoloxías da Información e Comunicación (TICs)**

As TICs, cada vez máis, constitúen un elemento básico na aprendizaxe, como soporte de contidos e ferramentas para a elaboración de tarefas, e a súa aplicación na aula de Lingua Castelá e Literatura esténdese a todos os ámbitos da materia.

O centro está adscrito ao programa *EDIXGAL* da Consellería de Educación, polo que o alumnado non dispón de libros de texto para esta materia en ningún dos cursos. O alumnado conta con ordenadores para o seu uso individual e traballarán co ordenador sobre os materiais seleccionados previamente pola profesora. Asemade, as aulas están dotadas dun encerado dixital e dun proxector.

Levaranse a cabo actividades de busca de información, de elaboración de textos e traballo con textos dados. Na súa utilización, promoverase a alfabetización mediática, informacional e dixital, co fin de que o alumnado atinxa a capacidade de discriminar, avaliar e utilizar adecuadamente a información, absolutamente imprescindible na sociedade actual.

Con todo, temos que dicir que, a xuízo deste departamento, a implantación das novas tecnoloxías nas aulas non é, nin moito menos, a solución aos problemas derivados da falta de motivación e de esforzo de parte do alumnado, nin supoñen tampouco unha mellora nas dificultades existentes canto ás catro destrezas lingüísticas básicas (ler, escribir, falar, escoitar). Se ben poden supor un soporte de aprendizaxe interesante nalgúns momentos, parécenos fundamental destacar os riscos derivados da omnipresencia tecnolóxica no día a día do noso alumnado (evidente mingua da capacidade de concentración, problemas de adicción ás pantallas...), pois non soamente se atopan en contacto con estes dispositivos nas súas casas durante unha altísima porcentaxe de horas non lectivas, senón tamén agora nas aulas. Por este motivo, a pesares de ter todos os materiais da materia (apuntes, presentacións, tarefas...) colgados na plataforma *EDIXGAL*, dende esta materia evítase o uso diario do ordenador na aula, traballando así con textos en papel facilitados pola profesora e cos cadernos.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Plan da Integración das TICs

Objectivo xeral

A incorporación das TICs ao proceso de ensino-aprendizaxe como un recurso máis ten como obxectivo a adquisición de coñecementos e habilidades para o seu uso nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer co fin de acadar unha competencia dixital.

b) Obxectivos específicos para o alumnado

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Empregar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

c) Principios metodolóxicos

O principal obxectivo da lingua estranxeira é potenciar o emprego das TICs como ferramenta de traballo, tanto no proceso de ensino-aprendizaxe dentro da aula como no proceso de auto-aprendizaxe fóra dela. Por todo isto os nosos principios metodolóxicos baséanse en:

- Empregar todos os recursos que para este fin ten o noso centro (equipos E-Dixgal, Aula Virtual EVA, lousa dixital...)
- Incluír paulatinamente o uso das TIC nas actividades de aula.
- Empregar programas e contornas que faciliten o aprendizaxe e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos (por exemplo, aplicacións tipo Word App, ClassDojo, ou Duolingo).
- Promover a autonomía no proceso de aprendizaxe.
- Fomentar o uso de Internet como ferramenta de consulta e de gran utilidade na busca de información (uso de dicionarios en rede...)
- Concienciar ao alumnado da importancia dunha axeitada e crítica utilización de Internet.
- Despertar o interese cara as TICs, empregando o ordenador como medio de investigación para ampliar coñecementos na elaboración de proxectos individuais

e/ou colectivos.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Accións previstas de acordo co plan TIC

As medidas de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación na materia de Física e Química son as seguintes:

- Uso do proxecto Newton en <http://recursostic.educacion.es/newton/web/> onde traballaremos varias unidades didácticas dos distintos bloques temáticos.
- Elaboración de táboas e gráficas mediante a folla de cálculo Microsoft Excel ou OpenOffice Calc.
- Procura de información sobre biografías de personaxes científicos de relevancia na enciclopedia dixital www.wikipedia.org

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Dado que o departamento de Bioloxía e Xeoloxía participa do programa Edixgal, o fomento das TICS será primordial para o bo desenrolo da materia proposta. As materias de Bioloxía e Xeoloxía teñen activadas as súas respectivas aulas virtuais en cada un dos cursos da ESO onde se imparte, nas cales subiranse os materias complementarios (vídeos, apuntamentos, esquemas, etc.) e as tarefas que o profesor considere ao longo do curso escolar.

Ademais, para a realización das tarefas propostas pola aula virtual o alumnado deberá buscar a información en diferentes fontes de Internet, facer unha síntese da mesma nun procesador de textos e adxuntala correctamente na pestana correspondente da aula virtual, potenciando a competencia informática e dixital do estudantado do centro.

Finalmente, está programada tamén a visualización dalgún documental na aula como complemento ós contidos dalgunha unidade didáctica concreta (como a relativa ó medio ambiente de 4º da ESO, por exemplo), para o cal se empregará o material do que se dispón nas aulas (portátiles, canóns, altofalantes, etc.) e as plataformas dixitais de vídeo (Youtube, Netflix, etc.).

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Desde o departamento de música preténdese a través das tic a procura dos seguintes obxectivos:

- Integrar as TIC na aula como unha importante ferramenta educativa.
- Utilizar a aula virtual do centro cun manexo inicial-medio e outras plataformas que semellan aulas virtuais (google classroom).
- Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade na aula a través da súa utilización e de aproveitar a información que de las poida sacar e para a mellora do proceso ensinanza-aprendizaxe da materia de música.
- Empregar os ordenadores para o traballo cotián e as actividades do aula: actividades, controis, fichas, circulares, traballos de presentación en power point...
- Saber consultar información a través do ordenador a través das Eduwikis, Webquests, Edublogs tanto para o profesor como para o alumno/a.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/ou participar en foros de debates, chats, a través de internet...
- Fomentar o uso do ordenador como un recurso que favoreza a adquisición de coñecementos, destrezas e habilidades.
- Impulsar o traballo en equipo desenvolvendo actitudes de colaboración, interacción, responsabilidade..

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

TICS CURSO 2023-24

Os materiais didácticos multimedia foron adquirindo unha grande importancia na educación actual. A elaboración destes materiais didácticos foi evolucionando ao longo dos últimos anos e hoxe case ninguén dubida da súa capacidade para incidir na aprendizaxe dende as idades máis novas.

É unha realidade incuestionable que a incorporación das TICS na sociedade e en especial no ámbito da educación, aporta unha grande fonte de recursos e materiais didácticos que inflúen de maneira significativa no ensino e aprendizaxe.

Un sistema de aprendizaxe baseado nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación aporta un valor engadido o actual sistema educativo e abre as portas a novos paradigmas educativos e de información.

A utilización das TICS na aula proporciónalle ó estudante unha ferramenta que se axeita a súa actual cultura tecnolóxica, e dálle a posibilidade de responsabilizarse mais da súa educación e que o fai protagonista da súa propia aprendizaxe, do permanente aprender a aprender.

Neste contexto é imprescindible incorporar as TICS na aula desenrolando recursos pedagóxicos dinámicos que utilizan unha metodoloxía activa e innovadora co obxectivo de aumentar a motivación do alumnado cara a materia. Da mesma maneira, pode mellorar a comunicación entre profesor e alumnado e aumenta a súa motivación e satisfacción na aprendizaxe de novos conceptos. A posibilidade de manipular, de interactuar favorece a aprendizaxe significativa. Os recursos visuais e auditivos variados e o plantexamento de actividades coma situacións reais facilitan a comprensión de aspectos que as veces resultan difíciles de integrar no traballo normal da aula.

A variedade da tipoloxía de actividades posibles co uso das TICS evita a monotonía e favorece o interese do alumnado con diferentes capacidades, respectando o seu propio ritmo de aprendizaxe e facilitándolle o profesorado un resultado positivo en canto o tratamento da diversidade na aula.

A interactividade das aplicacións multimedia favorece un ensino e aprendizaxe mais dinámico e didáctico. A actitude do usuario fronte a interactividade estimula a reflexión, o cálculo de consecuencias e provoca unha maior actividade cognitiva.

Os recursos multimedia presentes en Internet complementan a oferta de contidos tradicionais coa utilización de animacións, vídeos, audio, gráficos, textos e exercicios interactivos que reforzan a comprensión dos contidos do libro de texto e enriquecen a súa presentación.

Na área de Relixión Católica utilízanse moi a miúdo as TICS polas razóns que se acaban de enunciar. O que máis se utiliza son os materiais audiovisuais: música, diferentes películas, xa sexan de contido bíblico, xa sexa cine actual, e tamén documentais, sempre relacionados co tema co que se está traballando nese intre. Tamén cabe sinalar que en cada unidade se lles proporcionará o alumnado diferentes páxinas de Internet que tratan ese tema para que eles poidan consultar. Algunhas de esas páxinas conteñen xogos e incluso webquest.

Tamén se utiliza un CD-ROM con numerosas actividades para traballar coa Biblia.

Non hai libro de texto, implantouse a plataforma dixital no centro.

Foi creado un curso da materia na Aula Virtual do centro para cada nivel educativo. Xa está en funcionamento. Xunto co correo electrónico será de gran utilidade en caso de volver a estar confinados, ou para aquel alumnado que non poida asistir presencialmente ás clases.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Considero que o plan de integración das tecnoloxías TICs está amplamente integrado nos contidos de de Tecnoloxía desde 1º ESO ata 4º da ESO así como a través da Dixitalización 4ºESO: ofimática (Writer, Calc), programas específicos (Crocodile, robótica, ...), realización de blogs, wiki, etc, e que contribúe significativamente ó desenvolvemento e adquisición da competencia dixital. Neste senso indicar que aparte dos contidos específicos de informática e da comunicación, o uso de Internet para facer buscas de información e a visualización de vídeos, no apartado de seguridade no traballo e materiais tamén contribúen ó habito e dominio dos estudantes destas técnicas.

EPV

1º ESO

- Buscas na Internet.
- Traballo con programas na aula de informática e a través da aula virtual do centro ou a través da plataforma EVA-Edixgal.

3º ESO

A materia de plástica trata en si mesma de conseguir comunicar mediante imaxes, volumes e superficies polo que o uso das novas tecnoloxías é moi interesante.

Este ano faremos buscas na Internet. Traballaremos con Paint, Gif Animator e Gimp ou similares na aula de informática ou a través da Aula Virtual do centro ou a través da plataforma EVA-Edixgal, cando sexa posible. Realización de fotografías co móbil ou portátil asignado do entorno Edixgal, fóra das horas lectivas, e sen persoas nas mesmas, en orde a traballar con elas. Visualización de vídeos do departamento sobre o “cine” e o “cómico” e páxinas de Internet aclaratorios das teorías da Gestalt. Realización de animacións. Contidos teóricos sobre a natureza da percepción, prácticos sobre a súa aplicación e análise crítica de obras coñecidas ou interesantes.

ANEXO IV

D.79/2010 DE PLURILINGÜISMO

O Proxecto Lingüístico de Centro aprobado no 2015, foi revisado e renovado, sendo aprobado en Claustro o 5 de novembro de 2019 e en Consello Escolar o 5 de novembro de 2019

ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO (2023/2024).



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Confórmase, segundo o artigo 15 do D79/2010 do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega para o presente curso cos seguintes membros:

- Paula Castenda Blanco (coordinadora) (EP)
- M^a Rosario López Barreiro (EI).
- Elena Pérez Vázquez (Secundaria).
- Sara Martínez Quindimil (alumna secundaria).
- Roi Pardo Rúa (alumno secundaria)
- Yaiza Lareo Gómez (alumna secundaria)

O equipo reunirase mensualmente para organizar e propoñer as diferentes actividades ao longo do curso.

1. Con respecto ás actividades e estratexias de aprendizaxe para o coñecemento oral e escrito das linguas oficiais, serán establecidas nos currículos das correspondentes áreas de cada ciclo e nivel.
2. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados no curso anterior e información do que se vai desenvolver neste curso.

Entre as actividades levadas a cabo no curso anterior destacamos:

- Subscrición ao boletín de novidades da **SXPL**.
- Subscrición a **Nós Diario**, único xornal impreso en lingua galega.
- **Envío de material e recursos** en datas coma o 25N, nadal, entroido, día de Rosalía e letras galegas.
- **Traballo do outono**: concurso de poesía con temática de outono na E.S.O e ilustración de refráns para infantil e primaria.
- **25 N**: en colaboración co Concello de Mesía e co equipo de biblioteca, realizouse unha marcha dende o colexio ata o concello, onde se leu un manifesto redactado polo alumnado da E.S.O e se expuxeron os lemas feitos por todo o alumnado.
- **Obradoiro de Regueifa** con Alba María para o alumnado de primaria e secundaria.
- **Galicia no nadal**: reparto de cartas para o Apalpador e os Reis Magos, así coma outros recursos relacionados con esta festividade.
- Participación no Certame **Rosalía sempre viva** convocado pola Fundación Manuel M^a de Estudos Galegos.
- **Día de Rosalía**: envío de material a todo o profesorado para traballar a vida e obra de Rosalía e propostas de diversas actividades: o alumnado de infantil e primaria fixo un marcapáxinas onde ilustrou un poema de Rosalía e disfrutou dun contacontos “A miña historia” da compañía “Trémola teatro”.
- **Día internacional da muller**: exposición “ **sen elas non hai música galega**” en colaboración coa Asociación Visible e dous talleres para infantil e primaria: Comunidade Vagalume e Cambiando o conto. Tamén se colaborou e participou no “**Cóntano Elas**”, actividade organizada dende o Concello de Mesía.
- **Letras Galegas**: procuramos materiais sobre o autor homenaxeado Francisco Fernández Del Riego, e contamos coa obra de teatro “ as palabras perdidas”.
- **Elaboración do tríptico** para a semana do teatro.
- **Semana do teatro**, celebrada do 12 ao 15 de xuño con dous pases cada curso, un para o alumnado e outro para as familias.
- Colaboración na **revista escolar** (formato dixital) e tamén en diferentes actividades organizadas por outros equipos didácticos e departamentos do centro.
- Elaboración e presentación do **Proxecto de fomento do uso do galego 2023** polo que recibimos 404€, que investimos en copistería e material funxible.

- Colaboración cos equipos de Biblioteca e actividades complementarias e extraescolares na preparación de actividades para distintas conmemoracións: Magosto, Samaín, 25 N, Día da Paz, Entroido, día de Rosalía, Semana do Libro, día Mundial da Poesía.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2023/2024.

1. Actividades de continuidade:

- Seguir coa colaboración “Na Escola”, revista aberta á participación de toda a comunidade educativa.
- Participación en concursos e certames, sempre que os consideremos axeitados para o noso alumnado.
- Letras Galegas: propostas diversas para festexar a nosa literatura e dar a coñecer a obra e vida da autora homenaxeada.
- Semana do Teatro.
- Día de Rosalía, no que se pretenden levar a cabo diferentes actividades, para seguir fomentando o coñecemento da nosa autora máis universal. (posible concerto de Uxía Senlle co traballo “Rosalía pequeniña”).
- Actividade para conmemorar as Letras Galegas en colaboración co concello e o Equipo de Biblioteca do centro (actuacións musicais, títeres, contacontos...)

2. Outras propostas:

- Traballos de coñecemento da contorna: xeografía e historia da zona, lugares de interese, mapas das parroquias, toponimia, microtoponimia e etnografía. (en colaboración cos equipos de biblioteca e actividades complementarias e extraescolares).

Concretaremos as posibles saídas para os distintos niveis educativos.

- Ampliación dos fondos bibliográficos do centro no que se refire á nosa lingua (material audiovisual, revistas, cómics).
- Potenciar o uso do galego nas novas tecnoloxías (tablets, móbiles, ordenadores...).

- Posibilidade dun concerto dun grupo galego para alumnado de secundaria na semana das letras ou fin de curso.
- Posibilidade de traer a algunha ilustradora de contos infantís / músicos da contorna.
- Concurso de fotografía sobre o outono en primaria e E.S.O.
- Posibilidade dunha visita guiada ao Castelo de Mesía.
- Visita ao museo etnográfico de Frades.
- Posible visita / obradoiro con “Orgullo Galego”.
- Propostas de concursos (de poemas, ilustración, coreografías, videorelatos, refráns etc) en diferentes conmemoracións ao longo do ano.
- Envío de recursos en colaboración cos outros equipos do centro para as distintas conmemoracións que contempla o calendario escolar.

Deixamos aberta a posibilidade de participar noutras actividades según as convocatorias que vaian saíndo en función dos intereses do alumnado .

ANEXO V

PROGRAMAS EDUCATIVOS: PLAN PROXECTA , CONTRATOS

PROGRAMA

SECCIÓNS BILINGÜES

A participación nos distintos programas educativos foi aprobada no claustro e consello escolar de inicio de curso, con data 07 de setembro de 2022, sendo a aprobación en ámbolos dous por unanimidade. A sección Bilingüe na materia de Bioloxía tamén foi aprobada polo Claustro e polo Consello Escolar en reunións previas á súa solicitude

PLAN PROXECTA

Solicitude de participación no PLAN PROXECTA na modalidade “Mestres Gandeiros”, coordinado polo profesor xefe de Departamento de Matemáticas de ESO, encamiñado a dar a coñecer as boas prácticas que a poboación rural está levando a cabo, como xestores da natureza e da paisaxe.



FOGA- solicitamos a participación no programa de Froita e Leite na Escola, programa que vai unido ao programa solicitado de EDUinnova: EDUsaúde-O centro como dinamizador de hábitos de vida saudable.

CONTRATOS PROGRAMA INCLÚE

Modalidades **CONVIVE-T**, **EMOCIONA-T**, **IGUALA-T**



Os obxectivos propostos son:

- promover un clima axeitado nas aulas
- -mellorar as competencias cívicas e sociais
- -desenvolver valores que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero
- -promover relacións positivas entre o alumnado a fin de previr o acoso escolar
- -identificar e rexeitar situacións de abuso, inxustiza e marxinación por razón de xénero, desenvolvendo comportamentos que favorezan a igualdade
- -regulación das emocións propias e alleas...), tanto no profesorado como no alumnado, entendidas como competencias básicas para a vida.
- -Avanzar cara unha educación emocional concebida como un eixe transversal.
- -Potenciar o deseño e implementación de programas de intervención para a adquisición e desenvolvemento de competencias emocionais.
- -Implicar o profesorado na formación da educación emocional.
- -Mellorar o rendemento académico do alumnado a través da contribución das habilidades emocionais.

CONVIVE-T

Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual, prevención e

tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes. Actividades encamiñadas a mellorar a convivencia no centro en xeral e entre o alumnado en particular. Participación de todo o alumnado e profesorado do centro, con diferentes actividades ao longo de todo o curso, coa colaboración do Departamento de Orientación.

EMOCIONA-T

Desenvolveranse accións para a mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa que redunde no benestar emocional persoal-social e na súa calidade de vida, así como para o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima e a empatía, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.

IGUALA-T

Desenvolveranse accións encamiñadas a fomentar a igualdade entre o alumnado, eliminando estereotipos de xénero, e a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

CONTRATOS PROGRAMA- INNOVA



Modalidades de participación:

EDUsaúde-O centro como dinamizador de hábitos de vida saudable

Os obxectivos propostos son os seguintes:

- Adquirir, por parte do alumnado, hábitos alimentarios saudables.
- Procurar un entorno alimentario saudable dentro do centro docente que promova e facilite unha dieta diversificada, equilibrada e sa.
- Orientar ás familias na selección de alimentos saudables para o consumo do alumnado no centro docente.

- Incrementar a actividade física efectiva diaria do alumnado ao longo do horario lectivo.
- Favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro.

EDUexcelencia- o centro como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito do coñecemento- neste caso traballar arredor do teatro e da elaboración da revista escolar

EDUInnova- O Centro como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente

PROGRAMA A PRENSA NA ESCOLA

O alumnado de 5º e 6º de Primaria participa este curso no programa de “Prensa na Escola”. Todos os mércores reciben un exemplar do xornal “La Voz de Galicia”, que ese día inclúe o suplemento de “la voz en la escuela”, para traballar con el na aula.

SECCIÓNS BILINGÜES

O centro conta con dúas seccións bilingües nas materias de Música e Bioloxía e Xeoloxía en 3º de ESO. Contamos tamén cun auxiliar de conversa compartido co CPI de Trazo.

ANEXO VI

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CPI DE XANCEDA

Curso 2023-2024

ÍNDICE

(Atendendo á Orde 24 de xullo de 1998. Artigo 15º)

1.- XUSTIFICACIÓN	3 páx.
1.1 TEÓRICA	
1.2 LEGAL	
1.3 BASEADA NO CONTEXTO	
2.- OBXECTIVOS	12 páx.
3.- PLANIFICACIÓN XERAL.	
3.1.- Definición de accións prioritarias.....	15 páx.
3.2.- Ámbitos de Actuación	
3.2.1.-Apoio ó Plan de Acción Titorial	
3.2.2.- Apoio ó Plan Xeral de Atención á Diversidade	
3.2.3.-Apoio ó Plan de Orientación Académica e Profesional	
4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	23 páx.
5.- TEMPORALIZACIÓN	27 páx.
6.- AVALIACIÓN DO PLAN	30 páx.
7.- PROPOSTA DE MELLORA CONTINUA DA CALIDADE	31 páx.
ANEXOS	

1. XUSTIFICACIÓN

1.1 TEÓRICA

A orientación educativa, psicopedagóxica e profesional forma parte do conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza e constitúese como un dos principios ós que debe atender a actividade educativa, ademais de entender a orientación educativa como un elemento inherente a toda acción docente que afecta ao conxunto da comunidade escolar (profesores, familia, alumnado e centro). Neste senso, o modelo de orientación que se propón neste Plan artículase a través da actuación de tres niveis:

- ❖ A **Acción Titorial** (A.T.) é o primeiro nivel e o máis próximo ó alumnado. Esta función está levada a cabo por todo o profesorado que incide nun mesmo grupo clase e coordinados polo profesorado titor. A súa vez estarán asesorados polo Departamento de Orientación.
- ❖ **Departamento de Orientación** (D.O.) é o marco institucional onde se articulan as funcións de orientación e tutoría, así como unha determinada oferta curricular adaptada e diversificada. Estes están, a súa vez, asesorados polos Equipos de Orientación Específicos.
- ❖ Os **Equipos de Orientación Específicos** (E.O.E.) aportan o carácter técnico e a súa actuación é subsidiaria da dos outros dous niveis. Xunto co D.O., conforman o sistema de orientación e constitúen o garante de que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e de que se estableza unha vía de asesoramento permanente ó alumnado, profesorado e familia mediante un plan de actuación común ente os diferentes profesionais, tal como se recolle na Orde 24 de xullo de 1998.

A orientación diríxese a todo o alumnado, non só ós que manifestan algún problema, e para esta función a orientadora é considerada unha educadora máis do centro. Asemade, desenvólvese ao longo de todo un continuo temporal, non de forma puntual, implicando para iso a tódolos axentes educativos (profesorado, familias, comunidade...).

Consecuentemente, dita actuación réxese por unha serie de principios, tales como: prevención, planificación, curricularidade, cooperación, intervención social, sistematicidade e desenvolvemento persoal.

1.2 LEGAL

O marco legal que regula a educación, tanto a nivel estatal como autonómico, sinalan que a función orientadora e a titorial constitúen os servizos e actividades que o sistema educativo ofrece co obxecto de optimizar o rendemento e a calidade da ensinanza.

A LOMCE, Lei 8/2013, e a LOMLOE, Lei 3/2020, recollen o dereito das familias e alumnado a recibir Orientación Académica e Profesional e recoñécese o dereito das familias a ser escoitadas naquelas decisións que afecten ó futuro académico e profesional dos seus fillos e fillas.

A **nivel autonómico**, hai que facer referencia ás seguintes disposicións:

- Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia, participación, da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 120/1998 que regula a orientación educativa e profesional. Ampliado pola Orde do 24 de xullo dese mesmo ano, establecendo no seu artigo 15º a estrutura do noso Plan de actuación.
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Decreto 229/2011 polo que se establece e regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia.
- Decreto 150/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Infantil en Galicia.
- Decreto 155/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia.
- Decreto 156/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO en Galicia.
- Decreto 157/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato en Galicia.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de

convivencia escolar.

- *Orde do 13 de xullo de 2015* pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- *Orde do 8 de setembro de 2021*, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de Atención á Diversidade.
- *Orde do 25 de xaneiro de 2022*, pola que se actualiza a normativa de avaliación na ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- *Circular 10/2010* pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

1.3 BASEADA NO CONTEXTO

1.3.1 CONTEXTO

O centro atópase no concello de Mesía (entorno rural), situado na cunca do río Tambre e pertence á comarca de Ordes na provincia de A Coruña. Conta cunha superficie de 107,07 km², dividida en 12 parroquias, 11 dentro do termo municipal e unha, Bruma, situada fóra del. O concello de Mesía conta cunha poboación de 2500 habitantes. O núcleo máis poboado de todo o Concello é Visantóña. O centro administrativo é Xanceda. Estamos a falar dunha poboación dispersa, que nos últimos anos está experimentando un leve incremento debido a que o número de nados é superior ao número de defuncións.

A actividade económica do Concello de Mesía está dominada polo sector primario e é o subsector pecuario o que marca as pautas paisaxísticas e do aproveitamento. A principal economía deste concello é a gandería. Con máis de 354 explotacións agropecuarias censadas, Mesía é un dos concellos da provincia da Coruña con maior número de cabezas de gando vacún, total de bovinos 12.762 (Datos período 2012 do Instituto Galego de Estatística). É preciso destacar a alta mecanización que se está a levar a cabo no sector, que cada vez é máis competitivo e ten mellores rendementos.

As principais industrias deste concello son as industrias cerámicas, que explotan un abundante recurso que existe na zona, o barro, e dedícanse á fabricación de tella curva e de ladrillo.

A actividade económica do concello completárase cunha serie de pequenas e medianas empresas, entre as que cabe salientar as dedicadas á fabricación de mobles, estruturas metálicas, elaboración de pan e repostería, derivados lácteos e outras pertencentes ao sector servizos.

A casa do Concello está situada no "Campo das Mentiras", na parroquia de Xanceda. É a institución encargada do mantemento do Centro. O Concello conta con Biblioteca Municipal, a través da que se realizan cursos de animación á lectura, informática, teatro, Aula Informática, Auditorio e ten contacto permanente co centro para a realización de actividades. A meirande parte da poboación emprega como lingua de comunicación o galego.

O centro está situado na parroquia de Xanceda, no concello de Mesía. É un C.P.I. (Centro Público Integrado), que acolle alumnos/as pertencentes ós Concellos de Mesía (na maioría) e Frades, desde Educación Infantil de 3 anos ata 4º da ESO. Ademais incorpóranse os alumnos/as das escolas unitarias de Olas e Visantóna.

É un centro de 12 unidades que corresponden a:

- 2 unidades de Educación Infantil.
- 6 unidades de Educación Primaria.
- 4 unidades de Educación Secundaria.

Finalmente engadir que o centro participa nos seguintes programas:

- **PLAMBE**
- **E-dixgal**
- **Proxecto de Normalización Lingüística**
- **Contratos-programa**
- **Plan Proxecta**

1.3.2 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os *Departamentos de Orientación* veñen regulados na nosa comunidade autónoma polo *Decreto 120/1998*, concibíndose os mesmos como un servizo de orientación interno ó centro, dende o cal se pretende que a orientación forme parte esencial da comunidade educativa, entendéndose como un dereito de carácter xeralizado, continuo, preventivo, integrado, dende o respecto ás características distintivas de cada comunidade educativa. Deste xeito, resulta fundamental que os profesionais da

orientación colaboren co profesorado e coas familias para lograr o maior desenvolvemento persoal, académico e profesional dos alumnos e alumnas.

Co fin último de conseguir este desenvolvemento integral do alumnado, o Departamento de Orientación do centro conta cos seguintes profesionais:

- **Xefa do Departamento:** Noemí Cortés Seoane
- **Membros:**
 - Coordinadora de E. Infantil: M^a del Rosario López Barreiro.
 - Profesora de P.T. Primaria: M^a Dolores Negreira Gerpe.
 - Profesora de P.T. Secundaria: Raquel Vázquez Vaamonde.
 - Profesora de AL: Silvia Bahamonde (sustituta)
 - Titores de Educación Primaria:
 - + 1º curso: Marcos Nodar
 - + 2º curso: Mónica Gil Suárez
 - + 3º curso: M^a José Quindimil Suárez
 - + 4º curso: Sonia López Vázquez
 - + 5º curso: María Sanjurjo Moar
 - + 6º curso: Josefa Amadora Blanco Álvarez
 - Profesorado de Secundaria por ámbitos:
 - +Ámbito lingüístico:
 - +Ámbito científico:
- **Centros adscritos:**
 - EEI VISANTOÑA: Mirella Cajaradille Dapena
 - EEI OLAS: Ana

No que refire á dotación material do departamento débense destacar os seguintes recursos:

- Local de uso exclusivo e mobiliario completo.
- Dúas aulas para uso das especialistas de PT.
- Aula de Audición e Linguaxe
- Recursos psicopedagóxicos: test, programas específicos, bibliografía..
- Material elaborado polo propio DO.
- Recursos tecnolóxicos: ordenador.
- Extensión telefónica e conexión a Internet.

O horario de xefatura do DO caracterízase pola súa flexibilidade, no senso de que foi elaborado co obxecto de procurar unha racionalización do tempo e do esforzo adicado ós diferentes aspectos da orientación. Tamén é destacable a existencia dunha hora semanal para recibir ás familias que así o demanden, por considerar fundamental a súa implicación na dinámica do centro o no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos/as, así como a reunión do DO. Con carácter xeral, establecerase unha reunión mensual coa totalidade de membros do DO e semanalmente establecerase unha reunión cos especialistas de PT e AL para realizar o seguemento das MAD e das dificultades de aprendizaxe que poida ter o alumnado. A atención ás Escolas Unitarias realizarase mediante visitas puntuais segundo demanda das propias escolas, facendo fincapé especialmente naqueles casos que así o demanden as súas responsables para dar resposta as necesidades xurdidas ao longo do curso escolar.

1.3.3 NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Neste punto farase referencia a todo aquel alumnado que por diferentes razóns mostran dificultades ao longo do seu proceso de ensino e aprendizaxe. Deste xeito, o Departamento de Orientación, coa colaboración do profesorado e as familias, terán como obxectivo básico procurar unha atención individualizada que axude na maior parte posible a que este alumnado acade os obxectivos educativos ao igual que o resto dos seus compañeiros e compañeiras. Para isto, debemos partir dos informes psicopedagóxicos (Orde do 8 de setembro de 2021) de cada un deles, co fin de coñecer a súa problemática e deste xeito aplicar as medidas de atención á diversidade que procedan en cada caso concreto.

Actualmente no centro temos escolarizado alumnado con NEAE que, segundo recolle a lei educativa vixente, *sería aquel alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar Necesidades Educativas Especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.*

Hai que resaltar a posta en práctica do noso centro de determinadas medidas de atención á diversidade, entre elas:

MEDIDAS ORDINARIAS

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ó contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Desdobres de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de habilidades sociais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

En canto os *apoyo dos especialistas de PT e AL* apuntar que se trata dun apoio combinado fóra e dentro da aula, unha vez valoradas as necesidades educativas do alumnado; para iso, fíxose unha priorización do alumnado ao que se lle prestará apoio, intentando realizalo da forma máis individualizada posible.

Relación alumnado e sesións de reforzo/apoyo recibidas.

No presente curso académico, no momento de realizar o Plan de Actuación do Departamento de Orientación, o horario das especialistas de PT e AL atenderá as seguintes NEAE:

ALUMNADO CON NEAE Curso 2022/2023. CPI de Xanceda

EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO	ALUMNO/A	REFORZO/APOIO	NECESIDADES
4º EI 5º EI		1/2 sesión AL (PELO)	Dislalia
6º EI		1/2 sesión AL (PELO)	Dislalias
1º E.P.	1 alumno	Grupo de adquisición de linguas	Descoñecemento das dúas linguas oficiais.
	1 alumno	5 sesións PT e 3 sesións AL	TEA
	2 alumnos	2 sesións PT e 1 sesión AL	Dificultades na linguaxe Dificultades atencionais e de aprendizaxe
2º E.P.	1 alumno	½ sesión AL	Dificultades na linguaxe.
3º E.P.	3 alumnas	En solicitude de avaliación	Sospeita de dislalias e dificultades de aprendizaxe.
	2 alumnas	½ sesión AL	Dificultades da linguaxe
	1 alumna	4 sesións PT e 1 sesión AL	TEL, dificultades lectoescriptoras, comprensión e expresión
	1 alumna	4 sesións PT e 1 sesión AL	Dificultades específicas na lectura e escritura: dislexia
	1 alumno	4 sesións PT	TDAH e dislexia, con dificultades de aprendizaxe
4º E.P.	1 alumno	3 sesións PT	Retraso do desenvolvemento e dificultades na comprensión escrita.
	1 alumna	3 sesións PT e ½ sesión AL	TELe dificultades na comprensión e expresión escrita.

	1 alumna	3 sesións PT	TDAH con cadros de ansiedade e dificultades de lectura e escritura.
5º E.P.	1 alumna	3 sesións PT e 1 de AL	Dificultades na lectura e escritura: Dislexia.
	1 alumno	3 sesións PT	TDAH e dificultades na comprensión, cálculo e razoamento matemático.
	2 alumnos		TDAH.
	1 alumno	En solicitude de avaliación.	Sospeita de TDAH.
6º E.P.	1 alumno	4 sesións PT e 4 de AL	TEL. Diagnóstico xordosensorial. Usa audífonos e equipo FM. Dificultades na comprensión e expresión oral e escrita.
	2 alumnos	4 sesións PT	TEA. TDAH e Dificultades de aprendizaxe.
	1 alumno		TDAH con dificultades na lectura (exactitude, fluidez e comprensión lectora)
	1 alumna		TEA (Asperger)
	1 alumno	En solicitude de avaliación	Sospeita de dificultades de aprendizaxe.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

CURSO	ALUMNO/A	REFORZO/POIO	NECESIDADES
1º ESO	1 alumna	4 sesións PT. Desdobre	TDA
	1 alumna	4 sesións PT. Desdobre	Dislexia
	1 alumna	4 sesións PT. Desdobre	TDA
	1 alumno	4 sesións PT. Desdobre	Dificultade de aprendizaxe
	2 alumnos	4 sesións PT. Desdobre	TDA Dificultades de aprendizaxe

2º ESO	1 alumna	3 sesións PT. Desdobre	TDA. TEL. Certificado de Discapacidade
	1 alumno	3 sesións PT. Desdobre	TDAH
	1 Alumna	3 sesións PT. Desdobre	TDAH e dislexia
	5 alumnos/as	3 sesións PT. Desdobre	Dificultades de aprendizaxe
3º ESO	1 alumno		Discalculia
	4 alumnos/as		Dificultades de aprendizaxe
	1 alumno		TDAH. Dislexia
4º ESO	1 alumno		Sobredotación. TDAH
	1 alumno		TDAH. Trastorno comunicación social
	1 alumno		TDA
	2 alumnos/as		Dificultades de aprendizaxe

Non consta alumnado con diagnósticos ou NEAE que precise apoio das especialistas de PT e AL nas Escolas Unitarias.

2.- OBXECTIVOS

2.1 Obxectivos xerais

Os **obxectivos xerais** que o Departamento de Orientación asume pódense concretar fundamentalmente nos seguintes:

- Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa concreta e individualizada.
- Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumno/a.
- Favorecer os procesos de madureza persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
- Contribuír á axeitada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.

Estes obxectivos abarcan **tres dimensións fundamentais do alumno/a**:

- **Persoal e familiar**, entendendo ó alumno/a como a persoa individual inserido nunha familia.
- **Escolar e social**, entendendo ó alumno/a como persoa que interactúa con outros e que debe integrarse na sociedade.
- **Vocacional e profesional**, entendendo ao alumno/a como unha persoa que desempeña o seu propio proxecto de vida e se prepara para a súa inserción profesional.

2.2 *Obxectivos específicos*

A/ Actuacións respecto ó profesorado

- Coñecemento e concienciación das funcións do Departamento de Orientación no centro e da tutoría.
- Coordinar as actividades do PAT.
- Asesoramento ao profesorado que o demande en cantas tarefas educativas e de seguimento do proceso de ensino e aprendizaxe se propoñan, facilitándolles criterios de actuación, recursos e instrumentos necesarios.
- Traballo cos departamentos que o demanden coas súas programacións sobre as medidas de atención á diversidade.
- Posta en marcha do Plan de Acción Tutorial.
- Desenvolvemento do Plan de Orientación Académica e Profesional, informando e asesorando ós profesores na súa adecuada posta en marcha. Parte das actividades deste plan serán desenvolvidas pola orientadora.
- Facilitar toda a información necesaria respecto ao tema de Atención á Diversidade

B/ Actuacións respecto ó alumnado

- Realizar avaliacións psicopedagóxicas así como a elaboración ou actualización de informes para aqueles alumnos/as que se lle detectan necesidades específicas de apoio educativo, seguimento do proceso educativo e das medidas de atención á diversidade adoptadas en colaboración coas especialistas de AL e PT, tutores/as e profesorado do grupo.
- Colaborar na prevención e detención de dificultades de aprendizaxe que presente o alumnado. Participar na avaliación inicial.

- Contribuír á mellora do rendemento académico do alumnado a través da aprendizaxe de hábitos e técnicas de estudo.
- Facilitar a madureza vocacional dos alumnos/as e os procesos de toma de decisións, que os capacite para a súa propia autororientación.
- Asesorar ós alumnos/as nos momentos de maior dificultade como son: ingreso ao centro, cambio de ciclo e etapa, elección dos diferentes itinerarios formativos e profesionais, transición á vida activa.
- Favorecer a aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática, favorecedora dun clima de Convivencia.
- Contribuír á mellora da adaptación social do alumnado a través da aprendizaxe de habilidades sociais.
- Asesoramento e apoio puntual e individual segundo as demandas e necesidades que presenten nalgún momento.
- Incidir especialmente cos rapaces/as con poucas posibilidades de acadar o título da ESO pola vía ordinaria, para que continúen na ensinanza de adultos para a obtención do Graduado en ESO , realicen unha FP básica ou preparen proba de acceso a ciclos medios.
- Difundir e asesorar ó alumnado sobre as ensinanzas de réxime especial.

C/ Actuacións respecto ás familias:

- Orientar ás familias individual e colectivamente para que asuman a responsabilidade da educación e orientación dos seus fillos/as.
- Asesoramento e apoio puntual e individual segundo as demandas e necesidades.
- Informar das MAD levadas a cabo e do seu seguimento correspondente.

D/ Actuacións respecto ao centro:

- Asistencia ás reunións de avaliación dos alumnos/as.
- Representar ao Departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)
- Asesorar sobre as medidas de atención á diversidade.
- Coordinarse coas responsables das Escolas Unitarias.

E/ Actuacións respecto ós servizos externos:

- Dende o Departamento de Orientación levaranse a cabo as tarefas de coordinación cos distintos servizos externos da zona que estean implicados no proceso de formación persoal, escolar, familiar ou social do noso alumnado.
 - Colaboración cos profesionais dos Servizos Sociais do Concello.
 - Colaboración cos servizos sanitarios.
 - Colaboración co Servizo de Atención Temperá de Ordes.
 - Colaboración cos diversos gabinetes psicopedagóxicos aos que asisten algúns dos nosos alumno/as, previa autorización das familias.
- Contacto e colaboración co Equipo de Orientación Específico (EOE) e con outros Departamentos de Orientación da zona no que se estime conveniente.
- Contacto cos distintos organismos de emprego, Consellerías, Servizos de Información á Xuventude, Asociacións, Universidades, Servizo Galego de Colocación...

3.- PLANIFICACIÓN XERAL.

3.1.- DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS.

Para realizar unha Programación de Orientación contextualizada, fundamentámonos nos diferentes documentos do centro, fundamentalmente na memoria do curso pasado do departamento, nas necesidades previas detectadas así como nas propostas presentadas pola CCP para levar a cabo no presente curso académico.

Ademais, a elaboración da Programación farase en función das actuacións prioritarias establecidas na *Circular nº 10/2010* das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

Sen prexuízo das funcións establecidas na lexislación vixente para os respectivos servizos de orientación desta comunidade (Decreto 120/1998 do 23 de abril ampliado pola Orde do 24 de xullo/1998) e para permitir a necesaria adaptación ó noso contexto educativo, durante este o curso 2022/2023, o Departamento de Orientación priorizará as

actuacións que se seguen, a través das actuacións indicadas no punto anterior desta programación.

- ❖ *Inclusión e diversidade*
- ❖ *Acción Titorial*
- ❖ *Convivencia e Educación en Valores*
- ❖ *PO, Plan Anual e Memoria*
- ❖ *Procesos de Avaliación de Calidade*
- ❖ *Aprendizaxe permanente e saídas profesionais*
- ❖ *Coordinación do DO*

3.2.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.

Esta planificación xeral está deseñada en función de tres ámbitos de actuación; **1) Apoio o Plan de Acción Titorial; 2) Apoio o Plan Xeral de Atención á Diversidade; 3) Apoio o Plan de Orientación Académica e Profesional**, con respecto a cada un destes ámbitos explicitaranse as actuacións a realizar dentro de cada un deles:

3.2.1. APOIO Ó PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O traballo do DO, en xeral, e da persoa orientadora, en particular, en relación co apoio o desenvolvemento da función titorial, figurará no PAT que se constitúe como o documento que regula as actividades de orientación e titoría levadas a cabo polo profesorado en xeral e os titores/as en particular. Este documento será elaborado polo DO a partir das directrices da CCP e coordinadas as actuacións pola Xefatura de estudos. En función das necesidades detectadas previamente, elaboramos a seguinte PROPOSTA:

OBXECTIVOS XERAIS:

- Axudar ó desenvolvemento integral do alumnado realizando un seguimento personalizado durante o proceso de Ensino-Aprendizaxe a través das titorías e das coordinacións entre os Departamentos Didácticos, os titores/as, a Xefatura de estudos e o Departamento de Orientación.
- Cooperar no proceso de integración e inserción, de tal modo que a convivencia e

a participación se convertan en elementos que definan o estilo do centro.

- Colaborar coas familias e outras institucións ou asociacións para contribuír á toma de decisións que o alumnado deberá asumir ó longo do seu proceso vital.

ACTUACIÓNS:

- O PAT desenvolverase ao longo do curso, seguindo a programación marco para cada trimestre, de acordo coas directrices da CCP, aportacións dos titores/as e baixo a coordinación da Xefatura de estudos.
- Realizaranse reunións cos titores/as, tal como se establece normativamente, para a coordinación das actividades e asegurar a súa coherencia e continuidade.
- Asemade, será fundamental a coordinación e colaboración sistemática e continua do Departamento de Orientación, equipo directivo e familias.
- As actuacións do PAT contémplanse no apartado de temporalización atendendo a cada trimestre.

Tal e como se recolle no PAT do centro, dende o Departamento de Orientación farase especial fincapé nas seguintes cuestións:

- Competencia emocional do alumnado.
- Prevenición do Acoso Escolar.
- Prevenición da Violencia de Xénero.

METODOLOXIA:

En canto á metodoloxía, preténdese que sexa variada, empregando múltiples instrumentos e técnicas adaptadas ás necesidades dos alumnos/as.

No desenvolvemento do PAT podemos contar coa hora de titoría presencial na ESO, en colaboración con institucións ou asociacións, tales como: policía local; Guardia Civil (Plan Director); **ARELA**, unha asociación que ten como misión o desenvolvemento integral da Infancia e da mocidade, en situación de desprotección e/ou conflito social; **AESLEME**, contamos coa súa colaboración para a prevención de accidentes de tráfico e sensibilización social; **QUÉROTE +**, para traballar a prevención da drogodependencia e a imaxe corporal; **Con mucho gusto**, para traballar a educación afectivo-sexual; **AGALURE**, para a prevención de adicións ao xogo; **Fundación Impulsarte**, para fomentar a igualdade de xénero e asesoramento vocacional; e outras que poidan xurdir ao longo do curso..

No caso das actividades programadas para familias, contamos coa hora de atención semanal ás familias por parte do titor/a, actuacións por parte do orientador/a (entrevistas, reunións...).

COORDINACIÓN:

- Atención ao alumnado na hora do recreo.
 - Reunións cos titores/as.
 - Reunión Xefas de estudos e orientadora.
 - Asesoramento ao profesorado.
 - Reunións DO.
 - Reunións da CCP.

AVALIACIÓN.

A avaliación e seguimento do PAT, presentará un carácter global e sistemático, constituíndose, así, como un proceso continuo e non puntual, de maneira que aporte retroalimentación que permita a introducción de modificacións para a mellora do mesmo.

Os **aspectos** a ter en conta neste apartado serán:

- Nivel de consecución dos obxectivos.
- As actividades realizadas. As planificadas e non realizadas. As incorporadas no proceso.
- Eficacia das actividades en función do alumnado, do profesorado e das familias.
- Grao de implicación dos mesmos.

Os **instrumentos** que se empregarán serán eminentemente cualitativos en base a observación, entrevistas e cuestionarios abertos, sendo as fontes de información o alumnado, o profesorado e as familias implicadas directamente na acción titorial.

3.2.2. APOIO AO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste ámbito a nosa responsabilidade como Departamento de Orientación, en xeral, e como xefa do mesmo, en particular, é equiparar oportunidades, para o que o Plan Xeral de Atención á Diversidade se configure como o soporte que axude a articular propostas educativas diversas coas necesidades reais do alumnado, singular e único, e de cuxo adecuado axuste á pluralidade vai depender a eficacia e a calidade da acción formativa que se desenvolva no noso centro educativo.

❖ OBXECTIVOS XERAIS.

- Facilitar ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo unha resposta axeitada e de calidade que lle permita lograr o maior desenvolvemento integral, tanto a nivel persoal como social.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno e alumna.
- Facilitarlle ao profesorado técnicas e instrumentos diversos que contribúan a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe individualizado.
- Establecer vías de colaboración co resto de axentes implicados no proceso educativo destes escolares (familias, Equipo de Orientación Específico, Servizos Sociais, etc.)

❖ ACTUACIÓNS.

- *Realizaranse e revisaranse as avaliacións psicopedagóxicas* co fin de detectar e valorar as dificultades educativas que mostre cada alumno e alumna, propoñendo a medida de atención á diversidade máis axeitada. As avaliacións psicopedagóxicas realizaranse, previa solicitude por parte do titor/a, profesor/a, familia, cubrindo a folla de derivación correspondente ó DO.
- **Envío** ao conxunto do profesorado **orientacións a ter en conta co alumnado con TDAH e TEA.**
- **Elaboración de resumos dos distintos protocolos e asesorar** ao conxunto do equipo docente.
- Asumiranse criterios de normalización, *priorizando así as medidas ordinarias* e potenciando as redes naturais nos apoios e axudas, e só despois se considerarán as medidas menos ordinarias, cando se valore e xustifique a súa necesidade.
- Estableceranse **reunións periódicas** coas **xefaturas de estudos, especialistas de PT e AL, profesores-titores para realizar seguemento das MAD.**
- Establecer **criterios de actuación e seguimento de MAD** de carácter extraordinario como son as ACI.
- **Asesorar** ao profesorado en colaboración coas especialistas de PT na **elaboración de Adaptacións Curriculares.**
- Formular o **horario das especialistas de AL e PT** en función das necesidades do alumnado e do grupo-clase ao que pertence; será un **horario flexible que se**

adapte as novas NEAE xurdidas ou as dificultades xa superadas.

- Marcarase unha **coordinación coas xefaturas de estudos** para o establecemento de criterios organizativos que favorezan o desenvolvemento das diferentes medidas de atención á diversidade.
- Promoverase a **colaboración co EOE**, así como a **coordinación con outros organismos** implicados no proceso (Inspección Educativa, Servizos Sociais ou institucións privadas).
- Promoveranse **canles de comunicación coas familias**, para indicar e asesorar sobre as pautas de actuación nas dificultades educativas detectadas.
- Establecerase **contacto periódico coas responsables das Escolas Unitarias**, co fin de dar respostas ás necesidades do alumnado destes dous centros.

❖ **METODOLOXÍA.**

O Plan de Atención á diversidade desenvolverase ao longo de todo o curso académico, de maneira continua e sistemática, sendo responsabilidade última da xefatura de estudos a súa dinamización e coordinación, para o cal estableceranse reunións periódicas e canles de seguimento e avaliación conxunta. En efecto, requírese para isto a asunción dos seguintes criterios metodolóxicos:

- *Favorecedora da integración escolar e a inclusión social.*
- *Inserta na organización do centro*, baixo os principios de dinamismo e flexibilidade.
- *Inmersa no currículo.*
- *Baseada na reflexión conxunta, no compromiso e na colaboración entre o profesorado.*
- *Propiciadora e fomentadora do protagonismo activo do alumno/a no seu propio proceso de Ensino-Aprendizaxe.*
- *Favorecedora da cooperación entre o profesorado e as familias.*
- *Potenciadora da apertura do centro ao entorno e do uso das redes de recursos sociais da comunidade.*

❖ **AVALIACIÓN.**

A avaliación e seguimento deste plan presentará un carácter global e sistemático, constituíndo un proceso continuo e non puntual, de xeito que aporte un feedback que

permita a introdución das oportunas modificacións para a mellora e optimización do mesmo.

3.2.3. APOIO AO PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

❖ XUSTIFICACIÓN.

Este Plan constitúese como aquela ferramenta onde se especifican as actuacións que dende o centro se van a desenvolver coa finalidade de facilitar a toma de decisións de cada alumno e alumna ó longo da súa escolaridade respecto ó seu futuro académico e profesional mediante a elección de distintos camiños e alternativas. *O papel da orientación, neste senso, consiste en facilitar, na medida do posible, os medios e a axuda necesaria para que os escolares afronten axeitadamente a tarefa de descubrir e elixir as mellores opcións para eles.*

Salientar que a posición que se adopta neste plan respecto á orientación vocacional non ten por finalidade a de dirixir aos escolares cara uns camiños específicos, senón que está concibida baixo un carácter marcadamente educativo; como un proceso de desenvolvemento das capacidades necesarias para que poida ser o propio suxeito quen tome as súas propias decisións de maneira libre e responsable, tanto no momento actual como ao longo da súa vida.

❖ OBXECTIVOS XERAIS.

- Propiciar e desenvolver nos escolares estratexias que lle permitan a toma de decisións sobre a súa elección académica e profesional de forma realista e planificada, evitando sobre todo as formulacións sexistas, en base a:
 - Coñecer axeitadamente os seus propios intereses, capacidades e recursos.
 - Coñecer as distintas opcións educativas e laborais e as vías que se abren e pechan con cada opción.
 - Coñecer as esixencias do mundo laboral, a súa relación cos diferentes estudos e sobre os procesos de inserción nos mesmos.
 - Dominar as estratexias e habilidades de decisión (identificación de problemas, clarificación de alternativas, valoración das consecuencias, etc.)

- Dotar aos titores/as dos instrumentos necesarios para apoiar ao seu alumnado en aspectos psicopedagóxicos sobre a súa orientación cara a vida activa.

❖ ACTUACIÓN.

O Plan recolle unha serie de actuacións dirixidas á consecución dos obxectivos anteriormente indicados, entre elas destacar as seguintes:

- Elaborar material para entregar aos titores/as en relación ao proceso de toma de decisións; este material incluírá información relativa a: autoconecemento, coñecemento do sistema educativo e do mundo laboral.
- Realizar por parte do alumnado test/cuestionarios que favorezan e axuden no proceso de toma de decisións; naqueles casos máis puntuais pódense empregar probas estandarizadas.
- Diseñar actividades e intervir co alumnado de Educación Primaria en relación ao mundo das profesións.
- Informar ao alumnado de 6º de Ed. Primaria acerca da etapa de ESO.
- Traballar directamente co alumnado por parte da xefa do DO, xa sexa a nivel individual ou grupal, para desenvolver o correspondente asesoramento en canto a saídas académico-profesionais.
- Dinamizar o emprego de usos TIC , para favorecer a autoorientación do alumnado e serva de apoio aos titores/as.
- Coordinar actividades complementarias nas que interveñan axentes externos ao centro, como por exemplo a USC, UDC, IES, centros de FP..., co fin de favorecer o proceso de toma de decisións.
- Realizar sesións de asesoramento ás familias que así o demanden en relación ó futuro académico/profesional dos seus fillos e fillas.
- Asesorar a toda a comunidade educativa sobre as posibilidades que ofrece o sistema formativo.

❖ METODOLOXÍA.

O desenvolvemento do Plan será coordinado pola Xefatura de Estudos co apoio do Departamento de Orientación, encargado de proporcionar soporte técnico ás actividades que, de maneira programada e sistemática, se realizarán no centro.

A dinámica de traballo será unha combinación de tarefas individuais e grupais que inviten á reflexión e de tarefas que propicien a interacción levando o escolar ó coñecemento persoal, a compartir conflitos, dúbidas, problemas, etc., sendo obxecto desta metodoloxía promover o conflito socio-cognitivo no alumnado, dando paso así a novas perspectivas e aprendizaxes.

❖ **AVALIACIÓN.**

Esta tarefa realizarse tanto ao inicio, como ao longo do desenvolvemento do plan e ao final do mesmo, debendo ser unha avaliación que permita unha retroalimentación de todo o proceso. Será fundamental a participación de todos os axentes implicados, asumindo a responsabilidade do mesmo o profesor-titor/a quen deberá valorar de forma continua as dificultades atopadas, de cara a introdución de posibles modificacións e axustes necesarios.

4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

Dende o Departamento de Orientación propónse que a estratexia metodolóxica a seguir, procure ser activa e participativa, implicando tanto a todos os membros da comunidade do centro, como ás distintas institucións do entorno socio-cultural do mesmo, desenvolvendo para tales efectos accións de carácter holístico e global que repercutan en todos os elementos do proceso educativo. Para iso, partiremos dun Modelo de Programas, concretamente no de Consulta colaborativa.

En liñas xerais, podemos sinalar que as **características** que van definir o noso Plan, rexeranse polo seu carácter:

- **Educativo**, xa que se refire ós aspectos ou necesidades de orientación do alumnado directamente relacionados co seu proceso educativo.
- **Xeralizado** e **Global**, tanto pola propia consideración da acción orientadora destinada a todos os alumnos/as como pola responsabilidade que asigna a toda a comunidade educativa e, particularmente, ó profesorado.
- **Técnico**, pola necesaria intervención neste proceso de profesionais cualificados no terreo psicopedagóxico, socioeducativo, etc.
- **Aberto** e **Flexible**, ó entender que a mellora vai asociada con frecuencia á organización de novas vías de actuación no ámbito da orientación que deben ser experimentadas.

- **Autonómico**, tanto polo ámbito que abarcan os obxectivos e medidas formuladas, como pola labor de adaptacións das formulacións xerais ás características e necesidades propias do noso centro.
- **Gradual**, pola forma de aplicación sucesiva e gradual das medidas propugnadas neste Plan.

A acción orientadora será consecuente cos principios relacionados coa ensinanza e a aprendizaxe, destacando, entre outras, a súa:

- **Funcionalidade**, á hora de posibilitar aprendizaxes relacionados coa vida diaria.
- **Significatividade**, que entende a partir dos coñecementos previos.
- **Interrelación**, entre o alumnado, o profesorado, etc..
- **Aprender a aprender**, como estratexia facilitadora da autonomía do alumnado como fin último de todo proceso educativo.

Con respecto ás distintas **actividades** a desenvolver, estas estarán insertas, na súa maioría, nas actividades ordinarias da aula, o que non significa que poidan ser realizadas en momentos espaciais distintos, como son o caso dalgúñas actividades fixadas nos diversos programas.

Con referencia ás **Técnicas** que se van a empregar, podemos destacar:

- | | |
|---------------------------------|------------------------------------|
| - Charlas informativas. | documentais (biblioteca, |
| - Coloquios | arquivos, etc.). |
| - Role-playing. | - Recursos informáticos e |
| - Estudos de casos. | audiovisuais. |
| - Traballos en pequenos grupos. | - Entrevistas grupais/individuais. |
| - Uso de fontes | - Etc. |

Outro aspecto a ter en conta á hora da intervención, son os **recursos** cos que conta o centro educativo e o seu entorno, na medida de que poden constituírse como limitadores ou potenciadores da mesma. Neste senso, destacar:

En relación aos **Recursos Humanos**:

- Equipo directivo.
- Profesorado.
- Departamento de Orientación.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Familias
- Persoal de administración e servizos (PAS)
- AMPA
- EOE
- CFR y CAFI
- Servizos Sociais.
- Servizos Sanitarios.
- Concello de Mesía
- Mancomunidade de Ordes
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Servicio de Inspección Educativa.
- Asociacións empresariais da zona.
- SAT
- CMG
- AGALURE
- Fundación Impulsarte
- ARELA
- AESLEME
- Policía Local
- USC
- UDC
- CIUG

En relación aos **Recursos Materiais**:

- Bibliografía sobre os distintos temas dos programas.
- Programas comercializados de orientación vocacional
- Probas Psicopedagóxicas: BADY-G, Matrices progresivas de Raven, WISC-IV, ENFEN, EVALUA, CSAT-R...
- Documentos do centro.

- Lexislación educativa: LOE, LOMCE, Real Decretos de Ensinanzas Mínimas, Decreto e Ordes de atención á diversidade, circulares, etc.
- Páxinas web: www.educaweb.com, www.edu.xunta.es, www.educaguia.com, www.orientared.es, ciug, qedu, brujula educativa, qestudio.com, www.copoe.es, emprego.xunta.es, arasaac, www.creena.es..
- Protocolo de consenso sobre o TDAH na Infancia e na Adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo para atención educativa do TEA.
- Protocolo de Protección de Datos.
- Protocolo de Atención Temperá.
- Protocolo de Identidade de Xénero.
- Protocolo de Atención Domiciliaria.
- Protocolo de atención do alumnado con síndrome de down e/ou DI.
- Protocolo de Altas Capacidades.
- Protocolo sobre dislexia e/ou outras DA.
- Protocolo para a atención do alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo xeral para a prevención e o control do Absentismo Escolar.
- Protocolo Xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.
- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil.

En relación aos **Recursos Organizativos**:

- Hora de tutoría grupal co alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), do Claustro, do Consello Escolar, entre tutores/as e profesores/as, do Departamento de orientación, cos centros adscritos, etc.
- Reunións do DO.
- Microtempos e microespazos (observación e entrevistas informais nos recreos, comedor, sala de profesores, ...)
- Visita ás Escolas Unitarias.
- Reunións cos especialistas de PT e AL.
- Reunións coas Xefaturas de Estudos de Primaria e Secundaria.

- Sesións de avaliacións ordinarias e de avaliación inicial.
- Atención do Departamento de Orientación no centro: ao alumnado, ás familias, axentes externos...

5.- TEMPORALIZACIÓN.

Neste apartado faise alusión ás actividades máis directamente relacionadas coa intervención indirecta fundamentada no modelo de programas. Accións que, por outra banda, non se sitúan nun programa determinado, sendo máis ben comúns a todos os programas. Neste senso, a temporalización vaise a configurar por trimestres, quedando organizada do modo que segue:

1º TRIMESTRE

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acollida dos novos membros do Departamento de Orientación a comezos de curso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contacto de acollida coas familias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contacto coas Escolas Unitarias para establecer liñas de actuación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Constitución do Departamento de Orientación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisión dos documentos do departamento do curso anterior.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programación de acollida do alumnado novo, facendo fincapé no alumnado de integración tardía ao sistema educativo español, que ingrese por vez primeira no noso centro, de ser o caso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisión das MAD.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tramitar as becas de NEAE e informar a comunidade educativa dos criterios para poder participar.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informar ao equipo docente da necesidade de cubrir unha folla de derivación ó DO cando se solicite a súa intervención.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Facilitar ao equipo docente indicacións xerais para a elaboración das AC.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Facilitar ao conxunto do equipo docente liñas xerais de actuación co alumnado con TDAH/TEA/TEL/Altas Capacidades intelectuais e co alumnado con Dificultades de Aprendizaxe e/ou Dislexia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reunións coas familias do alumnado con NEAE para informar do plan de traballo a seguir, en canto ás MAD.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaborar un listado co alumnado que recibe apoio das especialistas de PT e AL.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reunión cos titores ao inicio de curso co fin de establecer as liñas básicas de actuación para este trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entrega aos titores dun resumo dos elementos máis importantes do PAT e POAP para a súa etapa correspondente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Colaborar cos titores/as en determinadas sesións de tutoría cando estes o demanden e cando as necesidades do grupo así o requiran.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisar e actualizar os expedientes tendo en conta o alumnado que xa non está no noso centro e o alumnado que acaba de chegar este curso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración do Plan de Orientación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Colaborar e asesorar no desenvolvemento do Plan de Igualdade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Iniciar o desenvolvemento dun Programa de Educación Emocional.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participación nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asistencia e participación nas sesións de avaliación dos grupos de alumnos/as.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Análise do desenvolvemento do Plan de Orientación nas reunións do Departamento de Orientación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecemento de contactos co EOE e revisar as solicitudes dos cursos pasados e comprobar se quedan intervencións pendentes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participación en actividades de formación: congresos, xornadas, etc..
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento individualizado e xeralizado aos distintos membros da comunidade educativa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Manter a primeira reunión co Servizo de Atención Temperá de Ordes para realizar o correspondente seguemento do alumando que traballa con este servizo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Iniciar o contacto correspondente cos Servizos Sociais do Concello.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesorar na solicitude dos Contratos Programas e Plan Proxecta.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dinamizar o uso da páxina web e Aula Virtual do centro.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cubrir o DRDadi
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisar material do DO e adquisición de novo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesorar sobre o uso do programa Orienta.

2º TRIMESTRE.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reunión cos titores/as co fin de establecer as liñas básicas de actuación para este trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Colaborar cos titores/as en determinadas sesións de tutoría cando estes/as o demanden e cando as necesidades do grupo así o requiran.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Continuación dos contactos co EOE.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asistencia ás sesións de avaliación dos grupos de alumnos e alumnas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participación nas reunións da CCP.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contacto continuo coas Unitarias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actualización da páxina web/Aula Virtual do Departamento de Orientación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participación nas actividades de formación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Iniciar o desenvolvemento das actuacións relacionadas co proceso de toma de decisións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Información sobre a proba de acceso a ciclos de grao medio.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dinamizar o uso da páxina web/Aula Virtual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento individualizo e xeralizado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Manter a reunión trimestral co Servizo de Atención Temperá de Ordes para realizar o correspondente seguemento do alumnado.

3º TRIMESTRE.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Concesión de maior peso á orientación profesional e académica e á elección de optativas, itinerarios e estudos superiores cunha proxección ao futuro.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Charlas informativas sobre o Bacharelato e Ciclos Formativos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprego de recursos informáticos e uso de INTERNET dentro do programa de Toma de Decisións. Programa Orienta.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sesións informativas sobre Axudas, becas...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sesión informativa ás familias de 6º Ed. Primaria e ESO en relación a organización do currículo nos distintos cursos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informar ao alumnado de 6º Ed. Primaria da nova etapa: ESO
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecer reunión coa titora de 6º Primaria para recabar información relevante do alumnado que o vindeiro curso estará escolarizado en 1º ESO.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realizar xornada de acollida ao alumnado das Escolas Unitarias que estarán no noso centro o vindeiro curso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asistencia ás sesións de avaliación final do grupo de alumnos e alumnas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valorar o alumnado candidato a FP Básica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valorar o alumnado candidato para recibir MAD no próximo curso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Seguemento das Adaptacións Curriculares.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaborar os informes necesarios sobre o progreso do alumnado con AC.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración de diferentes alternativas despois da ESO.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Información da oferta educativa do centro e do BAC e Ciclos Formativos de FP.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración e entrega dos Consellos Orientadores.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cubrir o DRDORIENTA (Recollida de datos estatísticos de orientación).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración da Memoria Final do Departamento de Orientación, na que se incluírá as correspondentes memorias elaboradas polos especialistas e responsables das escolas unitarias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dinamizar o uso da páxina web/Aula Virtual..
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento individualizado e xeneralizado.

Programas a desenvolver este curso:

- Programa de educación emocional e habilidades sociais.

- Programa de educación afectivo-sexual.
- Programa de prevención de ludopatías.
- Programa de prevención de drogodependencia.
- Programa de técnicas de estudo.
- Programa de prevención da Violencia de Xénero.
- Programa de Hábitos de vida saudable.
- Programa de Orientación Académica-Profesional .
- Programa “ A ponte “ da USC. (4º ESO).
- Plan Proxecta.

6.- AVALIACIÓN DO PLAN.

A avaliación do Plan de Orientación atopa o seu sentido no feito de que se configura como facilitador de información, tanto das características como das consecuencias que xeran as intervencións orientadoras levadas a cabo no mesmo. Trátase polo tanto de coñecer e efectividade e validez das accións implementadas, para o cal se avaliarán todos aqueles elementos susceptibles de cambios e melloras cunha proxección de futuro, é dicir, con vistas ao seguinte curso.

Esta avaliación terá un carácter formativo, polo que se contemplan tres momentos de avaliación:

- ❖ ***Avaliación Inicial***, caracterizada pola recollida de datos para a detección das necesidades reais do noso centro, e que se realizará a través das suxerencias aportadas nas reunións do Departamento de Orientación, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, así como da aplicación de distintos instrumentos (entrevistas, observacións, cuestionarios, etc.)
- ❖ ***Avaliación continua ou procesual***, tratándose dun seguimento da implementación do plan de orientación. Para iso, recollerase información procedente das reunións cos titores/as, das reunións da CCP, as propias do Departamento de Orientación, etc.
- ❖ ***Avaliación final ou sumativa***, que se concreta na realización dunha memoria final a partir dos datos aportados polos distintos implicados no plan de orientación (membros do equipo directivo e orientadora, titores/as, profesores/as, alumnado, familias, comunidade, etc.). Esta memoria, asemade, incluirá: * *Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento*; * *Síntese reflexiva sobre os logros conseguidos*; * *Identificación das dificultades atopadas ao longo*

de todo o proceso; * *Identificación dos factores que influíron en ditas dificultades*; * *Propostas de mellora para o vindeiro curso académico*.

O proceso avaliativo culminará coa elaboración da Memoria do Departamento de Orientación (segundo a *Orde 24 de xullo de 1998* que regula a orientación educativa e profesional en Galicia).

No referente ós **criterios de Avaliación**, estes rexeranse en base ós seguintes principios: *Eficacia*: relación entre o previsto e o alcanzado; *Eficiencia*: relación entre o alcanzado e os medios aplicados; *Satisfactoriedade*: relación entre o desexable e o existente; *Suficiencia*: relación entre os obxectivos e as necesidades; *Pertinencia*: adecuación ás necesidades establecidas; *Coherencia*: grao de consistencia da proposta; *Obxectividade*: adecuación a principios científicos; *Funcionalidade*: capacidade de solución; *Actualización*: grao de adecuación a situacións reais.

Finalmente cabe identificar unha serie de **instrumentos de avaliación** que se empregaran para tales efectos: *Observación participante e rexistrada*; *Entrevistas abertas e semiabertas*; *Cuestionarios*; *Análise de documentos*; *Diario de aula*; *Reunións* *Rexistros de Observación, entre outros*.

7.- PROPOSTA DE MELLORA CONTINUA DA CALIDADE.

Amparándonos na Orde 24 de xullo de 1998, considérase oportuno incluír este apartado dentro do Plan de Orientación, a través da identificación dunha serie de indicadores de mellora atendendo a dous procesos diferentes:

❖ **No proceso de elaboración:**

- *Se existe unha dinámica de colaboración con: EOE., CEFORE, Servizos Sociais, etc.*
- *Se se aceptan as propostas dos distintos axentes educativos; profesorado, familias, etc.*
- *Se existe unha planificación do proceso de seguimento do Plan de Orientación.*
- *Se o documento en si cumpre os requisitos formais dunha linguaxe clara, estrutura coherente, axuste ao marco legal, etc.*

❖ **No proceso de implementación:**

- *A consecución dos obxectivos de intervención.*

- *A cantidade e calidade dos recursos cos que conta o centro.*
- *A existencia de recursos externos aos que se poden acudir.*
- *O tipo de relacións entre o centro e a comunidade.*
- *Satisfacción dos membros do Departamento de Orientación.*
- *Existencia e satisfacción de reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro, equipos docentes, etc.*

En Xanceda, outubro 2023

Xefa do Departamento de Orientación

Noemí Cortés Seoane

ANEXOS

Anexo 1: Concreción do PXAD Curso 2023/2024

Anexo 2: Modelo de Solicitud de Intervención do DO

Anexo 3: Modelo de Autorización das MAD

Anexo 4: Modelo de Autorización para a realización de Av. Psicopedagóxica.

Anexo 5: Modelo de Autorización para intercambio de información cos axentes externos (gabinetes psicopedagóxicos)

Anexo 6: Modelo de Solicitud de Informe ao DO

Anexo 7: Modelo de Recepción de Informe

Anexo 8: Modelo de Acta da Reunión para AC

Anexo 9: Modelo de Acta de Reunión do DO.

Anexo 10: Modelo de Rexistro Reunión coas Familias.

Anexo 11: Modelo de Acta Reunión cos Servizos Sociais

Anexo 12: Horario Xefatura Departamento de Orientación e Especialistas

Anexo 13: Programación PT

Anexo 14: Programación AL.

ANEXO 1

CONCRECIÓN PXAD 2023/2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
3. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MAD
4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

Ao comezo de cada curso, o Departamento de Orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da programación xeral anual. Art.11.4 do D. 229/2011, do 7 de decembro.

No presente documento recóllense, pois, as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver categorizadas en ordinarias e extraordinarias, o profesorado responsables de cada actuación, o alumnado ás que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións constitúen o punto de partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

A descrición das mesmas e a normativa que as desenvolve e/ou recolle figura no PXAD.

2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

TIPO	MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN
ORD	Reforzo educativo.	Profesorado das distintas áreas /materias	Alumnado con dificultades reversibles coa intervención ordinaria do profesorado de aula.	Conforme a evolución do alumno/a.
ORD	Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamento e espazos)e da organización da aula	Equipo directivo Profesorado de aula	Todo o alumnado	En función das necesidades e características do centro en xeral e do alumnado en particular.
ORD	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.	Profesorado de aula co asesoramento do DO.	Todo o alumnado	No momento da elaboración.
ORD	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e outras que promovan a inclusión.	Todo o profesorado	Todo o alumnado	Profesorado de aula co asesoramento do DO.
ORD	Adaptación dos tempos e instrumentos ou	Todo o profesorado deste alumnado	Alumnado TDAH/TEA e Alumnado con	Profesorado de aula co asesoramento do DO.

	procedementos de avaliación.		Dificultades de Aprendizaxe.	
ORD	Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.	Profesorado de garda	Alumnado con comportamento disruptivo.	Todo do curso
ORD	Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.	Profesorado con dispoñibilidade horaria	Todo alumnado de EI, EP e ESO	Todo do curso
ORD	Programas de recuperación.	Profesorado das áreas/materias instrumentais	Alumnado que repite curso.	En función da evolución do alumnado/a
ORD	Programas de habilidades sociais.	Profesor/titor/a e DO	Todo alumnado	Todo o curso
ORD	Desdobres de grupos	Profesorado de área	Alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO	Todo o curso.

TIPO	MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN
EXT	Apoio AL	Profesora AL	Alumnado con Trastornos da Linguaxe.	Conforme a evolución do alumno/a.
EXT	Apoio PT	Profesora PT	Alumnado NEAE	Todo o curso en función da evolución de cada alumno/a.
EXT	Adaptación Curricular	Profesorado das distintas materias. Colabora o DO	Alumnado con NEE.	Curso 2023/2024

EXT	Grupo de adquisición de linguas	Profesorado de dispoñibilidade horaria.	Alumnado con descoñecemento das linguas oficiais.	1º trimestre.
-----	---------------------------------	---	---	---------------

3. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A PRIORIZACIÓN DAS MAD

3.1.Recursos.

2 mestras de PT e 1 AL:

- Raquel Vázquez Vaamonde, PT de Secundaria, con perfil de AL (para Primaria).
- M^a Dolores Negreira Gerpe. PT Primaria. Destino Definitivo.
- Silvia Bahamonde. AL de Primaria (sustituta, itinerante).

3.2.-Organización dos apoios.

- Tendo en conta estes recursos, cada curso escolar vémonos na obriga de priorizar unhas actuacións sobre outras.*
- O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos de cada etapa educativa.*
- As demandas ao Departamento de Orientación faranse unha vez esgotadas as medidas levadas a cabo polo titor/a na aula: cambios metodolóxicos, na distribución da clase, axuda entre iguais, atención e explicacións individualizadas, prioridade de obxectivos, etc.*
- No Departamento de Orientación, determinarase a prioridade das demandas en función das características de cada caso.*
- As demandas ó DO atenderanse previamente cuberta folla de derivación, segundo modelo recollido no Anexo 2.*
- Os apoios atenderán principalmente á adquisición das aprendizaxes*

instrumentais de Lingua e Matemáticas.

- g) Os apoios impartiranse preferentemente na aula; non obstante teranse en conta as NEAE do alumnado e do grupo-clase no que está integrado o alumno/a.*
- h) Poderanse agrupar alumnos e alumnas que presenten dificultades similares do mesmo grupo, na aula de apoio e así xestionar o recurso do especialista en PT/AL.*
- i) Segundo a lexislación vixente, no caso de que os apoios sexan fóra da aula, non excederán no tempo á terceira parte da xornada lectiva.*
- j) Levarase a cabo unha avaliación continua do progreso do alumnado e das medidas propostas, introducindo as medidas correctoras oportunas sempre que o progreso non sexa positivo.*
- k) A organización da atención será aberta a cambios, flexible e suxeita a modificación ao longo de curso, preferiblemente nas xuntas de avaliación.*
- l) Será importante poder establecer unha boa coordinación entre todos/as os profesionais implicados na intervención.*

3. 3.-Priorización das intervencións.

Sempre que non se poidan atender todas as demandas derivadas ao Departamento, a priorización rexerese por:

- a) Casos de maior gravidade: alumnado con NEAE de carácter permanente derivadas de deficiencias psíquicas ou sensoriais ou problemas graves de conducta.*
- b) Alumnado que presente un desfase curricular significativo e teña unha Adaptación Curricular. Será atendido pola especialista en PT dentro ou fóra da aula.*
- c) Alumnado que presente un desfase curricular e que cos cambios levados*

a cabo polo titor/a non vai lograr progresar adecuadamente.

- d) *Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, priorizando os cursos máis baixos.*
- e) *Alumnado que repite curso.*
- f) *En EI apoiaranse os casos moi significativos ou con síndrome diagnosticadas.*

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ao remate do curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o DO elaborará a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do DO e, en consecuencia, á memoria anual do centro. Art. 13.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

*Establécense como **critérios de avaliación**:*

- *A realización das actuacións previstas.*
- *O grao de satisfacción das necesidades.*
- *A adecuación das actividades ás necesidades dos destinatarios.*
- *A relación dos distintos sectores educativos implicados.*
- *A relación cos axentes externos.*
- *O grao de implicación das persoas implicadas.*
- *A adecuación dos recursos dispoñibles.*

ANEXO 2

DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

DATA:

ALUMNO/A PARA O QUE SE SOLICITA A DEMANDA:

CURSO:

TITOR QUE FAI A DEMANDA:

MOTIVO DA DEMANDA:

TIPO DE INTERVENCIÓN QUE SOLICITA:

- ASESORAMENTO PEDAGÓXICO
- AXUDA E/OU ASESORAMENTO NUNHA ENTREVISTA CON PAIS/NAIS
- APOIO DA MESTA DE PT
- APOIO DA MESTRA DE AL
- AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA
- OUTRAS, ESPECIFICAR CALES:

ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLO TITOR/A ATA O MOMENTO EN RELACIÓN CO ALUMNO/A E RESULTADOS DAS MESMAS

ANEXO 3

AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

D./D^a.....
....., con DNI en calidade de pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a.....matriculado/a neste centro en, fun informado/a das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a e estou de acordo en que se lle apliquen as medidas de atención á diversidade oportunas conducentes ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo. Ditas medidas son as que se indican a continuación:

1. APOIO ESPECIALISTA DE PT/AL
2. EXENCIÓN DA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA
3. AGRUPAMENTO ESPECÍFICO
4. ACS
5. FLEXIBILIZACIÓN DE IDADE
6. PMAR
7. OUTRA

Polo que:

- AUTORIZO
- NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta intervención)

.....,.... dede 20

O/A pai/nai, ou titor/a legal
(Sinatura)

ANEXO 4

AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D./D..... con DNI en calidade de pai/nai
ou titor/a legal do/a alumno/a.....
matriculado/a neste centro en, fun informado/a das necesidades educativas
que presenta o meu fillo/a e estou de acordo en que se lle faga unha AVALIACIÓN
PSICOPEDAGÓXICA para coñecer as posibilidades educativas do/a estudante e así
poder axustar as medidas de atención educativa oportunas conducentes ao seu mellor
desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo.

Polo que:

- AUTORIZO
- NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta intervención)

Xanceda, dede 20....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
(Sinatura)

ANEXO 5

AUTORIZACIÓN PARA INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN CON AXENTES

EXTERNOS

D./D..... con DNI

en calidade de pai/nai ou titor/a legal do/a

alumno/a.....matriculado/a

neste centro en, AUTORIZO á orientadora do centro a intercambiar información da alumna cos especialistas externos ó centro que traballan coa alumna..... co fin de favorecer o seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo, establecendo na medida do posible liñas de actuación conxuntas entre tódolos profesionais.

Polo que:

- AUTORIZO
- NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta intervención)

Xanceda, dede 20....

ANEXO 6

SOLICITUDE DE INFORME

D./Dna.....,
con DNI.....pai/nai/titor legal do
alumno/a....., do
curso do.....,

INFORMA QUE:

Precisa un informe da escola coa información relevante do alumno polos seguintes
motivos:

Exploración médica/psicolóxica do alumno/a (Debe aportar a solicitude de dito
informe)

Outros motivos (expoñer cales) _____

SOLICITA:

Que se elabore un informe ou se lle dea copia do informe elaborado para poder
atender á demanda exposta no apartado anterior.

Data e sinatura

Pai/nai/titor legal

ANEXO 7

RECEPCIÓN DE INFORME

D./Dna., con
DNI pai/nai/titor legal do
alumno/a, do
curso do

FAI CONSTAR QUE:

Se lle entregou un informe/copia de informe coa información escolar solicitada, elaborado pola orientadora/titora/mestra de apoio (rísquese o que non proceda), con data

Asdo.:

O Pai/ A nai / Titor legal

ANEXO 8

ACTA DE REUNIÓN PARA ADAPTACIÓN CURRICULAR

Reunidos os profesionais que a continuación se relacionan:

Xefe/a de Estudos	
Titor/a	
Profesor de área/materia	
Especialista PT/AL	
Xefa do Departamento de Orientación	

DECIDEN:

- **QUE NON PROCEDE A ELABORACIÓN DA AC, XA QUE:**
 - Existen NEAE que poden ser atendidas por outras medidas de atención á diversidade de carácter ordinario.
 - Non se teñen esgotadas tódalas MAD de carácter ordinario.

- **QUE PROCEDE ELABORAR A AC EN BASE ÓS DATOS DA AV. PSICOPEDAGÓXICA NAS SEGUINTEs ÁREAS/MATERIAS**

ASINADO:

En Xanceda, a....., de..... de 20...

ANEXO 10

REXISTRO REUNIÓN FAMILIAS	
FAMILIA	DATA
CONVOCADA	ASISTENTES
TEMAS TRATADOS	
ACORDOS	

ANEXO 11

<p>ACTA DE REUNIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CPI DE XANCEDA—SERVIZOS SOCIAIS CONCELLO DE MESÍA</p>
--

Data de reunión / Entrevista telefónica:

Lugar:

Participantes:

Asuntos:

Acordos:

En Xanceda, a dedo 20...

ANEXO 12

HORARIO XEFA DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
			GTR		
9:30 - 10:20			ORIENT		
10:20 – 11:10		ORIENT	GARDA	ORIENT	ORIENT
11:10 - 12:00		ORIENT	ORIENT	ORIENT	XD
12:00 - 12:30	GARDA	At. Alumnado		At. Alumn.	
12:30 - 13:20	ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT
13:20 - 14:10	ORIENT	ORIENT		ORIENT	
14:10 – 15:00	ORIENT	GARDA			
16:30-17:20	TPA				
17:20-18:10	ORIENT				

ANEXO 13

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.**

CURSO 2023/24

CPI XANCEDA

Mariló Negreira Gerpe

Mestra PT

- 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO**
- 2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO CON NEAE.**
- 3. OBXECTIVOS XERAIS E COMPETENCIAS BÁSICAS.**
- 4. MODALIDADES DE INTERVENCIÓN.**
- 5. METODOS PEDAGÓXICOS.**
- 6. RECURSOS.**
- 7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES, PROXECTO LECTOR E PLAN TICS.**
- 8. AVALIACIÓN.**
- 9. A MIÑA INTERVENCIÓN COMO PT.**
- 10. CONCLUSIÓN.**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO

O CPI de Xanceda atópase no concello de Mesía, está situado na cunca do río Tambre e pertence á comarca de Ordes na provincia de A Coruña.

É un C.P.I. (Centro Público Integrado), que acolle alumnos/as pertencentes aos concellos de Mesía (na maioría) e Frades, desde Educación Infantil de 3 anos ata 4º da ESO. Ademais incorpóranse os alumnos/as das escolas unitarias de Olas e Visantoña.

Os seus habitantes son galego falantes, case na súa totalidade. Os alumnos/as deste centro xeralmente optan por continuar estudos en Ordes ou en Curtis, e incluso en centros de A Coruña.

Con respecto ao Departamento de Orientación, está formado por catro persoas:

- Unha Orientadora definitiva.
- Unha AL definitiva e compartida con outros dous centros, polo que acode un día á semana a Xanceda.
- Unha PT provisional para a ESO que ten función de AL para Primaria.
- Unha PT definitiva para Ed. Primaria, neste caso eu en situación definitiva.

A programación actúa como elemento para favorecer a coordinación interprofesional, a reflexión sobre a práctica, a compensación e prevención de desigualdades para contribuír así a mellorar a calidade educativa.

MARCO LEXISLATIVO

-LOMLOE

-LOMCE

ED. INFANTIL:

Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.

DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

-EDUCACIÓN PRIMARIA (LOMLOE):

Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria. Ligazón

-EDUCACIÓN PRIMARIA (LOMCE):

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación

primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade.

- PROTOCOLOS ELABORADOS POLA CONSELLERÍA.

2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO CON NEAE:

Son a mestra de PT da etapa de Infantil e Primaria na que hai matriculados 105 alumnos. Nun principio e, tendo en conta os avances das avaliacións iniciais e informes, así como a opinión de titores/as e Orientadora atenderei a unha media de 13 alumnas/os (podendo variar o número ao longo do curso). Así mesmo, son membro do equipo de Biblioteca.

As NEAE a atender son as seguintes:

-1º de E.P: Alumno con certificado de discapacidade por TEA grado III con ausencia de comunicación, nulo control de esfínteres e necesidade de supervisión para todas as actividades. Este curso non concederon a praza de auxiliar técnica educativa (coidadora), a diferenza dos cursos pasados, polo que tamén nos encargamos de supervisar as tarefas de autonomía persoal e control de esfínteres.

- 1º EP: Alumno con dificultades graves de atención e maduración, con dificultades de aprendizaxe.

-1º EP: Alumno con dificultades por ritmo lento de aprendizaxe.

-1º EP: Alumno procedente do extranxeiro (marroquí) con descoñecemento das dúas línguas.

-Aula de 3º: Alumna con TEL, e con dificultades de aprendizaxe graves derivado a servizos médicos, alumna con informe de dislexia.

-Aula de 3º: Alumna con dificultades específicas na lectoescritura: dislexia

- Aula de 3º alumno con dificultades de aprendizaxe (dislexia), TDAH (medicado) e inmadurez na autonomía nas tarefas .

-Aula de 4º: Alumno con retraso no desenvolvemento e dificultades na comprensión escrita.

- Aula de 4ª: Alumna con dificultades na comprensión e expresión escrita.

- Aula de 4º: Alumna con TDAH e cadros de ansiedade, con dificultades específicas na

lectoescritura,

- Aula de 5º: alumna con dislexia.

-Aula de 5º: Alumno con TDAH , sen medicar (por negación da familia), con dificultades de aprendizaxe, sobre todo na área matemática

- Aula de 6º: Alumno con TEL e xordeira neurosensorial con dous audífonos e equipo FM, con problemas de comprensión e expresión oral e escrita.

- Aula de 6º: alumno con TDAH (medicado), TEA, un trastorno de comportamento asociado e dificultades de aprendizaxe.

- Aula de 6º: alumno con TDAH (medicado) e con problemas de aprendizaxe.

É **importante** ter en conta o carácter cambiante do horario de PT que, pode modificarse debido á incorporación de alumnado que agora mesmo está en proceso de valoración, ou por reaxuste de apoios para intentar ofrecer unha atención de maior calidade

3. OBXECTIVOS XERAIS E COMPETENCIAS BÁSICAS DO PROGRAMA:

Así os **OBXECTIVOS** globais da intervención serán:

- Favorecer as interaccións entre alumnos/as e alumnos-mestres.
- Establecer cauces de coordinación entre os diversos profesionais que interveñen cos alumnos con NEAE.
- Proporcionar aos alumnos unha resposta de calidade e axeitada que permita conseguir o seu máximo desenvolvemento tanto persoal como social.
- Adaptar a resposta educativa do alumnado con neae matriculado no noso centro.
- Planificar programas de intervención individualizados.
- Organizar tarefas desde distintos enfoques, que esixen flexibilidade cognitiva e non perseveración na resposta.
- Resolver problemas, xerando distintas solucións e non unicamente ensaio-erro como é habitual nestes nenos .

- Utilizar estratexias de resolución.
- Favorecer autoconceito e autoestima
- Relacionarse cos demais tanto para realizar actividades, traballos de grupo como para divertirse e compartir o lecer.
- Contar con programas de HHSS.
- Planificar actividades a través de proxectos baseados na experiencia e descubrimento.
- Facer un seguemento contínuo da súa evolución.
- Grupos de traballo reducidos.

Todos eles formulados para adquirir o logro das seguintes **COMPETENCIAS CHAVE**:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia dixital.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia de aprender a aprender.
- Conciencia e expresións culturais.
- Competencias sociais e cívicas.

4.MODALIDADE DE INTERVENCIÓN:

As sesión serán tanto dentro como fóra da aula ordinaria (cumprindo a normativa existente ao respecto), cun máximo de 4 alumnos por sesión.

Os criterios para organizar os tempos de apoio foron os seguintes:

1. Tipo de necesidades presentadas polos alumnos/as (Priorizando as necesidades graves e as existentes en cursos superiores)
2. Necesidades de algún alumno/a de recibir apoio en pequeno grupo.
3. Contar coa aprobación e colaboración do profesorado implicado.

4. Non solaparse co horario de atención da AL.

Ao alumnado con maiores necesidades dedicaráselle máis horas de atención individualizada.

5.METODOLOXÍA:

Seguirei os principios metodolóxicos xerais como son:

- Potenciar aprendizaxes significativas, funcionais e construtivas
- Partir sempre do nivel de competencias do alumno.
- Ter en conta o estilo de aprendizaxe do alumno para sacar o máximo proveito.
- Ter en conta o ritmo de aprendizaxe, así como o tempo de atención..
- Promover a aprendizaxe significativa e funcional.
- Basearnos na observación, a experiencia directa e o descubrimento autónomo.
- Priorízase a aprendizaxe que esté estreitamente relacionada co seu entorno e tamén a aprendizaxe por proxectos , tendo planificado para este ano: un proxecto dedicado aos insectos pao e aos países. Con todos estes proxectos traballaremos de xeito interdisciplinar priorizando as TICS e o traballo en equipo.

6.RECURSOS: .

Para o desenvolvemento desta programación utilizaremos os diferentes recursos e materiais de que dispoño:

- MATERIAIS: Pantalla táctil dixital, mesa de luz,PC, tablets, libros de texto, libros adaptado, fichas, xogos manipulativos., fichas HHSS, cadros de seguemento de condutas..
- PERSOAIS: grupo de iguais, a familia, titor/a, resto de membros do claustro, equipo directivo, orientadora, Auxiliar Técnica Educativa.
- ORGANIZATIVOS: horarios, reunións específicas de coordinación, aula PT, DO, outros espazos.

7.AVALIACIÓN

No proceso de avaliación interviremos todos os profesionais que participamos no proceso de ensino aprendizaxe.

A avaliación será global, continua, criterial, contextualizada, formativa e orientadora. Desenvolverase en diferentes momentos do proceso:

1. A avaliación inicial realizarase no mes de setembro para comprobar o nivel de competencias actual do alumno.
2. A avaliación procesual permitiranos realizar un seguimento de todo o proceso para poder introducir axústelos necesarios.
3. A avaliación final serviranos para realizar a valoración final do proceso, incluíndo os logros conseguidos e as propostas para as seguintes actuacións.

Basearémonos nos criterios de avaliación establecidos na programación de cada docente para a súa asignatura.

É importante avaliar a coordinación existente entre o profesorado que traballa con acneae.

Utilizaremos técnicas e instrumentos variados, adecuados ás nee do alumno:

Observación directa, follas de diario, portafolios de alumno e, no seu caso, actividades de control. É importante que sexamos constantes e sistemáticos no seguimento e avaliación

xa que desta forma poderemos interactuar máis eficazmente co alumno e co propio proceso.

De todo proceso avaliativo sempre xurden propostas de mellora, que teremos en conta ao longo do curso e de cara a vindeiros apoios.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES, PROXECTO LECTOR E PLAN TICS:

-Dende PT, apoiaremos e colaboraremos nas **actividades complementarias e extraescolares** que se organicen dende o centro, favorecendo así a inclusión e socialización. Máis concretamente buscaremos que o alumnado de PT esté familiarizado coa contorna, ppoida visitar espazos próximos e ter experiencias reais

como poder visitar unha biblioteca pública, o Concello, a farmacia ou o supermercado.

- Con respecto ao **Proxecto Lector**, tendo en conta a presenza de alumnado que emprega

pictogramas, dotouse á aula, á biblioteca e distintos espazos do centro de pictogramas informativos, así como o menú do comedor. Traballárase con libros adaptados a Sistemas Alternativos e Aumentativos da Comunicación e cos métodos de lectura, Lectura Fácil e Monfort. Tamén con libros que tratan a diversidade cun enfoque para idades máis temperás. A lectura e comprensión é fundamental no desenvolvemento das alumnas e alumnos, son obxectivos moi traballados desde a aula de PT.

- Con respecto ás TICS, na Aula de PT contamos cunha pantalla dixital independente onde realizar diferentes actividades educativas, xogos e visionado de videos.

9.A MIÑA INTERVENCIÓN COMO MESTRA DE PT:

O principal obxectivo é conseguir o máximo desenvolvemento de cada un dos alumnos e alumnas cos/coas que traballo poñendo para iso todos os medios e recursos necesarios pero sen renunciar a un entorno o máis normalizado posible, é dicir, coa máxima integración educativa e social, que garanta unha interacción axeitada co seu medio, ademais do seu desenvolvemento integral como persoa.

Desenvolverei as seguintes funcións:

- a. Participar como membro activo na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- b. Colaborar na detección, valoración e seguimento do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo.
- c. Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares de ser o caso. Este ano, non se prevé a elaboración de ningunha nin está ningunha en vigor.
- d. Intervir directamente co alumnado de necesidades educativas especiais, avaliando o proceso de aprendizaxe xunto co titor ou titora e os demais mestres.
- e. Informar e orientar aos pais, nais ou titores legais a fin de ensino-aprendizaxe a través da axenda, mail, teléfono ou persoalmente.
- f. Coordinarse con todos os profesionais que interveñen na educación do alumnado con necesidades educativas especiais

10.CONCLUSIÓN

Ao longo desta programación mantívose á máxima de que “é a escola quen debe adaptarse ao alumno e non o alumno á escola”. Unha vez coñecidas as necesidades, circunstancias e peculiaridades do noso alumnado é cando deseñamos a programación, sendo conscientes da necesidade de reorganizala según a evolución e actitude dos alumnos aos que atendemos.

É nese proceso educativo adaptado, onde participan todos os membros da comunidade educativa, sendo necesaria esa implicación para que saia adiante.

Xanceda, outubro de 2023.

Mariló Negreira Gerpe

Mestra de PT

ANEXO 14

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL AUDICIÓN E LINGUAXE

CURSO 2023/2024

ATENCIÓN A ALUMNOS/AS AUDICIÓN E LINGUAXE

Como obxectivo xeral propónse: **Desenvolver a Competencia en Comunicación**

Lingüística. No cadro seguinte concréta-se a miña labor para este curso.

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Estimular os aspectos vencellados a linguaxe.	Atención. Percepción. Auditiva e visual. Memoria. Imitación. Relaxación. Ritmo. Comunicación non verbal. Intención comunicativa.	Manter os procesos básicos de atención, percepción, memoria, imitación, relaxación e ritmo.	Coñece na medida do posible a estrutura e funcionamento do corpo para realizar (manifestacións corporais, imitacións, xestos, signos..) Presta atención a diversas informacións que se transmiten. Utiliza os recursos expresivos do corpo e o movemento, sensacións (agradables, desagradables) e emocións. Escoita con atención ou reproduce esquemas rítmicos coa voz ou co corpo.	CCL CAA CSC CSIEE CCEC CSC CAA CSIEE CCEC
Adestrar as bases anatómicas e	Audición. Fonación.	Ter unha	Recoñece os sons do propio corpo, do contorno (sons do timbre, ruído) e social. Emite mensaxes con ton,	CCL

funcionais da linguaxe.	Respiración. Sopros. Praxias. Discriminación auditiva.	respiración, fonación e sopros axeitados.	timbre, intensidade e duración axeitadas, segundo as características do alumno/a. Acadou a respiración costodiafragmática. Realiza praxias, sopros. Discrimina os sons do corpo humano e da contorna: escola, casa, fenómenos atmosféricos.	
Adquirir, integrar e xeneralizar o sistema fonolóxico.	O sistema fonolóxico.	Emitir os distintos fonemas da nosa lingua.	Emite os fonemas da nosa lingua, dependendo das súas características. Integra a articulación a linguaxe espontánea.	CCL
Aumentar o nivel morfosintáctico. Ampliar o campo léxico e semántico.	A palabra. A frase. Vocabulario. Seguimento de ordes orais.	Expresarse de forma oral en distintos contextos con vocabulario axeitado e secuencias coherentes. Adquirir vocabulario básico. Ampliar o vocabulario a partir de distintas	Realiza frases de forma coherente. Emprega e coñece o vocabulario dos centros de interese da aula, e do seu entorno. Comprende e executa ordes.	CCL CSIEE CCL

		<p>experiencias.</p> <p>Desenvolver a capacidade interpretación e seguimento de ordes orais.</p>		
<p>Desenvolver os aspectos pragmáticos.</p>	<p>Funcións da L.Deíxis</p>	<p>Expresase de forma oral ou non verbal en diferentes situacións.</p> <p>Emprega de forma axeitada as formas socialmente establecidas para relacionarse cos demais.</p>	<p>Exprésase de forma oral ou non verbal na aula, no recreo, no comedor.</p> <p>Emprega de forma axeitada as formas socialmente establecidas para relacionarse cos demais, saúdo, despedida, fórmulas de cortesía.</p>	<p>CCL</p> <p>CSIEE</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p>
<p>Consolidar a comprensión lingüística.</p>	<p>Compresión.</p>	<p>Prestar atención cando se dirixen a el /ela.</p> <p>Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integralo. na produción propia.</p>	<p>Presta atención cando se dirixen a el/ela.</p> <p>Escoita e comprende contos ,relatos.</p> <p>Reproduce contos, poemas, cancións.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>
<p>Promover a comunicación oral.</p>	<p>Comunicación oral.</p>	<p>Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou</p>	<p>Relata situacións e experiencias persoais sinxelas.</p> <p>Participa nas situacións</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>

		espontáneas, respectando a quenda de palabra.	comunicativas da aula, gardando a quenda de palabra.	
Promover o desenvolvemento da lectoescritura.	Lectura. Escritura.	Mostrar interese e gusto pola lectura. Progresar na adquisición do hábito lector. Relacionar códigos verbais e non verbais.	Amosa interese polas imaxes dos libros. Progresar na adquisición do hábito lector. Relaciona códigos verbais e non verbais.	CCL CAA CD CCL

METODOLOXÍA PRESENCIAL.

Como mestra itinerante , acudo un día a semana ao CPI de Xanceda, concretamente os venres.

Atendo as necesidades específicas de apoio educativo relacionadas coa área da comunicación e a linguaxe, de maneira individualizada ou en pequenos grupos.

En Xanceda,

Outubro de 2023.

▪ ANEXO VII

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia nos axuda ao Centro e a toda a Comunidade Educativa a seguir uns pasos común para mellorar a convivencia positiva entre toda a Comunidade.

Todas as acción concretadas no plan anual irán encamiñadas a este obxectivo: o bo funcionamento no Centro e coñecemento por parte de toda a Comunidade Educativa do Plan de Convivencia.

Acción/Actuación	Responsable	Temporalización e Recursos	Indicadores de logro/Criterios de avaliación
Revisión nos departamentos/equipos, CCP e claustro das normas incluídas no plan.	Todo o claustro	Todo o curso	Informes
Cumprimento das normas por parte do profesorado, con independencia de que sexa ou non titor, a todo o alumnado do centro naquelas situación que o requiran.	Dirección	Todo o curso	Memoria final e informes trimestrais
Colaboración co profesorado na implantación das normas establecidas para o adecuado funcionamento dos servizos.	Todo o claustro	Todo o curso	Memoria final de curso
Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia	Comisión de convivencia e consello escolar	Todo o curso	Informes trimestrais. Memoria final de curso
Promover encontros, conferencias e obradoiros para toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.	Orientación e Dirección	Todo o curso	Memoria final de curso
Vixiar as zonas común e mellorar as zonas de ocio	Todo o claustro e nais colaboradoras	Todo o curso	Informes trimestrais de convivencia
Organizar o centro de forma respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión	Todo o claustro	Todo o curso	Informes trimestrais de convivencia

ANEXO VIII

AVALIACIONES DE DIAGNÓSTICO

- Dado que no presente curso completouse a implantación en todos os cursos da nova lei educativa, LOMLOE, esta contempla dúas avaliacións de diagnóstico: en 4º de Educación Primaria e en 2º de ESO (artigos 21,29,144), para avaliar a competencia lingüística e matemática. Seguiremos as instrucións da Administración Educativa para levalas a cabo, se procede.

ANEXO XIX

PREVISIÓN DO CALENDARIO DE REUNIÓN

Calendario orientativo de reunións...2023/2024

CCP- unha reunión mensual, co seguinte calendario orientativo

- 08/09/23
- 18/10/23
- 14/11/23
- 12/12/23
- 18/01/24
- 16/02/24
- 14/03/24
- 10/04/24
- 08/05/23
- 28/06/23

CLAUSTROS- calendario orientativo

- **08/09/23**
- **20/10/23**
- **18/01/24**
- **10/04/24**
- **28/06/24**

CONSELLOS ESCOLARES

- **08/09/23-** Ordinario. Aprobación menú, colaboradores de comedor. Aprobación participación programas educativos. Información organización curso. Solicitud de días non lectivos
- **23/10/23-** información e aprobación da PXA
- **Antes das vacacións de Nadal-** aprobación de menús do 2º trimestre

- **22/01/24: Ordinario: informes de 1º trimestre, contas anuais do centro y 1º trimestre comedor**
- **La penúltima semana de marzo reunión extraordinaria para aprobar menús 3º trimestre**
- **15/04/24: Ordinario, informes 2º trimestre + contas comedor 2º trimestre**
- **28/06/24: Ordinario: tercer trimestre: fin de curso, contas do comedor, informes finais e memoria.**

Ademais celebraranse as reunións de claustro e consello escolar extraordinarias, que poidan necesitarse, para tratar asuntos que precisen de aprobación urgente.

ANEXO X

TAREFAS EXTRAESCOLARES

- Con data 1 de decembro de 2016, en reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o CPI de Xanceda estipula un acordo de centro no referente ás tarefas que o alumnado realiza na casa. Tal e como se indica no artigo 5 da Lei Orgánica de Mellora de Calidade da Educación, sobre a autonomía pedagóxica dos centros.
- Faise a diferenza entre o traballo que o alumnado realiza na aula e o traballo que o alumnado realiza na casa e ten en consideración o feito de que o alumnado ten a obriga de estudar diariamente.
- Considéranse tarefas extraescolares a aqueles traballos complementarios, de reforzo e afondamento ás actividades que se realizan na aula. Polo tanto, aquel traballo que deben realizar na aula e non é rematado, non se considera tarefa extraescolar.
- Tal e como se indica no Decreto 105/2014, na Disposición Adicional terceira:
 - Tarefas extraescolares
 - 1. Os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de maneira que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

▪ 2. No caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de ocio do alumnado. Ao mesmo tempo, fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e autonomía, na liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

▪ **EDUCACIÓN PRIMARIA**

- **1º EP:** O alumnado realizará como máximo dúas fichas diaria e lectura.
- **2º EP:** - 2 exercicios na libreta de Matemáticas- Lingua Castelá- Lingua Galega, ou exercicios de repaso nos caderniños de Matemáticas- Lingua Castelá, ou unha ficha de repaso de contados dalgunha destas áreas. Unha pequena tarefa de investigación para as áreas de Ciencias Sociais ou de Ciencias da Natureza.
- **3º EP:** O alumnado de terceiro levará para a casa actividades do libro, fichas ou labores de investigación na natureza ou en diversas fontes, tendo en conta que as tarefas non poderán exceder os 20 minutos aproximadamente. Isto poderá complementarse con lecturas. Terase en conta que as tarefas que se encomenden para a casa por non ser realizadas polo alumnado durante as clases non se consideran como extraescolares.
- **4º EP:** O alumnado de cuarto levará para a casa actividades do libro, fichas ou labores de investigación na natureza ou en diversas fontes, tendo en conta que as tarefas non poderán exceder os 20 minutos aproximadamente. Isto poderá complementarse con lecturas. Terase en conta que as tarefas que se encomenden para a casa por non ser realizadas polo alumnado durante as clases non se consideran como extraescolares.
- **5º EP:** O alumnado realizará como máximo 10 exercicios ó día.
- **6º EP:** O alumnado realizará como máximo 10 exercicios ó día.
- **Música de primaria-** a partir de 3º de primaria, practicar 20/30 minutos á semana co instrumento traballado na clase.
- **Inglés primaria** - 3 actividades de reforzo e/ou consolidación de comprensión e/ou expresión escrita, para todos os cursos de primaria.

- **EDUCACIÓN SECUNDARIA**
- Terase en conta o número de sesións das materias en cada curso.
- **MATEMÁTICAS:**
 - Para todos os cursos de ESO
 - O alumnado realizará como máximo 4 exercicios ó día. Ademais, cada 15 días entregará un boletín de exercicios.
- **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA:** o alumnado realizará como máximo 3 exercicios ó día.
- **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA:** o alumnado realizará como máximo 6 exercicios ó día como tarefas relativas ó reforzo dos contidos vistos na aula. Ademais, para cada unidade didáctica farase unha ficha que contará para a nota de cada avaliación e servirá para reforzar os contidos de cara o exame, así como unha actividade ou dous de ampliación que se exporán e enviarán pola aula virtual para a súa corrección (e contará tamén para nota da avaliación).
- **XEOGRAFÍA E HISTORIA:** Unha folla de tarefas con 10 actividades por semana.
- **LINGUA GALEGA E LITERATURA:** o alumnado realizará como máximo 4 exercicios ó día.
- **TECNOLOXÍA:** o alumnado realizará como máximo 2 exercicios ó día.
- **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL:** o alumnado realizará como máximo 2 exercicios ó día.
- **FÍSICA E QUÍMICA:** o alumnado realizará como máximo 4 exercicios ó día.
- **PORTUGUÉS:** o alumnado realizará como máximo 4 exercicios ó día.
- **INGLÉS:** o alumnado realizará como máximo 5 exercicios ó día.

O límite de tarefas para a casa detalallado anteriormente foi revisado na reunión de CCP do día 18 de outubro de 2023, e posteriormente as titorías, especialidades e departamentos achegaron os límites de tarefas para a casa.

ANEXO XI

PLAN DE IGUALDADE- Elaborado polo Departamento de Orientación en colaboración coa dirección do centro e aprobado en Claustro e Consello Escolar con data 5 de novembro de 2019

PLAN DE IGUALDADE CPI XANCEDA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. XUSTIFICACIÓN LEGAL
3. CONTEXTUALIZACIÓN
4. OBXECTIVOS
5. ACTUACIÓNS
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A lexislación comunitaria en materia de igualdade de xénero constitúe a base fundamental da política de igualdade de oportunidades en Europa.

Na mesma liña, a Constitución española promulga que somos iguais ante a lei, e aínda que desde hai anos a normativa vixente ampara a igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación por razón de orientación afectivo-sexual e identidade de xénero, esta non se reflicte en todos os ámbitos sociais, e, polo tanto, tampouco na escola.

Aplicar o Plan de Igualdade nun centro educativo é unha tarefa complexa que abrangue moitos ámbitos e aspectos distintos. Pero o obxectivo fundamental que debemos marcarnos é mover ó conxunto da comunidade educativa a reflexionar sobre os prexuizos nos que

todos e todas fomos enculturadas e que nos seguen transmitindo toda a nosa contorna, a familia, os medios de comunicación, etc. Estes prexuizos sexistas e LGBTIfóbicos (rexeitamento que sofre o conxunto do colectivo de persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais) constitúen a base de condutas discriminatorias que poden culminar en situacións de violencia de xénero, acoso escolar homofóbico e delitos de odio. Por tanto é fundamental deseñar actividades que consigan que tanto o profesorado como o alumnado se expoñan a devanditos prexuizos, adquiran un maior coñecemento e concienciación sobre a igualdade de xénero e respecten a diversidade afectivo-sexual, a diversidade familiar e as diversas identidades de xénero, que modifiquen as súas condutas, e así fomentar a participación, e o exercicio da cidadanía como instrumentos imprescindibles para o libre e digno desenvolvemento humano.

Entendemos a igualdade como unha relación de equivalencia, no sentido de que todas as persoas teñen o mesmo valor, e, precisamente por iso, son iguais. A defensa da igualdade de dereitos entre homes e mulleres parte do principio de que as mulleres, como cidadás, deben ser libres coma os homes á hora de decidir e exercer papeis sociais e políticos.

Por todo isto este documento vai constituírse como un documento pragmático a través do cal se recollan as medidas de acción positivas para abordar a promoción da

igualdade de xénero entre homes e mulleres, e para sensibilizar, previr e intervir fronte a violencia machista, que inclúe, a violencia de xénero e a LGBTIfobia.

2. XUSTIFICACIÓN LEGAL

A.L.O.M.C.E.

A lei orgánica 8/2013, de 3 maio, de Educación contempla en varios apartados da igualdade entre homes e mulleres. Vexamos a continuación algúns deles:

Non seu preámbulo establece que só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva ó máximo as súas potencialidades.

O artigo 1 establece que o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

No artigo 17.d “Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade”. *Este é un dos obxectivos que se pretenden en Ed. Primaria.*

Outro obxectivo, neste caso para a Educación Secundaria Obrigatoria, atópase contemplado no **Artigo 23. c** “Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”.

No Artigo 66.3.g contéplase “Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, así como analizar e valorar criticamente as desigualdades entre eles”.

No Artigo 78. Normas de organización, funcionamento e convivencia: “Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, na orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro”.

No Artigo 84.3 “En ningún caso haberá discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”

No Capítulo III, sección primeira, o Consello Escolar, podemos atopar os seguintes artigos relacionados con este tema:

Artigo 126.2 “Unha vez constituído o Consello Escolar do centro este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”.

No Artigo 127.g “Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos entre todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social”.

A igualdade garante o respecto ós dereitos fundamentais de todos e todas e contribúe a unha sociedade máis xusta, tendo o sistema educativo un papel moi importante no asentamento deste principio desde os primeiros niveis de escolarización.

No proxecto educativo de centro contemplaranse medidas para promover a igualdade de xénero xa que os Proxectos educativos deben potenciar a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas, entre os e as adolescentes, sexa cal sexa a súa condición. **A finalidade destes proxectos é educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual, e previr as súas consecuencias.**

Isto fai necesario a aplicación de medidas individuais e colectivas encamiñadas a promover a igualdade de oportunidades, e, por tanto, asentar as bases para conseguir un **centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todos e todas teñan o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.**

3. CONTEXTUALIZACIÓN

O centro atópase no concello de Mesía (entorno rural), situado na cunca do río Tambre e pertence á comarca de Ordes na provincia de A Coruña. Conta cunha superficie de 107,07 km², dividida en 12 parroquias, 11 dentro do termo municipal e unha, Bruma, situada fóra del. O concello de Mesía conta cunha poboación de 2700 habitantes segundo o último censo (2016). O núcleo máis poboado de todo o Concello é Visantón. O centro administrativo é Xanceda. Estamos a falar dunha poboación dispersa, que nos últimos anos está experimentando un leve incremento debido a que o número de nados é superior ao número de defuncións.

A actividade económica do Concello de Mesía está dominada polo sector primario e é o subsector pecuario o que marca as pautas paisaxísticas e do aproveitamento. A principal economía deste concello é a gandería. Con máis de 354 explotacións agropecuarias censadas, Mesía é un dos concellos da provincia da Coruña con maior número de cabezas de gando vacún, total de bovinos 12.762 (Datos período 2012 do Instituto Galego de Estatística). É preciso destacar a alta mecanización que se está a levar a cabo no sector, que cada vez é máis competitivo e ten mellores rendementos.

As principais industrias deste concello son as industrias cerámicas, que explotan un abundante recurso que existe na zona, o barro, e dedícanse á fabricación de tella curva e de ladrillo.

A actividade económica do concello completárase cunha serie de pequenas e medianas empresas, entre as que cabe salientar as dedicadas á fabricación de mobles, estruturas metálicas, elaboración de pan e repostería, derivados lácteos e outras pertencentes ao sector servizos.

A casa do Concello está situada no "Campo das Mentiras", na parroquia de Xanceda. É a institución encargada do mantemento do Centro. O Concello conta con Biblioteca Municipal, a través da que se realizan cursos de animación á lectura, informática, teatro, Aula Informática, Auditorio e ten contacto permanente co centro para a realización de actividades. A meirande parte da poboación emprega como lingua de comunicación o galego.

O centro está situado na parroquia de Xanceda, no concello de Mesía. É un C.P.I. (Centro Público Integrado), que acolle alumnos/as pertencentes ós Concellos de Mesía (na maioría) e Frades, desde Educación Infantil de 3 anos ata 4º da ESO. Ademais incorpóranse os alumnos/as das escolas unitarias de Olas e Visantofña.

É un centro de 11 unidades que corresponden a:

- *2 unidade de Educación Infantil.*
- *5 unidades de Educación Primaria.*
- *4 unidades de Educación Secundaria.*

Finalmente engadir que o centro participa nos seguintes programas:

- **PLAMBE**
- **Proxecto de Normalización Lingüística**
- **Contratos-programa**
- **Plan Proxecta**

4. OBXECTIVOS

4.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Descubrir nas experiencias diarias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a igualdade de posibilidades e a equivalencia de achegas dos homes e mulleres.
- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.

- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.
- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.
- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- Implicar ós pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo- sexual e familiar.
- Sensibilizar ó profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais o lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, empezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, o Regulamento de Réxime Interno e o Plan de Acción Tutorial.

4.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

❖ **Alumnado:**

- Facer reflexionar ó alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles por condicións de sexo.
- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ó seu titor ou titora, ó Departamento de Orientación ou ó Equipo directivo de situacións de violencia verbal o física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.
- Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara as mozas e os mozos.
- Estudar o perfil laboral de varias profesións, sobre todo, das ofertadas polo centro educativo, e reflexionar sobre a posibilidade de que calquera persoa poida desempeñar con total normalidade os traballos con independencia do seu sexo ou xénero.

❖ **Profesorado:**

- Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Reflexionar sobre a nosa práctica e os nosos prexuízos, mitos ou falsas crenzas baseadas no sexismo e na homofobia, presentes na nosa propia educación, que poidan influír no noso alumnado, e que poidan ser modificadas.
- Eliminar a presunción de heterosexualidade e de xénero das persoas que compoñen a comunidade educativa e das familias.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGTBI, visibilizando o rexeitamento de toda discriminación por motivos de orientación afectivo- sexual, diversidade familiar e identidade de xénero.
- Responder inmediatamente ós comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas

feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGTBI presentes. O silencio e a pasividade reforzan os comportamentos e actitudes de acoso sexista, homófobico e transfóbico.

- Fomentar a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.

❖ **Familias:**

- Reflexionar coas súas fillas e fillos sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero e da liberdade na elección da identidade de xénero e da libre orientación afectivo-sexual.
- Repartir de forma xusta e equilibrada as tarefas domésticas entre os diferentes membros da familia.
- Permitir que as fillas e os fillos teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten.
- Asimilar os perfís profesionais de distintas profesións e axudar a orientar ás súas fillas e fillos independentemente do sexo.
- Fomentar a participación e paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.
- Promover e impulsar medidas educativas que fomenten o respecto pola diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Dinamizar que se favoreza a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

5. ACTUACIÓNS

A continuación detállanse as accións que se levarán a cabo segundo os diferentes ámbitos de actuación:

1. Actividades de diagnóstico:

- Realizar un breve diagnóstico do centro para coñecer o grao de sexismo no centro escolar e introducir cambios que promovan unha maior igualdade entre homes e mulleres. As liñas de análise poden ser as seguintes:

A porcentaxe de:

- Profesoras/es
 - Xefas/es de departamento
 - Titoras/es
 - Persoal da limpeza homes/mulleres
 - Equipo directivo homes/mulleres
 - Consello Escolar homes/mulleres
-
- Realizar un diagnóstico, utilizando unha serie de indicadores observables e contrastables, que facilite o coñecemento das experiencias e percepcións da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero e da contorna de convivencia do centro por parte do profesorado e do alumnado.
 - Analizar se existe un apartado específico sobre atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero, familiar e de loita contra a homofobia e a transfobia nos documentos oficiais do centro, isto é, no Proxecto Educativo, no Plan de Convivencia, no Regulamento de Réxime Interno e no Plan de Acción Titorial, con medidas para a sensibilización, prevención, detección e eliminación de toda manifestación de discriminación, dirixidas á toda a comunidade educativa.
 - Analizar se existe un protocolo en caso de acoso por homofobia e transfobia accesible, efectivo e integral.
 - Detectar posibles situacións de homofobia e transfobia que poidan darse dentro da comunidade educativa, utilizando unha serie de indicadores tales como: indicadores para detectar ó alumnado que é vítima ou acosadora no recinto escolar por homofobia e transfobia; farase extensivo ao persoal docente e non docente e ás familias.
 - Analizar se se fomenta a formación sobre diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero a todo o persoal do centro así como ao alumnado e se se ofrece información ás familias.
 - Determinar se todo o persoal docente e de orientación sabe cómo previr e actuar ante situación de acoso escolar homofóbico e transfóbico.
 - Analizar se se celebran efemérides específicas como o 17 de maio, Día Internacional contra a LGBTIfobia ou unha semana da diversidade afectivo-sexual e de identidade de xénero.

- Analizar se existen docentes, familias ou alumnado LGBTI que se fagan visibles como tales no centro.
- Analizar se os carteis e imaxes colgados nos corredores o taboleiros das aulas así como os materiais didácticos que se utilizan no centro mostran a diversidade étnica, corporal, relixiosa, afectivo-sexual e de expresión de xénero.
- Analizar se o equipo directivo, o claustro e o Consello Escolar fomentan a relación entre o centro e persoas expertas ou organizacións LGBTI, por exemplo, celebrando actividades específicas (xornadas, sesións de titoría, talleres, charlas...) xunto a elas.
- Analizar se existen materias no currículo con contidos relacionados co acoso escolar por homofobia e transfobia.
- Analizar se existe documentación e materiais de libre acceso de temas de diversidade de orientación afectivo-sexual e de identidade de xénero.

2. Adopción de medidas:

Realizado un diagnóstico previo, adoptáranse medidas encamiñadas a favorecer a igualdade e a non discriminación por diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.

Estas medidas, en función do diagnóstico previo, poderían ir na seguinte liña:

- Medidas organizativas de centro:
- Establecer medidas de igualdade e de atención a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar nos documentos de organización do centro: Proxecto Educativo do Centro, Regulamento de Réxime Interno, Plan de Convivencia e Plan de Acción Tutorial.
- Implantar a paridade na elección a delegados/as do alumnado, mediante a figura do codelegado e da codelegada.
- Intentar lograr a paridade nos órganos de dirección do centro e nas xefaturas dos departamentos didácticos.
- Posuír un taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar
- Favorecer un uso da linguaxe non sexista nin heterosexista:
 - Usar a linguaxe inclusiva no centro e na aula, na medida do posible.
 - Revisaranse e modificaranse, se procede, todos os documentos do centro, para incorporar unha linguaxe non sexista nin que presupón a

heterosexualidade da comunidade educativa nin das familias.

- o Revisión da linguaxe utilizada na aula e o que aparece nos libros, eliminando, o sexismo e a LGBTIfobia onde os haxa.
- Elaborar un protocolo de intervención en caso de acoso escolar por homofobia e transfobia entre o alumnado.
- Crear un Comité Escolar da Diversidade que conte coa presenza e representación de todos os membros da comunidade educativa.
- Propor en todas as aulas unha Asemblea de Convivencia na que se debata e reflexione sobre o cumprimento das normas de convivencia, as relacións entre o alumnado da clase e calquera problemática que poida xurdir tanto na clase coma no centro
- Fomentar a presenza de referentes positivos de diversidade afectivo-sexual, familiar e de xénero no centro educativo, apoiando a visibilidade da comunidade LGBTI se o considera pertinente e poida así converterse nun referente próximo para toda a comunidade educativa.

3. Medidas de concienciación

- Facilitar material de apoio e de recursos didácticos para que os/as titores/as e profesores/as poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.
- Promover a libre elección dos estudos sen que exista ningún condicionante de sexo ou xénero ao hora elixir as ensinanzas, sobre todo as de carácter profesional, que son as máis sesgadas polo sexo ou xénero.
- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero e contra a violencia sexista.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa LGBTIfobia coa Asociacións correspondentes.
- Organizar a celebración da Semana da Diversidade con diferentes actividades formuladas polo Comité Escolar da Diversidade.
- Organizar actividades en efemérides concretas, tales como o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia cara á Muller; o 8 de marzo, Día da Muller; o 26 de abril, Día da visibilidade Lésbica; o 17 de maio, Día Internacional contra a

Homofobia e Transfobia, etc.

- Promover que as actividades que se realicen no centro teñan en conta a perspectiva do xénero a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar: o día das Letras Galegas, o Día da Paz, etc.

- **6. METODOLOXÍA**

Teranse en conta os seguintes principios:

- Partir da realidade do centro.
 - É importante ter en conta a realidade que envolve ó centro, coñecendo o contexto social que envolve ó alumnado.
- Participación.
 - A coeducación e o respecto pola diversidade non é tarefa dunha soa persoa senón de moitas e é necesario que exista unión entre toda a comunidade educativa.
- Partir de situacións compartidas:
 - Traballar en coordinación con asociacións, institutos da contorna.
- Gozar.
 - Non queremos que a coeducación e o respecto pola diversidade sexa unha área a parte, senón que sexa un valor implícito nas distintas materias impartidas.
- Respetar:
 - O diálogo será a base do respecto.
- Traballar en equipo:
 - Un dos elementos fundamentais que inciden na eficacia da intervención coeducativa o de respecto pola diversidade é o que se deriva da coherencia entre propostas do profesorado e os comportamentos cotiáns. Dificilmente se pode transmitir ao alumnado unha visión integradora se non traballamos en equipo coordinados.
- Revisar o traballo:
 - Realizarase revisións periódicas do Plan de Igualdade, así como do noso

traballo.

7. CRITERIOS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN

A avaliación terá carácter continuo e avaliaremos se os obxectivos propostos en cada actividade se conseguiron ou non.

Avaliarase a participación activa de toda a comunidade educativa.

Elaboraremos unha memoria final, onde se recollerán o grao de adquisición das finalidades e obxectivos marcados.

Así mesmo avaliarase a coordinación entre o profesorado, o grao de participación de axentes externos (asociacións, familias...), a consecución de obxectivos, os materiais empregados, a actitude do alumnado, a implicación do claustro en materia de Igualdade...

Os instrumentos empregados serán: a observación, a enquisa inicial onde se recollan actividades propostas dos alumnos, os cuestionarios finais de cada actividade coa fin de valorar o grao de consecución, etc.


8. RECURSOS

- Persoais: titores/as, Equipo docente, Departamento de Orientación, Departamentos Didácticos, representantes do Consello Escolar, Axentes externos, Familias,...
- Materiais: Material funxible, vídeos, música, lecturas.

En Xanceda, a 4 de novembro de 2019

Esta Programación Xeral Anual foi informada, e aprobada no Claustro do Profesorado de data 20 de outubro de 2023; e informada, avaliada e aprobada no Consello Escolar de data 23 de outubro de 2023


A DIRECTORA



Asdo: María Sanjurjo Moar



A SECRETARIA



Asdo: Sandra Irene Irsheid Barros